

Alameda
nº 17



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados tódolos dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:
Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email:
infomacion@liceodenoiia.com
www.liceodenoiia.com

COORDINADOR:
Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:
Xosé Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
Mª Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

GRAVADO CAPA:
V. Estalote

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:
Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
Ramón Blanco Fernández

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



Restas festas de Nadal, diríxome a tódolos sres./sras. socios do Liceo, coa finalidade de presentarles o novo número da revista Alameda, e aproveito a ocasión para comunicarles a obrigatoriedade de adaptar o noso antigo regulamento, de acordo coa Lei Orgánica 1/2002 (B.O.E. de 26-03-02), segundo a Disposición Transitoria única do Real Decreto 1497/2003, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Por este motivo o Liceo celebrou o 3 de maio de 2004 unha Asemblea Xeral Extraordinaria coa finalidade de levar a cabo a modificación dos Estatutos. Con data 25 de outubro a Xunta de Galicia, Consellería de Xustiza, resolve:

“Inscribi-la modificación dos Estatutos da Sociedade Liceo e visa-los novos aos efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución”.

E como non pode ser doutra forma a Xunta Directiva que teño o orgullo de presidir deséalles un bo nadal e un próspero ano 2005.

Xosé Moas Pazos
Presidente

1
Alameda


Sumario

Axenda	2
Cándido M. Prego Rajo	
Entrevista	5
Miguel Fernández Pestonit Pepe da Roca	
O mar	8
A goleta América unha unión de esforzos	
Xosé Agrelo Hermo	
Historia	11
A revolución do viaduto e os dous cabalos da lúa	
Xerardo AgraFoxy	
Xeografía	19
O Malecón de Gasset	
Pedro García Vidal	
Pinceladas sanitarias	25
Incontinencia urinaria	
Víctor Vez Vilar	
Cancións de Noia	28
Prudencio Romo	
Noia C.F.	
Tempada 1960/61	29
Ricardo Güeto	
Catastro e fiscalización	33
Manuel Ces Canle	
Lección cero:	
As grandes preguntas	38
X. Ricardo Losada	
Un poeta de Ribeira do século XIX edita un libro en Noia en 1881	42
X. Pastor Rodríguez	
Noia e as súas xentes no alborear do século XX	46
Alfonso González Asenjo	
Vietnam	55
Agustín Agra Barreiro	
A flor da boca	63
Anxo Rei Ballesteros	
Os termos rimbombantes dos pseudograndilocuentes	70
Luis M. Vidal Molina	
Poesía	74
A mi padre - mi amigo	
Joaquín González Fernández	
Noia en branco e negro	75
Roque Gallardo	
Os nosos libros	76
Xerardo AgraFoxy	



Axenda

Cándido M. Prego Rajo



dia 9 de Outubro, os alumnos/as de Baile Galego e compoñentes da Directiva do Liceo, despedimos á súa monitora MONTSE RIVERA CRESPO, do Grupo de Cantareiras “Leilía”, que durante doce anos dirixiu con gran dedicación esta Sección. No mesmo acto tomó o relevo o novo monitor ESTEBAN GÓMEZ LAMAS, que prometeu traballar arreo para que non se note a marcha de Montse. Pola súa banda Montse manifestou que, por motivos de traballo, sentía deixar o Liceo onde sempre se encontrou moi a gusto, tanto cos alumnos como coa Directiva. No nome desta, o Secretario, Sr. Prego, agradeceulle a súa colaboración co Liceo para a mellor difusión do folclore galego, durante a cal se incrementou o vestiario en gran maneira, gravouse o CD “Esta noite hai un serán”, ademais de editarse un díptico, todo isto coa inestimable colaboración do Grupo de Pandereteiras e Gaitas do propio Liceo, pasando a denominarse dende aquela data “Grupo de Baile A Subela”. Finalizado o acto, todos tomamos un refresco na cafetería.



Como informamos no número 15 desta Revista, curáronse á Consellería de Xustiza e Interior da Xunta de Galicia (Delegación Provincial de A Coruña) os novos Estatutos da Sociedade Liceo, que foron aprobados e inscritos na mesma, devolvendo un exemplar conformado. En consecuencia, co programa dos festivais de nadal, xuntámoslle un exemplar dos mencionados Estatutos, cuxa impresión foi financiada por Gráficas Sementeira, a quen lle agradecemos a súa colaboración. Tamén se curaron cartas ás socias viúvas, con obxecto de que antes do 1º de Xaneiro próximo regularicen a súa situación.



Dª. VICTORIA OSÉS SÁNCHEZ, alumna da Escola de Gravado desta Sociedade Liceo, vén de ser seleccionada no CERTAMEN DE ARTE GRÁFICO PARA JÓVENES CREADORES, celebrado recentemente en Madrid. Reproducimos a continuación a Acta do Xurado que concedeu os premios, e a páxina onde aparece a obra seleccionada. Os nosos parabéns para esta alumna, así como á propia Escola de Gravado e o seu Director Alfonso Costa.

**Acta de los acuerdos tomados por el Jurado
del Certamen de Arte Gráfico para Jóvenes Creadores 2004**

Reunido el Jurado del Certamen de Arte Gráfico para Jóvenes Creadores 2004, convocado por la Calcografía Nacional, Fundación Casa de la Moneda y Fundación CEIM. Con la colaboración de la Fundació Pilar i Joan Miró a Mallorca, la Asociación gremial de empresarios de artes gráficas y manipulados de papel de Madrid, Spanair, Hispanart.com y Estampa. Salón internacional del grabado y ediciones de arte contemporáneo, acuerda por unanimidad:

1. Premiar las obras de NURIA BLANCO MORALES, BREZA CECCHINI RIU y FERNANDO CLAVERÍA GONZÁLEZ
2. Otorgar el Premio a la Ilustración Gráfica Fundación CEIM a ISABEL LUCENA GÓMEZ
3. Conceder mención de honor a MIGUEL SOLER NÚÑEZ
4. Seleccionar las obras de los siguientes artistas:
Javier Abad Alonso, Miguel Abío Ruiz, Irma Álvarez-Laviada García, Javier Aranguren Ispizua, Roberto Arce Paulino, Jeffery William Barrera, Carlos Bayo Vázquez, Eugenia Carranza Talavante, Ignacio Dávila Golmayo, Carmen Fernández de Palencia, Laura Lache, Almudena Lobera Calzado, Víctor Manuel López Aguado, Carla Irma Mancini, Javier Martínez Zancada, Victoria Osés Sánchez, Mar Prat Fontana, Emilio Ramos Arana, Carlota Ríos Sánchez, José Luis Romero Ramírez, Jesús Manuel Rubio Merino, Enrique Rueda Temero, y Marta Sanz López.

En Madrid, a 1 de junio de 2004

VICTORIA OSÉS SÁNCHEZ
Lugo, 1936
Sociedad Liceo de Noia (A Coruña).

Atrache en Nueva York, 2003
Una lámina de zinc de 240 x 240 mm.
Aguafuerte.
Papel Súper Alta de Guarno de
436 x 380 mm.
Estampado en el taller de la Sociedad
Liceo de Noia (A Coruña).




PARABÉNS

Dende estas páxinas da revista Alameda, queremos achegar os nosos máis ledos parabéns a dous dos nosos habituais colaboradores que engrandecen coa súa firma esta modesta publicación, polos premios obtidos coas súas últimas creacións:

A Ramón Carredano Cobas, membro ademais do Consello de Redacción desta revista, polo seu relato *A unlla da aguia*, unha historia sobre a ocupación francesa da vila de Noia, que resultou ser a obra gañadora do “III Certame de Relato de Aventuras Avilés de Tara-

mancos 2004”, convocado polo Concello de Noia e organizado pola revista *Casa da Gramática*. Con esta obra, Carredano obtén por segunda vez o mencionado premio, confirmando por partida dobre a súa consistencia como escritor e a súa facilidade para crear historias que engaiolan.

A Xerardo Agrafoxo Pérez, que logo da súa feliz incursión no mundo da ficción literaria co seu Triángulo de Oscar Wilde, vén agora, coa súa segunda obra, titulada *Unha viaxe no Ford T*, de obter o importante “Premio García Barros de Novela” na súa XVI edición. Con esta distinción literaria instituída polo Concello da Estrada no ano 1989, pasa Xerardo a engrosar unha lista de galardonados entre os que se atopan algúns dos nomes de maior prestixioso dentro das letras galegas: Xosé Miranda, Xavier Alcalá, A. Álvarez Cáccamo, Xavier Queipo, A. Riveiro Coello, Xosé Carlos Caneiro ou Bieito Iglesias, entre outros.



Xerardo Agrafoxo, coñecido ata o de agora pola súa faceta de historiador teimudo e rigoroso na procura do noso pasado, confirma con este premio a súa valía como creador de historias de ficción, para agasallarnos con fermosas historias nun mundo de viaxes e literatura, as súas eternas paixóns, das que agradecemos nos queira facer partícipes.

Desde esta revista *Alameda* da Sociedade Liceo de Noia invitamos aos lectores, nestes días de Nadal propicios aos agasallos, a que se acheguen aos mundos literarios de Carredano e Agrafoxo, pois de seguro serán gratamente recompensados con momentos de impagable lecer.



Entrevista

Miguel Fernández Pestónit

Pepe da Roca

Nacido no corazón da vella Noela, Miguelito Fernández Pestonit responde ao arquetipo do noiés vilego que se cría na posguerra e vive como testemuña excepcional na apaixonante segunda metade do século XX. Comerciante e artista, Ceboleiro e Pestonit, reloxeiro e músico, que mide o tempo e o ritmo dunha Noia invertebrada e eterna.

Como se desenvolveu a túa infancia e xuventude naquela Noia da posguerra?

Eu nacín no número 8 do Cantón –que logo lle chamarían de José Antonio– enriba do que hoxe é o bar Babilonia e alí me criei coas miñas irmás. Meu pai era da familia dos Ceboleiros, de fonda tradición noiesa, e miña nai, Mercedes Pestonit Tajes, pertencía ao clan dos Pestonit, que eran oriundos de Carnota e que na actualidade están moi arraigados en Noia e algúns fóra dela como é o caso da cantante Marta Sánchez. De pequeno fun á escola de Dona Trina como moitos noienses da miña quinta e despois a Don Gerardo, Don Argimiro, que ensinou a debuxar, e aos freires de San Francisco. Cando deixei a escola, pois estudar non era o meu, entrei de aprendiz de reloxeiro con Manuel Romero Maneiro, que tiña taller e tenda na casa da Fundación Monroy na Porta da Vila. Aquel home, que chegou a terme moito cariño, viuse forzado a emigrar a Arxentina en 1953 e traspasoume o negocio nun prexo simbólico de 6.000 pesetas o que me convertiu en propietario con 17 anos. Alí seguíñ durante 23 anos até que me trasladei á Carreiriña, onde estou hoxe.

¿Hai moita diferencia entre a vida comercial da Noia daquela á de hoxe?

A Diferencia é moi grande. Na década dos 50 Noia era o centro comercial da comarca e a xente, dende Mazaricos e Outes ao Son e Boiro, acudían a mercar de todo, principalmente ultramarinos, e de paso movían o comercio enteiro. Antes xa, ao acabar a guerra, o volframio das minas de San Finx xerou moita riqueza en plena etapa de necesidade. Había fondas moi importantes

como Dominga, Ferrador, Mato, Ceboleiro, e Farruqueiro do Forno do Rato, ás que se uniría o Marico. Mesmo homes queviñean de fóra a explotar minas de volframio casaron aquí, como foi o caso do portugués Luís Gomes ou do coruñés Pepito Chas. Agora Noia, dende o punto de vista comercial, xa non é tan importante pois apareceron máis negocios nas vilas da redonda e viñeron as grandes áreas. Verdadeiramente, non é o mesmo.

Miguel Fernández Pestonit é coñecido, sobre todo, polo seu amor á música e o traballo coa Banda Municipal ¿Como naceu esta afición?

Cando eu andaba polos nove ou dez anos meu pai mandoume estudar solfeo co mestre Paradela, que vivía en San Bernardo e que tocaba o violín na orquestra relixiosa de Pepe Paz Ortiz. Alí empezou a miña paixón pola música, que me duraría sempre, e xa de moi novo, en 1949, empecei a tocar o requinto na Banda Municipal, dirixido primeiro por Don Jesús Pérez Rivas e despois por Don Lucas Ramírez Muñoz. Lembro que tocaban comigo grandes amigos como Jaime Estévez, José Luis Rodríguez Louro, Pepe Sarmiento –que logo formaría parte dos Tamara–, Luchu Seijas... A Banda formárase nun princi-



pio a base dunha charanga de Tállara dirixida por José Nieto “O Palomo” e ensaiaban no antigo Hospital de Fóra (hoxe desaparecido) no Espírito Santo, que tiña no baixo o cárcere e mais a corte do cabalo que tiraba polo carro da limpeza baixo o coidado do Xanicas e do señor Méndez, e enriba estaba a Academia de Música. Cando en 1953, como xa che contei, me fixen responsable do negocio da Porta da Vila, meu pai díxome: “Ou traballo ou Banda”. E así deixei de tocar con grande sentimento, pero a vida marcaba o seu rumbo.

Non obstante a Banda Municipal volvreu de novo á túa vida, ¿como foi iso?

Alá polo ano 1983, sendo Pepe Moas concelleiro de Cultura, un grupo de antigos membros da Banda dirixímonos ao Concello co fin de resucitar o

grupo musical municipal. O Concello recibiu moi ben a idea e deunos uns sete millóns de pesetas aproximadamente para instrumentos e uniformes e comezamos de novo. Houbo que buscar a xente polas aldeas e ao final reunímonos uns vinte que empezamos interpretando un pasodoble e tres marchas de procesión. Ensaiabamos nos locais más insólitos: na OJE, na Praza de Abastos, no salón de actos do Concello, nunha aula do Instituto, no Liceo (uns días) ata que nos concederon un local nas antigas escolas da Milagrosa no Campo de Noia, onde tamén está o Conservatorio de Música e aí levamos sete anos, dirixidos agora por don Manuel Molinos García, profesor do Conservatorio de Redondela.

Neste tempo eu tiven grandes satisfaccións á parte do propio pracer da música. Coñecín toda Galicia gracias á Banda e fomos a Portugal varias veces, pero a maior impresión que recibín foi en 1988 cando viaxamos a Buenos Aires. Eramos 39 músicos e unhas trinta persoas más acompañantes, entre os que estaba José Romaní representando o Patronato Rosalía Castro, que levou unha subvención para o centro Noia-Rianxo. O proxecto

era para once días e estivemos dezasete, pois coincidimos coa festa da Hispanidade, na que participamos. Demos 14 concertos nas distintas sociedades e no Centro Galego. O trato foi exquisito por parte dos emigrantes, sobre todo do que fora presidente do Centro Galego por dúas veces, Eduardo Sánchez Millares. Foi unha viaxe moi emotiva e inesquecible.

Como home inquedo por todo que afecte a actividade socio-cultural de Noia, ¿que outras “aventuras” intentaches?

Pasei tamén polo futbol como vicepresidente do club noiés naquela etapa dourada na que o Noia gañaba todo baixo a presidencia de Moncho Vilas. Pero do que teño unha lembranza máis viva é da miña época “taurina”, cando en 1980 un grupo de amigos tivemos a feliz e atrevida ocurrencia de organizar as corridas de touros e outros espectáculos. Para ese fin adquirimos a praza de touros – que lle chamaban a “Cunca”– pola cantidade de 5.400.000 pesetas e demos o primeiro espectáculo tau-rino o día de San Marcos de 1980. Eramos catorce socios, eu incluído: Félix Louro “O Moreno”, José Piñeiro Priegue “Esteirán” e Alberto Pérez, os tres xa desgraciadamente desaparecidos; Víctor Bello “Vitolo”, Antonio Vázquez “Chuchú”, Manolo Rey, José Velo, Juan Antonio Caamaño, os tres irmáns Iglesias Torija

(Luis, Pepe e Manolo) e os outenses Feliciano Vives e Pepe Cereijo. Catorce valentes aos que nos tocou “palmar” a maioría das veces pois por haches ou por bes, gran parte dos festivais daban perda. Aínda lembro o grupo de Rok “Triana”, que nos cobrou 750.000 pesetas das daquela e o semi-fracaso coa actuación de Manolo Escobar polo retraso no comenzo do festival. En canto ás corridas de touros, unhas veces pola chuvia – non había os seguros de hoxe– e outras porque a afición respondía menos do esperado, nós sempre a “palmar”. Pechamos a aventura nas festas de San Bartolomeu de 1985 e na praza xa non se volveron dar festivais, quedando abandonada durante un tempo ata que chegou a alcaldía Pastor Alonso e convertiu aqueles terreos cos do futbol no actual Instituto Campo de San Alberto. A conclusión que saquei nesta actividade é que no mundo dos touros o único honrado é o animal. Son leccións que se aprenden coa experiencia.



O mar

A goleta América, unha unión de esforzos




Xosé Agrela Hermo

Inese extraordinario libro do capitán José Luís Hermo Insua *Historia de la vela en Noia*, obligatorio “vademecum” de todos os amantes do mar e do vento, destaca en lugar de honra a goleta *América*, posiblemente a más grande construída na nosa Ría do Tambre. Verdadeiramente as súas dimensións impresionan para o ano 1920 no que foi construída e tendo en conta a precariedade do estaleiro de Brión de Abaixo (Outes) onde se levou a cabo a obra completa de carpintería de riveira e a botadura, para a que houbo que facer unha canle especial ampliando a fonda. Tres paos; 39,60 metros de eslora; 9,26 metros de manga; 4,57 metros de puntal; 407,84 tns. R.B.; 380 tns. R.N. e un desprazamento de 700 toneladas: todo un “récord” na construcción naval dos nosos estaleiros.

No mesmo ano surcaron por primeira vez as augas da nosa Ría outros catro veleiros de cabotaxe:



Cuatro amigos (E=14,83 m., M=4,74 m., P=1,54 m., TRB=24,41 tns.). Construído no Freixo por José Moledo, foron os seus armadores José Moledo Otero, José Paz Piñeiro, Fidel Pedrosa Suárez e José García Romero, que pagaron 6.000 pesetas entre todos. En 1939 foi comprado para Cee por José Romero Lago e más tarde desfíxose na praia do Freixo sen que coñezamos a data.



BRICBARCA (DESPOIS GOLETA) *INDUSTRIAL*, MOI PARECIDA Á AMÉRICA. CONSTRÚIDA EN CASTROPOL EN 1922 FOI ADQUIRIDA MÁS TARDE POR NAVALES BARCIA (NOIA)

Iglesias (E=16,25 m., M=4,77 m., P=1,40 m., TRB=24,65tns.). Foi construído en Esteiro para o muradán Joaquín Iglesias Calderón, pero en 1929 comprárono os veciños de Barro Basilio Hermo Fernández e Saturnino Caamaño Fernández, cambiándolle o nome polo de *Vista Hermosa*. Custara 4.000 pesetas e eles comprárono por 3.750.

Monte Louro (E=15,75 m., M=5,17 m., P=1,40 m., TRB= 32,28 tns.). Eladio Santos Carou construíu este



balandro no estaleiro do Son para Mamerto Ferrer Romaní e José Romero Mariño por 12.000 pesetas.

Nuevo Manuel (E=19,62 m., M=5,55 m., P=2,35 m., TRB= 56,75 tns., prezo: 24.000 pesetas). O mestre carpinteiro Manuel Leis Hermida fixo este barco en Abruneiras (Noia) para un grupo de socios do que el formaba parte ademais de José Rodríguez Vázquez, Concepción Insua Prol e Felipe Túñez Fabeiro, este último co 41% de capital invertido. Foi o seu primeiro patrón Manuel Túñez Insua e o barco desfíxose pola acción do tempo en San Cosme.

A goleta *América* foi construída con carballo e piñeiro do país máis cravazón de ferro galvanizado, polo mestre carpinteiro de ribeira **Manuel Domínguez Lestón** de San Xoán de Roo, un verdadeiro artista que ademais suma no seu bo facer a cantidade considerábel de 27 veleiros de cabotaxe segundo as nosas contas. Comeza a súa andaina no estaleiro do Freixo construíndo o pailebote *Antonia* en 1895 para Carlos Fernández Pérez do lugar da Igrexa de Santa Cristina de Barro, e segue no mesmo século XIX con catro barcos más feitos en Lameán (Outes): *San José* (1896); *Eduardo Herreros* (1897); *Alfredo* (1898); *Teresa Lamas* (1899) ademais do

San Luís, construído ese mesmo ano en Broña para o armador noiés Domingo Antonio Rodríguez Cornide. Xa no século XX, o mestre Domínguez Lestón esporadicamente usou os estaleiros de Broña –para construír o *Manuel Pérez* (1908) e o *Nieves* (1919)–, así como o de Rates para facer o *San Andrés* (1919) por encargo dos armadores de Barro José Fernández Rodríguez, José Rodríguez Rodríguez, Jesús Vieites García e Agustín Barbazán Rodríguez, na cantidade de 30.000 pesetas. Non obstante, o seu estaleiro preferido foi o de Lameán, onde desenvolveu a maioría dos seus traballos e que enumeramos a continuación expóndonos a sermos pesados en aras da información: *Sor* (1901); *José San Luiís* (1902); *María Laura* (1902); *San Antonio* (1904); *José Moreno* (1904); *Manuel* (1906); *Ramona* (1906); *Delfina Amalia* (1907); *Carlos Fernández* (1909); *María Dolores* (1910); *San Francisco* (1911); *Barcia* (1914); *Barcia 2º* (1915); *María del Pilar* (1918); *Pepita* (1918); *Brillante* (1921) e *Luisa* (1924).

Seguindo o rumbo informativo marcado polo capitán Hermo, sabemos que a goleta *América*, con real patente nº 1.322 expedida o 14 de outubro de 1920, rendeu viaxes a América do sur amais de navegar polo Cantábrico, Mediterráneo e Illas Canarias, e que a primeira tripulación, composta por nove homes, ía capitaneada polo piloto da Marina Mercante Juan Antonio Carneiro Carneiro, que gañaba un competente salario mensual de 650 pesetas máis o 5% de capa ou gratificación sobre o frete. O contramestre cobraba 275 pesetas, os mariñeiros 225 e os mozos 175 pesetas ao mes. Outros patróns foron Manuel Severino Doval de Camariñas e o noiés Basilio Hermo Fernández (O Bicho).


Se todo o relativo a esta goleta é interesante e novedoso, nós queríamos facer aquí unha chamada de atención á

financiación do barco. Un veleiro de tal envergadura era moi caro e este custou exactamente **196.500 pesetas**, o que supoña unha verdadeira fortuna para aquela época. Pode servir de orientación saber que unha casa de mampostería feita na aldea, sen o solar, andaba arredor dos catro mil pesos. Por iso a única solución era embarcar no proxecto a moita xente. E así foi. Presididos por Primitivo Trigo Pardiñas, xuntáronse 35 persoas para financiar a construción da goleta *América*. Ben merecen que os seus nomes sexan recordados como proba da apostila polo mar, a través da unión de esforzos que os nosos devaneiros fixeron hai máis de oitenta anos:

Primitivo Trigo Pardiñas	23.000 ptas
Manuel Dguez. Lestón (o construtor)	15.000 "
Antonio Caamaño Romero	10.000 "
Domingo Nieto García	10.000 "
Domingo Martínez Montes	8.500 "
Domingo del Río Caamaño	8.500 "
Manuel Romero Martínez	8.000 "
José María Romero Martínez	8.000 "
Manuel Fernández Becerra	7.500 "
Domingo Fernández Rodríguez	7.000 "
Manuel Rodríguez Romero	7.000 "
José M ^a . García Romaní	6.000 "
Manuel Caamaño González	6.000 "
Luís Romero Villaverde	6.000 "
Manuela Forján Otero (esposa do anterior)	6.000 "
Miguel Rodríguez Caamaño	4.000 "
Domingo Abeijón Romero	4.000 "
Baltasar Sande Paz	4.000 "
Manuela Caamaño (Vva. de Domingo Tobío)	4.000 "
Manuel García Arcos	4.000 "
Francisco Blanco Freire	4.000 "
Manuel Blanco Caamaño	4.000 "
Domingo Arman Cernadas	4.000 "
Manuel Martínez Montes	3.500 "
Aurelio Fernández Núñez	3.500 "
Vicente Vilariño García	3.000 "
Domingo Vilariño García	3.000 "
Luís Cernadas	2.000 "
Ramón Cernadas Lestón	2.000 "
Miguel Lestón Caamaño	2.000 "
Domingo González Buján	2.000 "
Salvador González Romero	2.000 "
Juan Martínez Tubío	2.000 "
Jesús Romero Lourido	1.500 "
Francisco García Alsina	1.000 "

Encabeza a lista con case o 12% do importe total o comerciante noiés Primitivo Trigo Pardiñas, home emprendedor e activo en todos os eidos de actividade empresarial, financeira e cultural da vila de Noia, que mesmo foi concelleiro despois da caída do xeneral Primo de Rivera nunha corporación que elixiría por primeira vez alcalde a Germán Vidal Barreiro o 16 de abril de 1930. No mundo do mar xa participara con tres socios máis de Vigo na construcción en 1918 do pailebote *Nieves*, de 3 paos, 27 metros de eslora e 128,80 toneladas de rexistro bruto, mandado polo patrón Martín Hermo Pérez. En 1921 aínda formaría parte do grupo de once persoas que investirían 70.000 pesetas na construcción do balandro *Brillante*, de 23,90 metros de eslora e 98,82 toneladas, que en 1941 sería vendido para Tarragona. Construído polo mestre Manuel Domínguez no estaleiro de Lameán, foi patroneado algúns tempo por Luís Calvo "Tanera" de Carracido.

Coa financiación da goleta *América* por 35 socios chega a construcción naval na nosa Ría ao seu punto culminante do período de entre guerras. A xente únese e arrisca os seus cartos nunha empresa común que di moito daquelas persoas da nosa comarca que apostaban forte polo transporte marítimo como medio de intercambio comercial e creador de riqueza, pero tamén porque, sen dúbida, amaban o mar.





Xerardo Agra Foxo

Historia

A revolución do viaduto e os dous cabalos da lúa

No ano 1937 un artista suízo pintou un dos seus cadros más famosos: *A revolución do viaduto*. Unha obra cunha clara intencionalidade política. Unha denuncia contra as mentiras argalladas polo poder. Sesenta e sete anos máis tarde, un poeta realizou unha amarga reflexión sobre as dúas almas desta vila: *Os dous cabalos da lúa*, é dicir, a Noia da lama e os recendos apestosos e a Noia aberta ao mar.

A contemplación da obra de arte e a lectura do *poema* inspiraron esta reportaxe que xurdiu a partir da lectura destes abraiantes titulares reflectidos nun medio de comunicación:

LA XUNTA SOLO EJECUTÓ EL 20 POR CIENTO DE LAS OBRAS VIARIAS PREVISTAS PARA ESTE AÑO.

LA VOZ DE GALICIA, 26 de outubro 2004

LA VÍA RÁPIDA DE BARBANZA CUMPLE DIEZ AÑOS CON UN BALANCE DE 40 MUERTOS.

LA VOZ DE GALICIA,
14 de novembro de 2004

MÁS DE VEINTE PERSONAS HAN PERDIDO LA VIDA EN UN TRAMO DE LA VÍA RÁPIDA EN RIANXO.

LA VOZ DE GALICIA,
23 de noviembre de 2004

Outro titular (*LA VOZ DE GALICIA*, 30 de outubro 2004) informaba de que Política Territorial acusaba a determinados partidos dunha *actitude obstrucionista* para levar adiante os seus proxectos viarios. Esta denuncia, na que por ende se implicaba aos veciños de Noia que intentan defenderse da construcción dun viaduto sobre a ría e a carón das súas casas, semella un despropósito cando se realiza unha coidada visita ás hemerotecas. Nelas existe unha ampla documentación sobre as promesas realizadas pola administración. Unha restra de declaracions contraditorias que se converten co paso tempo en mentiras aldraxantes.

Hai nove anos a Consellería de Ordenación do Territorio amosaba a súa disposición para solucionar o tráfico na vila de Noia:

LA XUNTA PROPONE DOS ALTERNATIVAS PARA LA CONSTRUCCIÓN DE LA VARIANTE DE NOIA. VENTOSO MARIÑO PIDIÓ A ORDENACIÓN DO TERRITORIO QUE LA OBRA SE INICIASE DE INMEDIATO.

El director xeral contestó que existe un estudio informativo que contempla dos soluciones, la primera es un puente sobre la ría y la otra, por la parte sur, pasando por Lousame. El alcalde de Noia, Bieito González Domínguez, ha señalado que el ejecutivo local apoya la solución sur.

LA VOZ DE GALICIA, 5 de maio de 1995

Dous anos despois a Xunta de Galicia volvía a pronunciarse sobre esta obra. Neste caso as declaracions procedían dun destacado dirixente autonómico:

CUIÑA CRESPO INAUGURÓ EL INICIO DE LAS OBRAS DE BOA Y DEL PASEO MARÍTIMO NOIÉS. EL CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL ANUNCIÓ LA CONSTRUCCIÓN DE LA VARIANTE DE NOIA.

El conselleiro manifestó que estas construcciones aumentarán la calidad de vida. No obstante, destacó que la gran obra que necesita la villa es la

construcción de la variante de Noia, ya que sin ella se ve perjudicado el desarrollo económico y social. Este proyecto se espera que esté fijado antes del año 2000...

LA VOZ DE GALICIA, 24 de xullo de 1997

No ano 1999 as noticias sobre a devandita estrada acadaban unha realidade inesperada. Comezaba o intento de cruzar a ría cun viaduto:

LA VARIANTE DE LA C-550, QUE MEDIRÁ OCHO KILÓMETROS, SE RETRASARÁ DE UNO A TRES AÑOS.

La Xunta de Galicia ha elaborado un estudio para la construcción de la variante de Noia, de una longitud de 8 kilómetros, que requiere de una inversión de 2.200 millones de pesetas... y contemplan la construcción de un viaducto sobre la ría.

EL CORREO GALLEGOS, 19 de xaneiro de 1999

Ao ano seguinte as informacións oficiais cambiaban de maneira radical. As autoridades competentes entendían que trazar un viaduto, a carón dos bancos marisqueiros más salientables de Galicia, non era unha solución aconseillable:

LA XUNTA SE INCLINA POR UNA VARIANTE TRAS CONSIDERAR INVIABLE UN PUENTE SOBRE LA RÍA.

La Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda sacará este año a información pública el anteproyecto de la carretera de circunvalación de Noia, que enlazará el vial que une esta localidad con la de Santiago con el de Porto do Son a través de Louzame. Este hecho se produce después de que los técnicos descartasen la construcción de un puente sobre la ría al considerar más viable la primera opción.

EL CORREO GALLEGOS, 22 de xaneiro de 2000.

José Cuiña anunció en Boa que Política Territorial ya está elaborando el proyecto

La Xunta construirá una autovía que comunicará Noia con Santiago

El titular de la Consellería de Política Territorial, José Cuiña Crespo, inauguró el jueves el dique de abrigo de Boa, en Noia. En el transcurso del acto el representante del gobierno gallego señaló que la Xunta está elaborando una serie de iniciativas que redundarán en beneficio del municipio noiés. Estos proyectos son la construcción de un puente sobre la ría, la autovía a Santiago y el dragado de la zona portuaria más cercana a la localidad. Los vecinos del lugar lo mostraron su agradecimiento por la mejora y lo agasajaron con una sardinhada en la que participaron alrededor de trescientas personas.

NOIA. RAFA GARCÍA
Correspondiente de La Voz de Galicia

El acto de inauguración del puerto de Boa fue presentado por la alcaldesa de Noia, María del Carmen Abeijón, quien, después de agradecer la presencia de las autoridades, pidió al consejero que realizase las gestiones necesarias con el fin de mejorar las infraestructuras.

La mandataria también se refirió a las quejas formuladas por algunos vecinos, qué consideraban que las instalaciones inauguradas se habían quedado pequeñas para dar cobijo a las embarcaciones del lugar, aunque confirmó que se iba a mejorar la situación.

Abeijón aprovechó el acto para solicitar a Cuiña Crespo la construcción de un acceso al museo por la parte de la playa.

Tras su intervención, la alcaldesa cedió la palabra al fiscal jefe del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Ramón García-Malvar, quien pidió a Cuiña que la Xunta no se olvidase ni de la construcción del



INFORMACIÓN SOBRE A CONSTRUCCIÓN DA AUTOVÍA NOIA-SANTIAGO E O VIADUTO SOBRE A RÍA. LA VOZ DE GALICIA, 4 DE XULLO DE 1998.

La variante de la C-550, que medirá ocho kilómetros, se retrasará de uno a tres años

NOIA. Delegación
La Xunta de Galicia ha elaborado un estudio para la construcción de la variante de Noia, de una longitud de 8 kilómetros, que requiere de una inversión de 2.200 millones de pesetas, informaron ayer fuentes de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Está previsto que estas obras se inicien en un plazo de uno a tres años, en función del tiempo en que se tarde en resolver las posibles alegaciones, y contemplan la construcción de un viaducto sobre la ría, según señalaron las mismas fuentes.

Este estudio será sometido a aprobación del pleno de la Corporación municipal noiés y, a continuación, se expondrá al público durante el plazo de un mes por si hubiese lugar a presentar alguna alegación al mismo. Posteriormente, se redactará el proyecto que también será sometido a exposición pública y, finalmente, se licitarán y ejecutarán las obras.

Esta variante permitirá pillar las retenciones de varios kilómetros que se experimentan, sobre todo en verano, en la carretera C-550, a su paso por los municipios de Noia y Porto do Son.

El conselleiro de Política Territorial, José Cuiña, ha afirmado en sus visitas a esta zona que hará lo posible para que se



Las obras de la variante contemplan la construcción de un viaducto sobre la ría de Noia

realice el proyecto de la variante, al igual que el de la vía rápida entre Santiago y Noia.

A este respecto, las fuentes consultadas señalaron que se está elaborando un estudio de la primera fase de estas obras, en las que se deberá construir 10 kilómetros de vía rápida, desdoblable en autopista, que enlazará Santiago y la carretera de Bertamirás a Negreira.

Por otro lado, la empresa Espina y Obras Hidráulicas inició ayer la segunda fase de las obras de acondicionamiento de la Alameda noiés, en las que hay prevista una inversión superior a los 60 millones de pesetas. Los trabajos, que comenzaron el pasado mes de octubre, están previstos que finalicen en abril.

El proyecto, financiado a

través del Plan 2000 de Obras de la Diputación de A Coruña, contempla la sustitución de los pavimentos existentes de terrazo y cerámica y mantiene la imagen y el mobiliario urbano de este recinto de esparcimiento. Los trabajos también incluyen la sustitución de las tuberías de saneamiento y el enterramiento de las líneas eléctricas y de teléfonos.

A XUNTA DE GALICIA CONTEMLA A CONSTRUCIÓN DUN VIADUTO SOBRE A RÍA. EL CORREO GALLEGOS, 19 DE XANEIRO 1999.

Malia estas informacións, tres anos máis tarde o conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feijoo sinalaba, ante un selecto público reunido na Casa da Cultura, as novas intencións da administración autonómica:

LA VARIANTE DEL CASCO NOIÉS SERÁ UNHA REALIDAD EN EL 2006. ADEMÁS AÑADIÓ QUE

La Xunta se inclina por una variante tras considerar inviable un puente sobre la ría

La Consellería de Políticas Territoriales, Obras Públicas e Vivienda sacará este año a información pública el anteproyecto de la carretera de circunvalación de Noia.

NOIA. Delegación
Esta variante supondrá uno de los mayores esfuerzos realizados para mejorar la red vialaria de la comarca de Noia. Fuentes de Política Territorial señalaron a este diario que en los próximos meses está previsto sacar a información pública el anteproyecto de esta importante obra, que evitara que los vehículos que se dirijan por la carretera de Santiago en dirección a Porto do Son tengan que atravesar el casco urbano noies. De esta forma, se evitarán las retenciones que se vienen produciendo en verano tanto a la entrada como a la salida de la localidad noiesa.

En un primer momento se estudió la posibilidad de construir un puente sobre la ría, pero este proyecto se descartó tras realizar los estudios pertinentes al comprobar que no era el proyecto más adecuado para la zona.

La salida masiva de vehículos hacia las playas de Noia y Porto do Son provoca durante los meses de verano, tradicionalmente época de vacaciones, retenciones de varios kilómetros en las carreteras que unen Santiago y Porto do Son, en sus entradas a Noia. A pesar de que se recomienda a los conductores que eviten las horas punta, son muchos los que quedan atrapados en las colas que se forman en los viales de esta localidad.

A XUNTA DE GALICIA REXEITA A CONSTRUCIÓN DUN VIADUTO SOBRE A RÍA. *EL CORREO GALLEGO*, 12 DE XANEIRO 2000.



La circunvalación de Noia comunicará por Lousame los viales de Santiago y Porto do Son

Con la construcción de la carretera de circunvalación se volverá a la normalidad y la circulación viaria en Noia será fluida al contar con una vía que evitará los embotellamientos que se forman de varios kilómetros.

Vial Noia-Padrón

Las mismas fuentes de Política Territorial también indicaron que el concurso para redactar el proyecto del acondiciona-

miento de la carretera que enlaza Noia y Padrón será publicado en el DOG durante este primer trimestre del año. Estas obras contemplan la construcción de una variante en Aguasantas, en el municipio de Rois, que enlazará la carretera Noia-Santiago con la de Padrón.

Por otro lado, los estudios técnicos para planificar las necesidades de saneamiento de varios lugares de las parroquias de Tállara, Lesende y Vi-

jacoba, en el municipio de Lousame, quedaron aplazados el jueves al no poderse desplazar a esta localidad el personal de la Dirección Xeral de Obras Públicas. La nueva reunión quedó fijada para el próximo jueves, a las once de la mañana. Los representantes de los distintos grupos municipales que integran la Corporación de Lousame estuvieron esperando por los técnicos durante más de dos horas.

FINALMENTE LA XUNTA HA OPTADO POR UN TRAZADO QUE DISCURRE SOBRE UN VIADUCTO.

Dicha circunvalación tendrá una longitud total de 4,4 kilómetros, de los cuales 1.300 metros serán los que ocupe el viaducto. En la construcción de la variante, la consellería invertirá 20 millones de euros. Los representantes autonómicos calculan que los informes técnicos estarán a punto hacia el mes de febrero y que se podrán acometer las expropiaciones de terrenos a finales del 2004.

LA VOZ DE GALICIA, 24 de decembro 2003

Durante o pasado mes de xullo as informacions aparecidas nos xornais indicaban que a administración continuaba mantendo as súas intencións de construír o viaduto sobre a ría:

LA XUNTA SE REAFIRMA EN EL TRAZADO DE LA VARIANTE NOIESA QUE INCLUYE UN VIADUCTO. INSUA ASEGUROU QUE POLÍTICA TERRITORIAL TRABAJA EN LA DEFINICIÓN DEL PUENTE, Y DESCARTA LAS DEMAS OPCIONES.

La confirmación se produjo a raíz de una intervención del PSOE. García Guerrero preguntó directamente.

«¿Vaise a facer o viaduto?». El mandatario contestó: «Si. Dicir outra cousa sería negar a realidade». En este punto, Insua afirmó que la Xunta está convencida de que esa es la mejor opción, y añadió que su grupo coincide con ese pensamiento.

LA VOZ DE GALICIA, 26 de xuño de 2004.

No medio desta situación unha noticia veu a confundir máis aos noieses. Un proxecto realizado polos empresarios da Barbanza comprendía unha variante por Lousame e outra ponte sobre a ría:

LA PATRONAL COMARCAL REABRE LA POLÉMICA AL DISEÑAR OTRO TRAZADO PARA LA VARIANTE NOIESA. LA FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DEFIENTE LA OPCIÓN INTERIOR DEL VIAL E INCORPORA UN PUENTE SOBRE LA RÍA MURADANA.

A demás de ser esta una opción que Política Territorial desecharon su día, inclinándose por un vial por Barro la propuesta de la FEB incluye un nuevo elemento, un puente sobre la ría. Este viaduto consta de unos 1.900 metros de longitud y une Punta Gavoteira, situada entre Boa y Portosín; y Punta Pequena, en el Límite de O Freixo con Esteiro.

LA VOZ DE GALICIA, 26 de agosto de 2004.

Ante as presións realizadas polos populares na inmediatez da Gala dos Dolmen de Ouro, os alcaldes e presidentes de entidades adheridas á patronal comarcal, nunha reunión celebrada o día 1 de setembro en Boiro, acordaron aprazar a idea dunha variante por Lousame e propuxeron unha solución salomónica:

Un decidido apoyo para que la Xunta vaya a construir una variante en Noia con puente incluido. Si algo quedó claro en la reunión es que variante noiesa y viaducto sobre la ría de

Muros-Noia son iniciativas distintas capaces de convivir en perfecta armonía.

Pero, nas derradeiras semanas do verán –despois de que o 7 de marzo o presidente da Xunta lle comunicara a unha delegación de veciños de Eiroa que primaría o criterio económico–, a administración anunciaba outra sorpresa:

LA XUNTA ASEGURA QUE EL TRAZADO DE LA VARIANTE DE NOIA ESTÁ SIN DECIDIR. ANTE UNA PREGUNTA FORMULADA POR EL PSOE, NÚÑEZ FEIJOO AFIRMA QUE PUEDE SER SELECCIONADA CUALQUIERA OPCIÓN. OBRAS PÚBLICA ANUNCIA QUE SU OBJETIVO ES LOGRAR EL MAYOR CONSENSO POSIBLE.

Textualmente, en el escrito remitido al parlamentario, Núñez Feijoo señala: «Na actualidade aínda non se optou definitivamente por ninguna alternativa, polo que a opción señalada pode ser calquera das estudiadas, tal e como se recolleron no estudio informativo, ou con variacións».

LA VOZ DE GALICIA, 7 de setembro de 2004.

A paranoia que existía na administración sobre este asunto levou ao Conselleiro de Política Territorial, despois de que o alcalde de Noia arremetera contra os promotores *por non haber consultado con nadie, empezando por el tejado y creyéndose dueños de nuestros sentidos* (EL CORREO GALLEGO, 27 de agosto de 2004), a pronunciarse sobre o proxecto deseñado pola Federación de Empresarios do Barbanza (FEB):

FEIJOO CONFIRMA LA NECESIDAD DE UNIR LAS ORILLAS DE LA RÍA DE NOIA. ESTUDIARÁ EL PROYECTO DISEÑADO POR LA PATRONAL COMARCAL. APUESTA POR

♦ EL NUEVO VIAL ENLAZARÁ CON UNA VÍA RÁPIDA HASTA URDILDE ACERCANDO NOIA A SANTIAGO
Fraga anuncia a Guerrero que la autovía de Bertamiráns se realizará en dos años

El alcalde de Noia, Rafael García Guerrero, se reunió ayer con el presidente de la Xunta, Manuel Fraga, quien le confirmó que la construcción

NOIA. Delegación
García Guerrero transmitió a Fraga durante la reunión las demandas más importantes que tienen los vecinos de Noia. Así, señaló que la necesidad más imperiosa "es a do problema do acceso a Noia" y afirmó que el presidente de la Xunta le mostró "todo o seu interese por solucionalo".

El mandatario municipal indicó que está muy agradecido por el makroproyecto que está realizando el jefe del Ejecutivo gallego por potenciar esta comarca. Fraga le confirmó que en el plazo de dos años estará construida una autovía entre Santiago y Bertamiráns, que enlazará con una vía rápida hasta Urdilfe –que también estaría finalizada en 2002– y, posteriormente, en una siguiente fase, se prolongaría hasta Noia.

García Guerrero apuntó ade-

de una autovía desde Santiago a Bertamiráns estará acabada en el plazo de dos años. El jefe del Ejecutivo gallego le anunció que está previsto que este vial enlace con una vía rápida hasta Urdilfe. Además, le informó que se agilizarán los trámites para el saneamiento de la ría noiesa.



García Guerrero, a la izquierda, durante la entrevista que mantuvo ayer por la mañana con Manuel Fraga

O PRESIDENTE FRAGA ANUNCIA QUE A AUTOVÍA SANTIAGO-BERTAMIRÁNS "ESTARÁ ACABADA EN EL PLAZO DE DOS AÑOS". *EL CORREO GALLEGO, 9 DE SETEMBRO 2000.*

CONSTRUIR UN PUENTE O PONER EN MARCHA UN SISTEMA DE FERRIS.

LA VOZ DE GALICIA, 19 de outubro de 2004.

Soamente faltaba por escoitar esta solución dos «ferrys» para engadir maiores sospeitas ao proxecto do viaduto. Nas últimas noticias o orzamento inicial descede nada menos que en 5 millóns de euros e o comezo das obras non ten unha data fixa:

LA XUNTA LICITARÁ EN ESTE AÑO EL PROYECTO DE LA VARIANTE DE NOIA. POLÍTICA TERRITORIAL «PRETENDE CONTRATAR» LAS OBRAS EN 2005. FEIJOO DEFIENDE EN EL PARLAMENTO EL TRAZADO DEL GOBIERNO COMO EL MÁS CORTO Y MENOS TRAUMÁTICO.

EL CORREO GALLEGO, 25 de novembro 2004

¿Como se pode agredir a cidadanía desta maneira? ¿Como se fixeron sondeos nas fincas sen o consentimento dos veciños? ¿Por que se anuncia que a variante estará lista para o 2006 e despois que se pretenderá rematala no 2007? ¿Investirán a cantidade prometida ou soamente o 20 por cento? ¿Ata cando estarán ameazados os veciños de Eiroa e Taramancos cos cambios de opinión e a actitude dos dirixentes autonómicos? Ano 1999: VIADUTO, SI. Ano 2000: VIADUTO, NON. Ano 2003: VIADUTO, SI. ANO 2004: SI, PERO NON. NON, PERO SI. Ano 2005: POSIBLE CONTRATACIÓN DAS OBRAS. A este paso, no 2011: ELECCIÓN MUNICIPAL E INAUGURACIÓN DUN PIAR. ¿Cal será o seu trazado definitivo? ¿Onde están os estudos de

impacto? ¿Será fume ante unha próxima convocatoria electoral ou será unha obra motivada por intereses espurios?

Todas estas promesas da administración galega, convertidas á luz das hemerotecas en mentiras arriscadas, coinciden con outras referidas ás vías de comunicación da comarca de Noia. Sen dúbida a estrada Noia-Santiago exemplifica este lamentable comportamento:

LA XUNTA CONSTRUIRÁ UNA AUTOVÍA QUE COMUNICARÁ NOIA CON SANTIAGO. JOSÉ CUIÑA ANUNCIÓ EN BOA QUE POLÍTICA TERRITORIAL YA ESTÁ ELABORANDO EL PROYECTO.

En el transcurso del acto el representante del gobierno gallego señaló que la Xunta está elaborando una serie de iniciativas que redundarán en beneficio del



ESTRADA NOIA-BOIRO. TRAVESÍA DE TÁLLARA OU AVENIDA DOS CEN POSTES. ALGÚN SOBRE O ARCÉN.

municipio noyés. Estos proyectos son la construcción de un puente sobre la ría, la autovía a Santiago y el dragado de la zona portuaria más cercana a la localidad. Los vecinos de la zona lo agasajaron con una sardiñada en la que participaron alrededor de trescientas personas.

LA VOZ DE GALICIA, 4 de xullo de 1998

Dous anos máis tarde volvían a producirse novas declaracions con respecto a este importante vial. Nesta ocasión as afirmacions realizábanse ao máis alto nivel, é dicir, no intre de celebrarse unha entrevista entre o alcalde socialista de Noia e o presidente da Xunta de Galicia:

FRAGA ANUNCIA A GUERRERO QUE LA AUTOVÍA DE BERTAMIRÁNS SE REALIZARA EN DOS AÑOS. EL NUEVO VIAL ENLAZARÁ UNA VÍA RÁPIDA HASTA URDILDE ACERCANDO NOIA A SANTIAGO.

El mandatario municipal indicó que está muy agradecido por el máximo interés que está mostrando el jefe del Ejecutivo gallego por potenciar esta comarca.

EL CORREO GALLEGO, 9 de setembro 2000



ESTRADA BOIRO-NOIA. 7 SINAIS DE TRÁFICO NA COSTA DE MOIMENTA AO REMATE, UN CARTEL: BON VOYAGE

Outro capítulo aparte é o da estrada Noia-Boiro. As obras de mellora comenzaron no mes de maio do ano 2002. Durante o mes de novembro daquel ano quedaron paralizadas. Unha rocha desprazouse montaña abajo para caer sobre o mesmo asfalto. O tráfico estivo cortado durante varios días e necesitouse dinamita para despexala da calzada. Dous anos e medio despois do comezo das obras a prensa informaba da súa perigosidade:

USUARIOS DEL VIAL QUE UNE
BOIRO Y NOIA CRITICAN SU
PELIGROSIDAD. LOS ULTIMOS
DESPRENDIMIENTOS HAN
VUELTO A DESATAR LA ALARMA.
LA PATRONAL COMARCAL EXIGE
LA CONCLUSIÓN DE LAS OBRAS
DE ADECUACIÓN DE LA
CALZADA. LA DEPUTACIÓN
ENCARGARÁ UN PROYECTO
PARA ESTABILIZAR EL TALUD.

Las obras de mejora de la carretera comenzaron en mayo del 2002, con un presupuesto superior al millón y medio de euros. La presencia de postes de telefonía y electricidad en la calzada, y el desprendimiento de rocas obligaron a paralizar los trabajos en varios tramos, lo que desató numerosas quejas entre los usuarios del vial. A día de hoy, faltan por concluir las obras de ensancheamiento y mejora de la vía y en el tramo de Moimenta.

LA VOZ DE GALICIA, 27 de outubro 2004

Na actualidade, case tres anos despois das primeiras obras, a estrada entre Noia e Boiro constitúe, ademais dunha afrenta aos seus usuarios pola súa perigosidade, un incomparable despropósito de enxeñería e ineficacia. Nos seus 17 quilómetros conviven tramos sen pintar con outros sinalados con marcas provisionais. Pequenos tramos asfaltados están a carón doutros abandonados. Nunha estrada transitada por camións que transportan material pesado, por situarse nas súas inmediacións dúas

canteiras e unha graveira, non existe ningún tramo para vehículos lentos. Conviven espazos con sinais cubertos pola vexetación con outros con indicacións contraditorias. Soamente na baixada de Moimenta, nun tramo de setenta metros, hai sete sinais. Nun deles avísase da existencia de obras cando estas son inexistentes. Infórmase de desprendemento de pedras cando o que se precipita polo monte son rochas de varias toneladas. Malia esta realidade, ao remate desta indicación un cartel amosa unha mensaxe abraiente: *BON VOYAGE*. Dúas pontes, unha delas tipo tobogán, están sen asfaltar. Na travesía de Tállara más de cen postes, algúns situados encol do arcén, balizan a estrada. Nun itinerario, sen núcleos urbanos nas súas marxes, as liñas continuas impiden que a circulación sexa fluída.

Algúns optimistas pensabamos que as obras rematarían na proximidade dunha convocatoria electoral, pero dende o seu inicio xa se celebraron unhas eleccións autonómicas, outras municipais, o 14 M, as europeas, a vitoria de Lula e as americanas. Producuse a invasión de Afganistán e Irak, a toma de Bagdad e a caída de Sadam Hussein, o *Prestige* e o *Yakolev*, a morte de Arafat e Marlon Brando, o 11 M, a voda de Letizia, a guerra de Sudan e Costa de Marfil, *Mar Adentro*, o 75 Aniversario do Liceo e o III Centenario de Felipe de Castro, pero a estrada segue paralizada.

Capítulo aparte, neste resumo da situación das vías de comunicación da comarca, merecería a estrada de Noia a Padrón. O seu abandono é de tal calibre que nos últimos anos converteuse nunha auténtica corredoira. Talvez un castigo contra os veciños de Lousame pola súa controvertida historia. O mesmo asfalto, as mesmas curvas e os mesmos pasos estreitos dende que os mineiros de San Finx baixaban a Noia nas vellas camionetas da súa empresa. Sen dúbida un desprezo que a cotío deben soportar os habitantes das parroquias de Lesende e Vilacoba.

Como se pode apreciar, non se realiza nesta reportaxe un xuízo de valor sobre o conflitivo viaduto. Os partidos políticos e diversos colectivos xa se pronunciaron ao respecto. Con todo, tres aspectos merecen destacarse. *Nun principio*, semella que a variante artellada é un monumento á improvisación porque as alegacións apuntan a evitar o seu paso pola explanada de Testal, elevar a súa altura pola ría, substituír os terrapléns por piares e modificar o seu trazado na zona de Orro e Eiroa. *En segundo lugar*, mentres a Xunta se pronuncia por un proxecto baseándose en criterios puramente económicos, os expertos falan da nula vertebración do territorio, muro contra o crecemento urbanístico e impacto ecolóxico:



COSTA DE MOIMENTA. ROCHAS DESPRENDIDAS DA LADEIRA INESTABLE DO MONTE



COSTA DE MOIMENTA: ROCHAS AMEAZANTES SOBRE O VIAL. SINAS PROVISIONAIS E PASO ESTREITO. ATENTOS Á LEI DE MURPHY.

PESCA SOSTIENE QUE FALTAN DATOS PARA EVALUAR EL IMPACTO DE UN VIADUCTO SOBRE LA RÍA NOIESA, *La Voz de Galicia*, 21 de novembro de 2004. *En terceiro lugar*, merece destacarse a *sensibilidade* do alcalde de Noia ao pronunciarse nos primeiros intres por unha *variante de consenso* para despois situarse a carón dun proxecto contestado con máis de mil sinaturas que avalian as alegacións presentadas polo xeógrafo Pedro García Vidal.

Un resumo destas realizouno en *Reflexións en torno a unha ponte sobre a ría de noia* (*LA VOZ DE GALICIA*, 4 de abril 2004). Meses máis tarde profundizou as súas argumentacións en *A variante sobre a ría* (Revista ALAMEDA. N°15, xuño 2004). Talvez anoxado pola exposición destes criterios, nunha publicación de ampla difusión no concello, o alcalde amosou unha faciana desconocida ao intentar matar ao mensaxeiro. Nesta carta, que se pode consultar na REDE, o presidente da Sociedade Liceo explica como se quixo interromper a distribución da revista:

Excmo. Sr. Alcalde Presidente.
Concello de Noia
Noia, 28 de Julio de 2004.

Como continuación a nuestra conversación telefónica del día 27, me veo en la obligación de puntualizar varios aspectos de nuestro dialogo, unha vez llevada a cabo la reunión de la Directiva del Liceo con la asistencia de Pedro García Vidal, autor del artículo en la revista Alameda, núm. 15 sobre el tema de la variante de la autovía de Noia...

Con respecto a la petición telefónica de interrumpir la distribución de la revista entre los socios, hago constar que accedí a ello hasta la reunión con la Directiva, con el fin de analizar la existencia de alguna mención crítica o personal contra el Ayuntamiento o el Grupo de Gobierno; comprobando que la crítica era hacia el técnico del Proyecto, es por lo que se continuará con la entrega de la revista a los socios y socias.

Xosé Moas Pazos.
Presidente de la Sociedad Liceo.

Ante as acusacións contidas nesta carta, na que se denunciaba o intento de coartar a liberdade de expresión dun colaborador da publicación, o alcalde permaneceu mudo. Pero, unha semana máis tarde, presionado polos medios de comunicación, realizou unha delirante versión do sucedido. Unhas declaracións que pola súa intencionalidade deixarían pálido ao mesmo Maquiavelo:

El foi quien me propuso a mí e quien me dijo que iba a mirar si se acababa de hacer toda la distribución y al mejor mirar a conveniencia de mientras él no supervisara el artículo de si era conveniente o no parar la distribución. É desde luego que eso era el que entendía del tema, que tenía la responsabilidad dese tema y fixera o que debiera hacer en el tema.

CANAL TAMBRE, 2 de agosto 2004

Ante a magnitude desta grave acusación contra o presidente da Sociedade Liceo, o Consello de Redacción da Revista *ALAMEDA*, despois de manter unha reunión co alcalde, emitiu un comunicado aclarando o sucedido. Difundido na súa integridade por *CANAL TAMBRE*, resumimos aquí os dous puntos más salientables:

1. Consideramos un feito gravísimo o intento de intervención no normal desenvolvimento e distribución da revista Alameda por parte do Señor Alcalde do Concello de Noia, ante un artigo de opinión non favorable aos seus puntos de vista. Pretende evitarse a difusión dun simple artigo de opinión contrario á variante sobre a Ría. Un artigo no que se fan unha serie de razoamentos, que se poden compatir ou non, sobre unha obra transcendental para os habitantes de Noia no que en ningún caso se realizan afirmacións en contra de ningunha persoa nin institución.

6. Os componentes do Consello de Redacción da revista Alameda sabemos que non existe unha verdade única, por iso ofrecemos sempre a posibilidade aberta de contrastar diferentes puntos de vita. É dicir, defendemos o pluralismo. Pero estamos en contra de burdas maniobras de control e manipulación informativa, pois pensamos que o dereito a unha información libre e plural é un alicerce básico da democracia.

CANAL TAMBRE, 6 de agosto de 2004

Con este explícito comunicado, nunca respondido oficialmente polo máximo mandatario, quedaba resolta a polémica motivada pola teima repressora do alcalde. Unha postura sibilina despois de que na entrega do “III Premio de Relato de Aventuras *Avilés de Taramancos*” amosara a súa disposición a colaborar coas xentes da cultura: *Guiádenos, dicírnos o camiño que temos que percorrer e as vosas propostas serán escoitadas*. Sen dúbida unha peculiar forma de entender a cultura por



ESTRADA BOIRO-Noia. OBRAS PARALIZADAS NA VARIANTE DE MIEITES

parte dun representante político. *Este alcalde sempre apoiará as vosas iniciativas. ¡Que barbaridade!*

Despois da interesante viaxe pola terra dos zares, esta reportaxe para os lectores da Revista *ALAMEDA* intenta ser outro periplo, aínda que semella máis alucinante polos complicados vieiros que debemos superar. Estradas en péssimo estado, corredoiras intransitables, mentiras compulsivas e comportamentos moi perigosos. ¡Que mágoa de dirixentes! ¡Tan caros e indolentes!

A estrada a Boiro leva varios anos de retraso, pero a autovía de Santiago a Urdilde estará rematada no ano 2002 (*Fraga dixit*). Ao controvertido viaduto sobre Testal –lembren a data do 2007– sucederelle unha ponte entre Boa e O Freixo e outra que circunvalará a Serra de Outes. Ao mellor, coma na baía de Manhattan, podremos navegar nun ferry con vistas a monte Louro. Chegaremos antes a todas as partes, como na vía rápida barbanzana, e a ría converterase nun cruce de ambiciosos proxectos de enxeñería. Por suposto estará saneada:

NOIA TENDRÁ LA PRIMERA DEPURADORA EL PRÓXIMO AÑO.

El Correo Gallego, 16 de outubro 2003.

Aviso para navegantes inexpertos. Estas son as reflexións dun colaborador da Revista *ALAMEDA* a partir dun cadro e unha poesía. Unhas reflexións tan persoais e intransferibles coma o seu DNI. Calquera intento de coartar a súa distribución sería unha afrenta contra a pintura e a poesía, é dicir, contra os auténticos responsables destas argumentacións: Paul Klee e Maxi Olariaga. Contra ambos os dous, é dicir, a CULTURA. Para rematar, soamente unha obrigada recomendación. Estimado lector, aprezado condutor, se un día non tes máis remedio que circular pola maltreita estrada *in secula seculorum* de Boiro, ao seu paso pola costa de Moimenta ten presente nas túas oracións a Lei de Murphy: *A próxima curva pode ser a derradeira. BON VOYAGE.*



Pedro García Vidal

Xeografía

O Malecón de Gasset

A faciana marítima do Casco Histórico


A idea de recuperar globalmente a faciana marítima do Casco histórico, dado o estado lamentable que ofrece a cotío a residentes e visitantes, constitúe unha das importantes arelas do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH) actualmente en vigor. Na idea dos redactores do Plan, este escaparate da vila tantos anos esquecido e, porén, de tanta importancia na memoria marítima de Noia, vai converterse nun obxectivo fundamental a recuperar, rehabilitar e poñer en valor. Para comprender a verdadeira dimensión que o planificador concede a esta fachada marítima da vila de Noia, nada mellor que ter coñecemento de como foi tratada no Planeamento e as directrices que o planificador marca para que este lugar adquira a dimensión que verdadeiramente lle corresponde na imaxe e na memoria de noieses e visitantes.

AS DÚAS FACIANAS ACUÁTICAS DO CASCO HISTÓRICO

Foron as propias peculiaridades do emprazamento da vila no momento da súa fundación –unha península en forma triangular de escasa altura, con dous dos seus lados en contacto directo coas augas e coa ponte como elemento de unión das marxes da ría – as que deron lugar a que Noia presente dúas facianas acuáticas de orientación claramente diferenciada: unha fluvial, que molla os seus alicerces nas augas doces do Traba; marítima a outra, coas salgadas augas atlánticas bicando a súa ribeira ao cíclico compás das mareas. Se na primeira, más recollida, son escenarios terrestres e fluviais os que dominan na mirada; na segunda, de horizontes más amplos, pola contra, é o mar, aínda na fugacidade dunha marea, quen ao longo da historia focalizou todas as olladas.

Ese mar atlántico de permanente presenza no horizonte, pero que só con cada pulo das mareas se abre paso entre as puntas de Testal e Abrufeiras para achegarse ás mesmas portas da vila dando forma ao mar de Noia, foi, porén, sempre contemplado polos habitantes do burgo como o mar da subsistencia e do comercio: o mar da vida para un porto que de tan recollido semellaba non existir. Ao longo da historia, velas de todos os mares ían e viñan ao traveso das augas da ría, dando pulo a aquela mariñeira vila cun intensísimo tráfico de todo tipo de mercadorías que entraban e saían nos abrigados peirao do Poxilgo e Pedrachán, mentres a fachada marítima ollaba en fite para un atlántico no que ancoraba o seu progreso.

Desde o mar, ou desde a banda oposta da ría, a faciana marítima da vila presentábase dominada no alto pola robusta figura de San Martiño, que ollaba vixiante cara ás augas. A súa espléndida portada encara o solpor e desde tan formidable atalaia de pedra podía contemplarse reciprocalmente o seo de Noia en toda a súa extensión; a igrexa foi sempre por iso un fito referencial para quen enfilase o mar de Noia. Desde O Tapal, o casarío descendía ata a ribeira sen ocultar nunca a figura do edificio relixioso. No bordo ribeirán, durante séculos, a presenza



dunha monumental muralla en contacto directo coas augas berraba a presenza dun lugar forte, que completaba unha imaxe medieval, recordo daquela Noia primeira.

Desde finais do XIX, os novos tempos da industrialización coas novas necesidades de transporte terrestre fixeron preciso o recheo dos bordos do Casco histórico co fin de realizar vías de circulación que fixesen posible circunvalalo. Naceron así os Malecóns de Cadarso e Gasset. Porén, aínda nun lixeiro afastamento da liña de costa por mor do recheo, o mar continuou a ser protagonista no desenvolvemento económico da vila e o Malecón de Gasset prolongou a súa importancia ata un novo peirao bautizado do Marqués, en honra ao Marques de Monroy por cuxa iniciativa se realizara un primitivo peirao no 1850. Grandes buques dunha considerable tonelaxe – dise que podían atracar embarcacións de ata 50 toneladas de carga – chegaban ata aquí, e unha multitud de pequenas embarcacións a vela de dous e tres paus, tamén con motor, que se coñecían co nome de *pataches*, surcaban en airoso velame despregado


as augas do mar de Noia para realizar a carga e descarga de todo tipo de mercadorías. Un intensísimo trasfego de produtos, a transportar en terra por medio de carros tirados por animais, asinaban aquela mariñeira Noia que fería en frenética actividade nas súas riveiras dando pulo a unha diversidade de iniciativas comerciais e empresariais: salgadura de peixe, conservas logo, curtidos, fabricación de calzado, construcción de barcos... Como testemuños daquela febre industrializadora, as instalacións fabrís colonizaron a fachada urbana do Malecón de Gasset.

Pero a partires dos anos sesenta do pasado século producese un radical xiro. O acelerado cegamento do porto, xunto a unha maior facilidade para as comunicacóns terrestres que agora cobran protagonismo, vai dar lugar a que a vila de Noia opte por darlle as costas ás augas atlánticas. Nese intre, a fronte marítima do Malecón de Gasset ata o peirao do Marqués convértese nun mero corredor de tráfico e Noia, coma moitas cidades que viviron do mar e que nun momento determinado da súa historia mudaron de modelo económico, descoidou a súa fronte urbana marítima e permitiu o seu abandono inmobiliario e o seu destrozo estético: mesmo un edificio de oito plantas exemplifica o pouco agarimo a un pasado de esplendor.

O TRATAMENTO DA FRONTE LITORAL NAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE 1991

A preocupación polo bordo marítimo ocupou un lugar preferente cando no ano 1991 se levan a cabo as tarefas

Construcción pendiente de derribo.
Se montendrá 8+3 plantas con reducción de altura entre foyudos (particularmente en el bajo) respecto al volumen existente.



A FRONTE A EDIFICAR DO MALECÓN DE GASSET SEGUNDO AS DIRETRICES DO PEPRICH. DENTRO DA DESCOIDADA IMAXE ACTUAL DO MALECÓN DE GASSET, A EXISTENCIA DUNHA AMPLA LIÑA A EDIFICAR DE NOVO, FAI QUE ÁINDA SEXA POSIBLE A RECUPERACIÓN ESTÉTICA E A POSTA EN VALOR DESTA SINGULAR FACHADA MARÍTIMA DO CASCO HISTÓRICO.

de realización das Normas Subsidiarias de Planeamento que ían substituír ao obsoleto e incumprido Plan Xeral de 1975. Predominaba a opinión entre a equipa redactora de que áinda era posible rectificar en parte os vellos errores, pois a maior parte da fachada do Malecón de Gasset estaba por rematar, en soares que ocupaban antigas fábricas e edificacións en ruínas. Por iso, un lugar preferente nas preocupacións dentro da mellora dos bordos ribeiregos, sería a ordenación dos volumes e fachadas da fronte litoral.

Ao mesmo tempo, como medidas importantes a levar a cabo de cara a unha rehumanización na fronte marítima, nos Planos de Ordenación das Normas Subsidiarias vixentes, aprobadas no ano 1991, contémplase a creación dunha ampla franxa de espazos libres entre a Ponte de Noia e o Peirao do Marqués, así como entre este punto e a zona de Labarta. O obxectivo sería, afirmase: “*conseguir unha mellora do bordo ribeirego, acondicionando amplos espazos libres públicos a modo de paseos peonís e reparar as obras de fábrica dos antigos peirao e malecóns*”.


Ao estar incluída esta fachada da vila dentro dos límites do Casco histórico, e por ser preceptivo a realización dun Plan Especial orientado a protexer este singular recinto, deixábase a esta fase o labor de fixar as directrices xerais orientadas a unha ordenación de alturas, volumes e fachadas. Ao mesmo tempo, nas referidas Normas, e como paso previo á realización de calquera tipo de actuación neste bordo marítimo, sinálase a necesidade do

previo desenvolvemento dun Plan Especial do Paseo Marítimo Litoral co obxecto de conseguir unha mellora global en toda esta franxa ribeirega.

AS PROPOSTAS DO PEPRICH PARA UNHA MELLORA DA FRONTE LITORAL

Cando se levan a cabo os traballos de realización do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico –Plan contratado sendo alcalde Bieito Domínguez e realizado e rematado no goberno de Mari Carmen Abeijón (1998)– un dos puntos más polémicos, entre outros, foi o tema do tratamiento da fronte marítima. As discusións centráronse en dous aspectos fundamentais: por un lado, a regulación edificatoria da fronte litoral que mellorase unha maltratada imaxe polos anos do franquismo; por outro, a actuación no bordo ribeirego coa intención de reordenar o espazo existente, e ver a posibilidade de realización dun recheo con destino a un paseo peonil arborado.

Como resposta ao primeiro obxectivo, no Plan Especial establecese unha ordenación pormenorizada de toda a



NOYA.—Un rincón del Muelle.


NO PASADO A FACHADA MARÍTIMA DO CASCO HISTÓRICO ERA SEMPRE UN FERVEDOIRO DE ACTIVIDADE, E A HISTÓRIA SOCIOECONÓMICA DE NOIA NESE TEMPO ERA A HISTÓRIA DO SEU MAR. O MAR, QUE BICABA OS ALICERCES DA VILA A CADA PULO DAS MAREAS, ERA FONTE DE VIDA E GARANTÍA DE PROGRESO E ESPLendor AÍNDA NUN PORTO QUE DE TAN AGOCHADO SEMELLABA NON EXISTIR. TODO ÍA E VIÑA AO TRAVESO DAS SÚAS SALGADAS AUGAS.

fronte litoral incluída no ámbito do Casco histórico. Inclúese así, a “*regulación edificatoria das frontes construídas ao longo dos Malecóns*”, sinalando que “*dado o carácter de bordo litoral e de fachada urbana principal deste conxunto, prantéxase unha mellora xeral de toda a fronte urbana, establecendo limitacións de cornixas restritivas que aporten unha certa unidade volumétrica*”, insistindo para iso na necesidade de ser rigorosos na aplicación da norma co obxectivo explícito de **mantener “tanto a silueta do conxunto como as visuais sobre as torres da igrexa de San Martiño”**. Preténdese unha maior unidade ambiental para o conxunto, a conseguir por medio dunhas ordenanzas para a edificación que aquí se constrúa sobre solares vacantes así como no caso de substitución de edificacións.

O outro grande debate entre o grupo de goberno de Mari Carmen Abeijón e os redactores do Plan, co seu director á

cabeza, José González-Cebrián Tello, foi o tema dos recheos no bordo litoral. Neste aspecto, a equipa redactora mostrábase moi remisa a aceptar calquera tipo de recheos que supuxeran unha modificación da liña costeira existente. As razóns esgrimidas para xustificar esta postura eran: **a inconveniencia de alongar o mar do bordo vilego, mudar unha imaxe de séculos apenas modificada, e aterrar en demasia o mar de Noia tan escaso**.

Os redactores do PEPRICH acordaron, como solución consensuada, proceder a un estudio de detalle da posible ordenación das frontes litorais, pero tendo sempre presente a obriga da realización dun posterior desenvolvemento do Plan Especial de Paseo Marítimo Litoral. O que eles realizaron foi un antícpio das características que, baixo o seu punto de vista, deberan ter os tramos de recheos adxacentes ao propio conxunto histórico. Por conseguinte, no Plan antícpase ao posible tratamiento da urbanización dos paseos marítimos de litoral no tramo correspondente ao Conxunto Histórico, especificando claramente que o seu desenvolvemento definitivo “*permanece pendente da elaboración posterior dun Plan Especial do Paseo Marítimo conforme ao establecido nas Normas Subsidiarias vixentes*”.



O BORDO MARÍTIMO DE CASCO HISTÓRICO SEGUNDO AS PROPOSTAS DE PEPRICH


Dúas, ao final, foron as zonas nas que se aceptaban os recheos: unha que comprendía o tramo entre o peirao do Marqués e Labarta, e outra que, desde a Ponte de Noia, paralela ao Malecón de Gasset, chegaría ata o peirao do Marqués.

No antigo peirao do Marqués, os redactores do Plan Especial foron partidarios de manter aproximadamente a sección de recheos prevista nas Normas Subsidiarias. Como paso previo á definición da ordenación definitiva da zona de recheos, que no seu momento debía establecer o Plan Especial do Paseo Marítimo Litoral, o PEPRICH anticipa a posibilidade de creación dun amplo espazo de pavimentación dura e aliñacións de arborado, semellante, incluso en dimensións, á actual Alameda, concentrando ao Norte unha zona de instalacións deportivas e acondicionando sobre a liña de bordo dos recheos pantaláns de atraque para embarcacións. Como xa sabemos, a actuación sobre este espazo foi levada a cabo sen realización previa do Plan Especial do Paseo Marítimo Litoral, con alteracións sobre o recomendado no PEPRICH e, recentemente, sufriu xa unha remodelación importante.

No caso do Malecón de Gasset, o lugar onde máis debate se suscitou sobre a conveniencia ou non de efectuar un recheo, a equipa redactora estableceu finalmente a súa ampliación a partir dunha sección axeitada ao seu uso como paseo peonil. Preocupados sempre polo negativo impacto paisaxístico sobre o Casco histórico que puidese provocar un excesivo recheo, sinalan que **debe**

evitarse “en exceso o bordo do asentamento histórico do litoral fluvial, tanto física como visualmente”. Por ese motivo, aínda admitindo no tratamento urbanizador das frontes litorais do Casco Histórico algunas das previsiones dos planos de ordenación das Normas Subsidiarias Municipais, os redactores do Plan consideran que o recheo correspondente ao Malecón de Gasset deberá modificarse diminuíndo a sección a rechear. A razón dada para esta modificación sería para **“evitar un alonxamento excesivo do núcleo urbano respecto ao bordo fluvial que fundamentou o seu nacemento e evolución, mantendo o contacto visual entre a ribeira e o viario en pendente perpendicular ao Malecón que se interna no concxunto histórico”**.

Baixo os presupostos que rematamos de expor, no PEPRICH propone a configuración dun paseo litoral arborado, cunha sección axeitada para o seu uso peonil. Para iso precisase o desprazamento dos muros de fábrica existentes na actualidade e **recheando sobre unha franxa de 16 metros** a partir do linde actual da rúa. Neste espazo de



A REORDENACIÓN DO ESPAZO ACTUAL DO MALECÓN DE GASSET SEGUNDO AS DIRETRICES DO PEPRICH.

recheo só se permitiría a edificación de “pequenos volumes a modo de quioscos, vinculados ao uso de espacimento do paseo, dunha soa altura e con reducida ocupación en planta, sempre segundo formalizacións de grande lixeireza e transparencia”.

O Plan contempla igualmente unha **tripla solución** para reordenar o espazo actual do Malecón de Gasset: por unha banda a **modificación da sección de aparcamentos**, “desprazando o estacionamento en batería hacia a mediana arborada”; en segundo lugar a **supresión dos surtidores de gasolina** existentes na actualidade; e en terceiro lugar **ampliar a beirarrúa** fronte ás fachadas.

O futuro do Malecón de Gasset: A necesidade dunha actuación global

Logo do exposto, semella claro que soamente a elaboración dun Plan Especial do Paseo Marítimo, conforme ao establecido nas Normas Subsidiarias e no PEPRICH, podería aportar unha visión de conxunto que conducise necesariamente a unha actuación global nun asunto de tanta transcendencia para o futuro da faciana litoral da vila. A importancia do Malecón de Gasset como bordo litoral e como fachada urbana principal do Casco Histórico,

precisa dunha solución de conxunto orientada a conseguir unha maior unidade ambiental da totalidade deste espazo de riveira. Unha actuación de conxunto que, como mínimo, debería comprender:

- Unhas ordenanzas para a edificación que aquí se vai construír sobre solares vacantes ou de substitucións de edificacións. Ditas ordenanzas deberían comprender criterios de deseño e estética de fachadas, xunto con normas de unidade volumétrica, con aplicación rigorosa dunha liña de cornixas restritivas para salvagarda da silueta do conxunto así como das visuais sobre as torres de San Martiño.
- Unha solución global ao tema da conservación dos restos da muralla que van aparecer en toda a fronte edificada do Malecón.
- Dar resposta á reordenación da sección de aparcamientos actual cumprindo, de consideradas axeitadas, as propostas do PEPRICH ou, pola contra, ofrecer outras como puidese ser a construcción neste lugar dun aparcamento subterráneo.
- Unha serea reflexión sobre a conveniencia ou non de levar a cabo no momento actual un recheo nos termos que propón o Plan Especial no Malecón de Gasset.

Todos estes aspectos que acabo de referir, xunto con outros, son aspectos transcendentais que demandan unha sensibilidá e predisposición dos políticos ao diálogo para aplicar con rigor e disciplina urbanística as directrices do PEPRICH para esta zona tan relevante do Casco Histórico como é a súa faciana marítima.



Pinceladas sanitarias

Incontinencia urinaria

Víctor Vez Vilar

Hoxe principiamos un novo enfoque a estes modestos artigos que, dito sexa de paso, non teñen outra pretensión que informar aos lectores de *ALAMEDA*, para que asemade, podan mellora-la súa saúde.

Tentaremos que algúm profesional de prestixio da nosa bisbarra nos asesore naqueles problemas de saúde que me demandan os lectores da revista *ALAMEDA*.

Como primeiro artigo desta nova etapa imos abordalo problema da **INCONTINENCIA URINARIA**, un problema máis frecuente do que adoitamos pensar e que ten solucións moito más doadas do que se pensa.

Para iso acudimos a un experto neste tema como é o doutor **D. Xosé M^a. Dios Diz**.

O Doutor Dios é Médico Xeral do Centro de Saúde de Outes, Máster en Medicina Xeriátrica e Diplomado en Xeriatría e leva xa 17 anos na consulta do centro de saúde Outense.

Pertence a diferentes asociacións relacionadas coa incontinencia urinaria.

Ten feito numerosos traballos de investigación.

Tamén forma parte, desde a súa fundación no ano 1995 do Grupo de Incontinencias da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía. Posteriormente crea o Grupo de Incontinencia Urinaria (IU) na Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría e tamén é Coordinador do Grupo de IU de SEMERGEN-GALICIA.

Ten levado a cabo tres traballos a cal máis interesante, de Prevaleza da IU: na súa Consulta (o 1º); en Galicia (o 2º); e finalmente o de España (o 3º), este último, presentado como Póster no Congreso Nacional de Granada de SEMERGEN-ESPAÑA.

Adiantar xa que os datos son parecidos, e a Poboación Xeral que presenta IU, por enriba dos 65 anos, é en torno ó 35-37% (é dicir, xente que non tiña ningunha

relación coa enfermidade, que estaba na súa casa, preguntada pola IU, 35 de cada 100, son Incontinentes (evidentemente, están sen tratar.....).

R. Alameda: Dr. Dios; Que é a incontinencia urinaria?

Dr. Dios: Defínese como a perda involuntaria de ouriños, que ocasiona un problema de saúde e/ou social, e que se pode demostrar de forma obxectiva.

R.A.: ¿Cales son as causas desta doença?

Podemos englobalas en causas Transitorias: por drogas ou fármacos, por infeccións, por inflamacións (da próstata, etc.), por “impactación” fecal, por vaxinita atrófica, por endocrinopatías mal tratadas (diabetes, etc.). Ou en causas Permanentes: as demencias, a incapacidade física por outras causas, por alteracións do SNC, etc.

R.A.: ¿Existen diferentes tipos de incontinencia urinaria?

A IU Transitoria e a IU Establecida, esta divídese á súa vez en: Vexiga Hiperactiva, Incontinencia de Tensión, IU por “rebosamento”, Incontinencia Funcional, e IU Mixta. Cada unha ten unha Diagnose específica e un Tratamento adecuado ó tipo de IU (non tirar de cueiros e “tratalas” así todas).

R.A.: ¿É moi frecuente?

Como expliquei anteriormente, si. O que sabemos é a punta dun Iceberg. Eu

sempre digo que “é un problema oculto”. Ou ben a xente non llo comenta ó Médico (por vergonza, porque considera que é algo que ocorre coa idade, etc.). Ou be, os propios Médicos non indagamos neste Síndrome Xerátrico o suficiente. A prevaleza en poboación xeral, en maiores de 65 anos é do 33,7 % segundo o estudio realizado polo grupo de incontinencia de Semerxen Galicia (traballo presentado no congreso de Granada).

É importante demostrar que algo está provocando esa IU. Sé o descubrimos e o podemos tratar, ese paciente curarase. De todas maneiras “por pouca actuación que fagamos, sempre melloraremos a calidade de vida da persoa Incontinente”.

R.A.: ¿Hai unha incontinencia infantil?

Efectivamente. Chámase **Enurese**, e é a incontinencia urinaria que aparece nos nenos/as, moitas veces tendo como causa estrés ou problemas doutro tipo, que nada teñen que ver cunha causa física para perde-los ouriños.

R.A.: ¿Como pode tratarse?

Existen dispositivos de alarma, con tratamiento da conducta e pode tamén tratarse con fármacos como a Oxibutinina. Pero moitas veces, sacando o estrés que o provoca e a in tranquilidade, estaría o tema resolto. Coa madurez do neno tamén desaparece o problema.

R.A.: ¿É conveniente a utilización das compresas que adoitan anunciar os medios de comunicación, mesmo utilizando figuras de personaxes famosos como reclamo?

Eu considero que nada prexudicou tanto os pacientes con IU como os anuncios de “ persoas famosas”, dicindo que o mellor é unha boa compresa...., iso é tan falso, e tan diabólica a súa utilización por “laboratorios” ou empresas que o único que buscan é o

seu lucro persoal, sen pensar nos pacientes que padecen este Síndrome...

O que de verdade resultaría positivo, sería a mesma campaña, da Administración, para que o paciente se poña en mans do seu Médico de Cabeceira, para primeiro diagnosticar a IU, e logo tratala.

Facendo cálculos, o gasto en campaña publicitaria de Educación Sanitaria sería menor que o gasto derivado dun mal tratamiento da IU.

R.A.: ¿Como pode tratarse logo a incontinencia?

Dende Tratamento Médico, actualmente de moita utilidade, sobre todo na más frecuente que é a Vexiga Hiperactiva, onde se usa a Tolterodina, que é resolutivo, ata os famosos Exercicios de Kegel, de reforzamento da musculatura da pelve, pasando por terapias de tipo “conductual”, e o que é mais importante, evitando as causas que ocasionan a IU, como a Polifarmacia, os obstáculos para acceder ao retrete da xente maior, os coidadores para facer as Micciones Programadas, etc.

R.A.: ¿Exercicios ximnásticos?

Dende logo, o exercicio en xeral é bo. Pero deben evitarse deportes, como a hípica, por exemplo, que inciden directamente na musculatura da pelve. O mellor exercicio é o paseo diario, dunha hora de duración, a ser posible por sitio “chan” e a bo ritmo. Isto sería suficiente para manter un corpo (adulto) en forma.

R.A.: ¿Que é “adestra-la vexiga” ou ,dito doutro modo, os Exercicios de Kegel?

Consisten en contraccións voluntarias dos músculos da micción: faríanse 10 contraccións de 5 segundos de duración cada unha, descansando 10 segundos entre cada contracción, repetindo o exercicio tres veces ó día, 5 días á semana. Progresivamente aumentase a duración ata realizar 10-20 contraccións de 10 seg. de duración, descansando 20 segundos entre cada unha, tres veces ó día, durante 6 meses mínimo.

R.A.: ¿Medicamentos?

Moi útiles na Vexiga Hiperactiva e na Mixta, os más frecuentes son a Tolterodina, a Oxibutinina, a Imipramina. Os tranquilizantes suaves moitas veces son eficaces se a causa é un estrés importante.

R.A.: ¿Cirurxía?

Moi eficaz na IU de Tensión. Utilízase sempre que co seu uso os músculos e os esfínteres da zona se vesan reforzados e poidan realizar a súa función de peche da zona, para que os ouriños non saian sen que nós queiramos.

R.A.: ¿Consellos para esa persoa que nota unha pequena perda?

Dende logo que non faga caso de remedios “caseiros ou da televisión”. Primeiro que acuda o seu Médico de Cabeceira, el valorará; primeiro se é Incontinente, segundo qué tipo de IU presenta, terceiro se segue el co caso ou vendo o tipo de IU que presenta, que non sexa de tratamento en Atención Primaria, que o derive o especialista (hoxe en día, existen Unidades específicas en Uroloxía, de IU), e cuarto que se é tratable que o faga, pois o paciente, de seguro, mellorará a súa Calidade de Vida.

Resumo: Dúas conclusóns importantes: a primeira, que a persoa que padeza este problema que o consulte, sen temor e sen consideralo nin un tema tabú nin algo que ocorre coa vellez.

A segunda, que toda IU ten tratamento, se non para sandar definitivamente, alomenos, si tratamiento paliativo, por pouca intervención que se faga.



Cancións de Noia



Prudencio Romo

Cdifícil poñerlle un título a unha canción cando na letra non vén perfectamente definido. Esta canción fálanos dunha gran traizón e do desengano que supón ser vítima dunha falacia deste xeito.

Velaquí unha canción que pode ser moi ben de finais do século XIX, e a súa letra está axustada á forma de pensar dos anos 50 do século XX. Pensemox ou recordemos as cancións de María Grever, ou Margarita Lecuona, ou o mesmo Perfidia, cuxo título tampouco lle viría mal a este tema que editamos hoxe.

Dicía que podía moi ben ser do século dezanove, porque cando a recollían, xunto a outras moitas, fai máis de vinte anos, pregunteille a persoas nacidas nos comezos do século XX, e dixéronme que xa facía moitos anos que a oíran cantar nas súas casas, ou en festas.

Non podemos esquecer que na nosa comarca, as orquestras que tocaban nas vodas eran as voces dos comensais, mellor ou peor

afinadas, pero a festa facíase, como tiña que ser; entre todos, participando, afinasen ben ou mal, pero non había voda nin festa sen canteira.

Deste xeito foron pasando estas melodías a través dos tempos, dunhas xeracións a outras. A maioría das veces, cos pequenos cambios nas letras e na música, cousa moi normal en calquera melodía que se fixo popular, áinda que sexa a un nivel local, co paso do tempo sempre sofre transformacións, que son doadas de adiviñar.

Desengaño - Valse.

The musical score consists of ten staves of music in 3/4 time, G major (two sharps), with lyrics in Spanish. The lyrics are:

ya en tre qué mi cora-zón — a un hombre que me
fui gio querer. — el ingra-to me lvi-dó —
por a mar a otra mu-jer. — al com-tem-
plar su des-dén — pa-ra siem-pre per-di lai-lu-sión —
y des-de enton ces ex-peri-ó mi cora-
zón. — Cuán-to te quie-ro el
me de-ci — yo en tu sias ma-da
se lo cre-i — mi — se lo cre-i — Fe — roel in-gra-
to mea — ban-do yo — mu-rio de
pe-na — mi po-bre — cora-zón —



Ricardo Güeto

Noya F.C.

Tempada 1960/61

Csta tempada o Noya cambia de grupo, é dicir, que do Sur pasa a serie "A" Norte.

Segue de presidente Manuel Hermida Iglesias (recentemente falecido), de vicepresidente tamén continuaba D. José Brenlla Blanco, e como secretario D. Ricardo Mariño Golpe.

O adestrador chamábase A. Martín, un noiés e ex-xogador do Club no que non terminaría a campaña e sería relevado por un de Riveira (descoñecendo o seu nome).

A plantilla estaba formada por estes xogadores: Jorape e Julit (porteiros); Rama, Méndez, Abelleira, Pepiño, Cándido, Cerecedo, Moure, Astray, Chuchu, Manolito, Alberto, Abelardo, Rodolfo e Méndez.

Os equipos participantes foron: Ribadeo; Xuvenil da Coruña; C.D. Foz; Arenal de Santiago; Calvo Sotelo das Pontes de García Rodríguez; Deportivo "B"; e retirouse

o Lugo "B" antes de comezar o campionato. En total 7 equipos incluíndo o Noya F.C.

— O campionato dá comezo o 27/1/61, tocándolle o Lugo "B", onde non se xoga, como queda dito.

— Na 2º xornada o Noya debuta na competición no seu campo de San Alberto ante o Ribadeo ganándolle por 4 a 2, era o 5/2/61 nunha tarde de vendaval.

— O 12/2/61 correspondente a 3ª xornada o Noya F.C. tócalle de volver a xogar en San Alberto ante un vello coñecido como é o Xuvenil da Coruña e o Noya cae derrotado por 2 goles a 3.

— A cuarta xornada, o 19/2/61, o



NOYA F.C. 1960-61 (REFORZADO). HOMENAXE A COMS. JORAPE, ZAMORA (DEPORTIVO), VILLAR (CELTA), CERECEDO, PACUCHO, A. COLLAR (DEPORTIVO). ÁNGEL VENTURA, RODOLFO, MANOLITO, ALBERTO, ABELARDO.

Noya ten o seu primeiro desprazamento o Norte da provincia de Lugo, en concreto o campo de Martínez Otero de Foz, onde perde por un contundente 5 a 2.

— O 26/2/61 e correspondente á xornada 5^a o Noya ten de rival o eterno Arenal de Santiago no campo de San Alberto e o encontro terminaría con empate 1 a 1.

— O 5/3/61 na xornada 6^a o Noya desprazase ás Pontes de García Rodríguez, onde no campo do Poblado perde por un contundente 3 a 0 co Calvo Sotelo.



CAPITANES DO FAISENDE (PORTUGAL) E RAMA DO NOYA C.F. 1º PARTIDO INTERNACIONAL EN NOIA.

— Na xornada 7^a, o 12/3/61, nunha tarde soleada o Noya pecharía a 1^a volta ante o filial do Deportivo, gañándolle por 2 a 1 ante moitos afeccionados.

— A 2^a volta comeza o día de San Xosé o 19/3/61 e o equipo do Noya descansa.

— O 26/3/61 e correspondente á 8^a xornada o Noya desprázase ó campo municipal de Ribadeo (hoxe o Pepe Barreras) onde se consigue un triunfo por 0 a 1.

— Na seguinte xornada, a 9^a, o 2/4/61, o Noya desprázase a Coruña a xogar co Xuvenil no campo de adiestramento de Riazor e cae derrotado por un rotundo 3 a 0, o equipo coruñés estaba xogando a súa última tempada.

— O 9/4/61 na xornada 10^a volve o Noya a San Alberto gañándolle ó Foz por 2 a 1.

— Na xornada 11^a o 16/4/61 o equipo local desprázase a Santiago a xogar co sempre eterno rival o Arenal no campo de Santa Isabel, e o resultado foi moi espectacular, gañando os santiagueses por un rotundo 6 a 4, dicir tamén que os santiagueses estaban tamén na penúltima etapa da súa historia.

— O 23/4/61 e correspondente á xornada 12^a o Noya empata 1 a 1 ante o Calvo Sotelo das Pontes de García Rodríguez.

— O 30/4/61 na xornada 13^a o Noya pecha a liga xogando no campo de Riazor ante o Deportivo "B", onde o equipo Noiés perde por 3 a 1.

Outros resultados importantes do campionato:

Ribadeo 0 - Deportivo "B" 6

Arenal 5 - Juvenil 2

Foz 5 - Calvo sotelo 2


Arenal 4 - Deportivo "B" 1

Deportivo "B" 7 - Foz 2

Ribadeo 4 - Arenal 4



NOYA C.F. E FAIRENSE (PORTUGAL), POSAN NO CAMPO DE SAN ALBERTO. 24/08/1960.



28-08-1960. ASPECTO DO CAMPO DE SAN ALBERTO NO "II TROFEO ESCULTOR FERREIRO" ENTRE O DEPORTIVO E O PONTEVEDRA, 4 - 6.

A clasificación foi a seguinte:

- 1º Juvenil con 20 puntos
- 2º Arenal con 17 puntos
- 3º Foz con 14 puntos
- 4º Deportivo "B" con 11 puntos
- 5º Noya con 10 puntos
- 6º Calvo Sotelo con 7 puntos
- 7º Ribadeo con 5 puntos

Ascendería a 3º división o Xuvenil da Coruña pero renunciou e desapareceu. Do grupo sur ascendeu o Couto de Ourense.

Nesta tempada debutaba na selección galega de xuvenís o noiés Segundo Petisco.

O Noya ó longo da tempada fixo os seguintes números: dos 14 partidos que xogou gañou 4, empatou 4 e perdeu 6, marcando 20 goles a favor e recibindo 29.

Gañou 1 partido fóra, empatou 2 na casa e perdeu 1 na casa.

Foi unha tempada moi regular na casa pero fóra de San Alberto frouxa.



NOYA C.F. 1960-61. NO PORTO DO SON, CO SEU PRESIDENTE
MANUEL HERMIDA IGLESIAS.

OUTROS PARTIDOS.

Na Copa Galicia cae eliminado polo Calvo Sotelo por 3 a 1 no campo de San Alberto.

PARTIDOS AMISTOSOS.

24/8/60: Xógase o 2º TROFEO ESCULTOR FERREIRO coa presencia no campo de San Alberto do DEPORTIVO (4º na 2ª división no ano anterior) e do PONTEVEDRA (o último campeón do Trofeo), que era novo na 2ª división.

Quedou vitorioso o PONTEVEDRA por 6 a 4, nunha tarde de fina choiva.

A plantilla do equipo coruñés contou con xogadores como: Rafa, Lariño, Zamora, Collar, Rabadan, Bellón e Revuelta entre outros.

Tamén sería o partido de despedida do xogador arxentino Oswaldo no cadro coruñés. Este xogador formara parte da famosa dianteira do Deportivo Chamada "Orquesta Cámaro" no ano 1950.

No equipo pontevedrés xogaron: Estévez, Firi, Cholo, Calleja, Cerezuela, Vallejo e outros.

O partido foi arbitrado polo Sr. Balsa do colexió de Santiago.

28/8/60: Xógase o 1º partido internacional en Noia e recibimos a visita do



UN EQUIPO DO NOYA C.F. CO SEU PRESIDENTE MANUEL HERMIDA NO PARTIDO NOYA C.F. 2 - DEPORTIVO B 1,

equipo portugués do Fairense (recén ascendido a 2ª división) entrenado polo noiés Xosé Diest , que era ó mesmo tempo xogador. O trofeo para o gañador foi unha copa doada por unha bodega andaluza. O equipo triunfador foi o portugués por tres tantos a dous, a pesares de que o Noya contaba na súa alianación con homes da talla de : A. Jorape (Julit), Ares, Cándido, Marín, Rama, Freire (Astray), Chucho, Pepiño, Matito, S. Petisco, Roberto e Caeiro.

14/5/61: Nesta data faise unha homenaxe en S. Alberto a Vicente Coms (exdefensa do Eiriña e do Celta), home moi vinculado a Noia que se encontraba nun hospital.

Na honra deste xogador disputan un partido o Noya, reforzado pola presencia de Collar e Zamora do Deportivo e do mítico defensa do Celta, Villar; por outra banda o Santiago de 3ª división. O resultado do encontro sería de 3 tantos a 2 a favor do cadro noiés.


O equipo noiés xogou nesta tempada 60-61 outros partidos amistosos con desigual fortuna.

Cómpre dicir que no 61-62 non houbo competición de liga porque desapareceu o Noya F.C., pero é un tema

que trataremos no seguinte artigo , ademais de ocuparnos da tempada 62-63, na que o Noya pasaría a denominarse C.D. NOYA.



ESTÉVEZ E RAFA. CAPITÁNS DO PONTEVEDRA E DEPORTIVO. O TRÍO ARBITRAL M. CANEDO, BALSA E RUBICHE "4º TROFEO ESCULTOR FERREIRO"



XUVENÍS DO NOYA C.F. 1960-61. ÁNGEL VENTURA, BRAULIO, PITUCHERA, RASERO E S. PETISCO.

Catastro e fiscalización

Censo de 1799 en Galicia (I)

Manuel Ces Carle

Adeus a MANUEL HERMIDA, un amigo que só coñecín a través dos seus escritos, estes espertaron en mi un interese por coñecelo persoalmente e poder contrastar temas relacionados coa nosa vila, da que el era un bo coñecedor; lamentablemente xa non é posible manter esas conversas. Un sempre pensa que lle queda tempo para case todo, pero cando sucede un acontecemento tan inesperado como este, decatámonos que o longo tempo é limitado. Agora con máis motivo relerei os seus artigos publicados nesta revista, así como os publicados na prensa, ou consultando o libro Efemérides Noiesas (en colaboración con Xosé Agrelo Hermo), abecé da historia de Noia, ou recordando á súa imaxe camiñando pola beirarrúa da Ponte de Noia, con anteollos de cor escuro, e coa man na testa protexéndose dos raios do sol, ós que xamais molestaran os seus ollos. Todo isto, e outros motivos, farán que o recordo de Manuel Hermida non desvaneza no tempo.

Fáise-me difícil imaxinar ós párrocos das freguesías, explicándolle dende os púlpitos pétreos ós fregueses que o que ía acontecer coa pretendida reforma tributaria (Única Contribución), ía a favorecer ós más pobres e, se Deus non o remediaba ía, “prexudicar” en moito os intereses das institucións clericais, ata agora (1754) exentos de contribuír coa Facenda Pública. Agás dalgunhas obras piadosas, que algúns relixiosos caritativos tiñan a ben facer, xa que de todo houbo e hai na vida do señor.

A “maldición” –reforma tributaria– que estaba arteillando o Antigo Réxime, tamén condenaba á nobreza de fina capa a contribuír coa Facenda Pública, tanto o clero como a nobreza ían a loitar con dentes e unllas, con tal de que a reforma tributaria se letarxase nos caixóns dos escritorios públicos, por tempo indefinido, pero a reforma contributaria xa non retrocedería no seu artellamento, o que se daría serían adurmiñamentos no proceso. Conforme se ían inventariando os terreos de cultivo, os terratenentes sen distinción social –clérigos e laicos– tentaban reducir a superficie da Península a unha extensión pouco crible, tanto para os agrimisores como para os dirixentes. Penso que non estará de máis antes de dar paso a comentar o Censo de 1799, recordar algúns datos do comezo da reforma tributaria, que tanta transcendencia

tivo no noso país, considerada como un dos maiores logros do Antigo Réxime.

A crise económica que padecía a facenda pública a mediados do século XVIII fai que xurdan novos impostos, ou que os existentes sexan regulados, de forma que unha boa parte vaian a engrosar as arcas baleiras da desaguisada facenda pública dos Austria.

Primeiramente, para proceder a unha racionalización e unificación dos sistemas tributarios, faise necesario coñecer a riqueza e pobreza existente en todo o territorio nacional, así como os seus titulares, o que fai necesario que se proceda a fazer inventarios, os cales terán a definición final de Catastros. Esta palabra de orixe latín bastardeado, de tempos de Carlo Magno, pódese formular a grandes rasgos dicindo que constitúe unha estatística ou inventario de todo inmóvel, ou calquera outro ben que xere beneficios, tanto naturais como artificiais. Historicamente, en

Europa xorden dous sistemas catastrais: o modelo Latino e o Xermánico. O xermánico caracterízase principalmente porque nun principio a súa finalidade era facer un inventariado da titularidade da propiedade (Rexistro da Propiedade), sendo secundaria a fiscalización da propiedade. O modelo latino, no cal se encontra Francia, Italia e España, é todo ó revés do xermánico, este nace prioritariamente coa finalidade de recadar impostos, deixando de lado a titularidade da propiedade, a cal non se levará a cabo ata o ano 1861. Por outro lado a fiabilidade dos Catastros latinos é dubidosa, xa que os propietarios tentan facer a maior ocultación posible dos bens, ou dos beneficios obtidos por outros medios. No caso xermano a ocultación é mínima, xa que nun principio o catastro ten un carácter xurídico, de aí a fiabilidade destes inventarios. Na actualidade, na maioría dos países europeos o Rexistro da Propiedade e Catastro están unificados nunha mesma institución; desgraciadamente en España non se dá esta unificación, co conseguinte trastorno á hora de facer unha xestión na cal estean implicadas ambas as dúas entidades, ou nos erros que se producen entre ambas as dúas, por infinitade de motivos.

Como neste artigo non se trata de reflectir a historia Catastral de España, xa que esta se encontra –entre outras publicacións–, perfectamente recollida nos dous volumes publicados polo Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria (C. G. C. C. T.), co título “El Catastro en España 1714-1906”. Realmente, a finalidade que se pretende con este artigo é a de recordar os datos do primeiro Catastro, no cal está reflectida a teoría da riqueza de Galicia. De todos modos, creo conveniente facer unha breve mención dos acontecementos que van configurando os distintos Catastros, ata a actualidade.

Ó longo da historia pódense distinguir tres tipos de Catastros. O primeiro foi meramente de tipo fiscal, que en

zonas xa se remonta ó Antigo Réxime, eran inventarios baseados nas declaracíons dos labregos, ante unha “comisión de expertos”. Na maioría dos casos, en Galicia os declarantes eran os foreiros, subforeiros..., con tal motivo ó meu entender, estes inventarios teñen máis fiabilidade en Galicia que no resto da nación, xa que o campesiñado galego, á fin e ó cabo, estaba declarando as rendas que eles pagaban por unhas terras alleas, das cales só eran donos do útil. Estes Catastros caracterízanse por non estar referenciados a unha rede xeodésica xeral, xa que non presentan ningunha correspondencia co Rexistro da Propiedade.

O segundo modelo son os Catastros parcelarios, os cales se van producindo en Europa a mediados do século XIX. Este modelo ten a maiores da fiscalización a finalidade de inventariar a descripción das parcelas, e sobre todo por estar referenciados a unha rede xeodésica xeral, para a cal é necesario o levantamento topográfico do territorio, ó cal fai referencia o inventario. Loxicamente, estes Catastros ofrecen unha fiabilidade moi superior ó anterior. En España, os primeiros movementos para o levantamento dunha carta xeográfica e planos topográficos dan comezo coa formación da Comisión de Estatísticas Xeral do Reino 1855, dando comezo ós primeiros traballos topográfico-catastrais en 1865, co título Regulamento Xeral /operaciones topográfico-catastral. Os avances neste campo foron lentos, dados os atrancos dos terratenentes en obstaculizar os labores catastrais. Por uns motivos e por outros, ata finais da década de 1950 non se daría por rematado o Catastro de Rústica en Galicia, Asturias, Baleares e Canarias.

Loxicamente, a orixe deste largo proceso dun século de duración, non só é atribuíble ás dificultades orográficas do país, senón tamén ós problemas xurdidos cos titulares das propiedades, os cales intentaron por todos os medios dilatar ó máximo o proceso, quizais o maior problema estivo nos grandes acontecementos políticos acaecidos no país.

O terceiro modelo son os Catastros correlacionados co Rexistro da Propiedade, a este modelo optaron a maioría dos países europeos, durante a metade do noso século. Nestes catastros conxúntanse as características dos catastros parcelarios coa titularidade da propiedade, e a súa correlación co Rexistro, o cal adquire a categoría xurídica. Por desgracia, España non segue o proceso dos países europeos, os cales na maioría acabaron refundindo Catastro e Rexistro nunha única institución, cos conseguintes beneficios, non só económicos, senón tamén os burocráticos.

A historia do Catastro en España dá comezo co reinado de Felipe V, co establecemento na Coroa de Aragón

do sistema tributario, baseado na contribución directa, proceso que se leva a cabo tra-la Guerra de Sucesión.

O primeiro político en sentar as bases da reforma da Facenda foi o concelleiro do rei Jean Orry, a reforma lévase a cabo en dúas etapas 1702-1706 e 1713-1715; despois dunha pormenorizada análise do sistema dos impostos da Coroa de Castela, os cales intenta reformar, coa pretensión de introducir un sistema similar en Aragón e Valencia, o primeiro reparto da Única Contribución en Aragón deu comezo en setembro de 1714, quedando fixado en 1718. A posta en funcionamento en Valencia dá comezo en marzo de 1715, materializándose un ano máis tarde. No decreto do 9 de decembro de 1715, Felipe V extendía o sistema de contribución directa a Cataluña, a cal recibiría o nome de Catastro, o encargado de materializalo foi o Superintendente Xosé Patiño. Coa Real Orden do 6 do outubro de 1717 a contribución implántase en Mallorca, onde é coñecida co nome de Talla Xeral.

O proceso de centralización da administración comprende a abolición dos foros e privilexios de Valencia en 1707, Aragón 1711, Mallorca 1716, Cataluña 1716, ademais da centralización da administración desde Madrid, dos antigos reinos mediante Capitanías Xerais, Audiencias e Intendentes.

Fernando VI, baseándose nos positivos resultados obtidos coa Única Contribución, practicada en Cataluña co nome de Catastro, instaurado por Patiño e reformado por Sartine en 1735, vai ser un referente para instaurar o mesmo modelo na Coroa de Castela; o encargado da instauración do novo réxime contributivo, nunha facenda que se encontraba nunha situación caótica, ía ser o Marqués de Ensenada, D. Cenón de Somodevilla, secretario do Despacho de Facenda. No ano 1736, é recompilada toda a información existente acerca da Equivalente de Aragón más a do Catastro catalán, o encargado de recompilar toda a documentación foi D. Pedro de Hontalva y Arce, á morte deste, que non tardaría en acontecer, a misión recaía no marqués de Ensenada, o cal gozaba de toda a confianza do rei Fernando VI.

Ensenada encárgalle en 1745 ó intendente de Murcia substituír as rendas de Provincia, por un só tributo, un



A DIVERSIDADE DOS SISTEMAS CONTRIBUTIVOS EN ESPAÑA ANTES DA REFORMA TRIBUTARIA DE MON (1845).

ano máis tarde pónse en práctica un sistema semellante en Guadalaxara, baixo o control de D. Felipe Sánchez de Valencia, encargado da Dirección Xeral de Rendas. A base tributaria estaba fundamentada na imposición de gravames sobre a riqueza –Imposto Xeral– e sobre a actividade productiva persoal –Imposto Persoal–.

Ensenada, en 1749 manda ó Rexente de Barcelona e a cinco expertos que analicen os informes de Guadalaxara; estes informes acompañados polos pareceres dos Intendentes que analizaran o contido dos informes, foron revisados por representantes da Xunta da Única Contribución, que estaba composta polos representantes de todos os consellos. O dictame foi negativo ó considerar que os informes presentados como Proxecto de Contribución Catastral eran semellantes ós de certas repúblicas italianas, camuflado con retoques despiñantes. O secretario de Facenda tivo que facer uso do poder influínte que ostentaba para que o proxecto fose aceptado, unha vez solventadas algunas diferencias de procedemento, tales como a conveniencia de proceder á medición das parcelas e á unificación dun modelo de interrogatorio e reglas a seguir. No Real Decreto de Fernando VI, de outubro de 1749, quedaron recollidos os seguintes mandatos:

Habiéndose propuesto, bien dirigidas, controvertidas y aclaradas las reglas que la prudencia humana ha dictado, con el fin de reducir a una sola contribución las de Millones, Alcaballas, Cientos, Servicio ordinario y sus agregados, contribuyendo cada vasallo a proporción de lo que tiene con equidad y justicia, guardándose esta a los dueños de ramos enajenados en las mismas rentas y a los juros situados en ellas, por ser mi Real voluntad que unos y otros perciban siempre iguales cantidades a las que hayan cobrado hasta aquí, y que para todos sea libre el comercio interior, he resuelto que los Intendentes que separadamente nom-

braré, pongan en práctica la instrucción que se insertar a continuación...”.*

Agora chegaba a tarefa máis ardua, consistente en poñer en práctica o Real Decreto, os encargados de aplicar o decreto ían ser os Intendentes provinciais, asesorados por agrimensores e expertos nesta materia. En cada pobo, os Intendentes reais primeiramente debían solicitar un asesor e un escribán para constituír a Xunta Local. A xunta formábana o cura da parroquia –previo recado cortesán–, o alcalde, dous rexedores e algúñ veciño coñecedor do terreo. Xa formada a Xunta Local, daban comezo os Interrogatorios Xerais, ante a cal ían declarando as cabezas de familias, as pertenzas que obraban no seu poder, tanto que fosen en propiedade ou en arrendo; os interrogatorios facíanse por parroquias, os interrogados ou cabezas de familias, começaban declarando o número de vivendas, se eran terreas (planta baixa), de non figurar, entendíase que era de planta alta, así como os alpendres, todas coas correspondentes medidas en varas, a continuación viñan as terras tanto de cultivo como de monte, coas correspondentes categorías e superficies, así como a titularidade das mesmas e rendas se as houbese, seguíanlle os animais de toda especie (exceptuando os galináceos), tanto que fosen en propiedade ou en parcería. De suma importancia era a declaración dos muíños, así como o tempo de moenda durante o ano; para darnos unha idea do valor fiscalizador desta industria, se así se pode considerar, mentres que unha casa das de máis valor pagaba 7 reais, un muíño que moese seis meses pagaba 40 reais e moendo todo ano pagaba 80 reais; isto danos unha idea da importancia que tiveron os muíños (para min teñen un valor etnográfico importantísimo, xa que é un dos poucos elementos na nosa terra construídos polos nosos campesiños en réxime de “cooperativa”), finalmente quedaban as tabernas, estancos, industrias e asalariados. Unha vez efectuada a comprobación do interrogatorio, dábase por concluído o Libro de Leigos, no cal quedaban recollidos todos os datos; estes inventarios realizáronse en Galicia polo ano 1752.

Nun próximo artigo farei a redacción íntegra do Interrogatorio do Couto de San Martiño de Corenza, anexo de Santa María de Roo.

BIBLIOGRAFÍA

Arquivo parroquial de Santa María de Roo.

El Catastro en España 1714-1906 (Ministerio de Economía y Hacienda, vol. 1).

Santiago de Compostela 1752, Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada (intro.: Antonio Eiras Roel).



Manuel Castro Nimo (Premio Alfonso Costa 2004)

Lección cero: As grandes preguntas

X. Ricardo Losada

“Na nosa cultura do acomodaticio vivimos acomodadamente a nosa crise”

John Berger

inguén pode negar que educación e país desenvolvido son sinónimos. Pero toda moeda ten dúas caras. A cruz da educación é *crise*. Outro sinónimo. Non hai época da historia na que os vellos non se queixaran dos mozos. *Ónde imos parar* é a frase que máis repiten. *Qué razón tiña meu pai* din, covardemente, asumindo a derrota dunha vida (dío moi ben García Márquez: el primer síntoma de vejez es que uno comienza a parecerse a su padre). Con elas dúas queren dicir o mesmo: as novas xeracións están mal educadas. Sen embargo, no último século as expectativas de vida aumentaron, gracias á educación (o corpo é o mesmo que morría de gripe a principios do século vinte), preto de corenta anos. Morremos, sen que ninguén proteste polo atraso en chegar ao ceo, aos otenta.

Logo: ¿Por que *crise* é o diagnóstico habitual na educación? Intentarei aproximar unha resposta.

É certo que os vellos sempre se queixaron dos mozos (iso que o noventa por cento dos descubrimientos fanos menores de trinta anos) pero non o é que se queixaran da educación. As queixas sobre o sistema educativo xorden, como o matrimonio por amor, a partir do

século vinte, cando, lentamente, se universaliza. Homes e mulleres, ricos e pobres. Antes ninguén se queixaba: só educaban aos mellors e os avances eran para os ricos. Un exemplo: Inglaterra, principios do XIX, miles de obreiros viven amoreados en condicións infrahumanas. Non se toman medidas ata que (os virus son demócratas: contaxian a ricos e pobres por igual) xurdiron epidemias.

Pero, independentemente do carácter elitista, aquela educación tiña unha vantaxe. Os gregos, os renacentistas, os ilustrados, poñían no centro da educación as grandes preguntas. ¿Que somos? ¿Libres? ¿Iguais? ¿Animais? ¿Deuses? ¿Podemos ser felices? ¿Cal é o mellor goberno? Só respondendo a esas preguntas (ademas, pero antes, de responder ás preguntas matemáticas e físicas e químicas e económicas –Newton, o científico más importante, dedicou máis horas á filosofía que á física porque, dicíao el, era a única forma de ser un bo científico–), chegaron, aqueles ricos educados, á conclusión de que a monarquía absoluta era unha mala forma de goberno, de que a cultura é a base da civilización e o progreso, de que non é posible que un se salve se non nos salvamos todos.

Por iso, non debes caer na trampa (ou respondes ti ou responden por ti) de pensar que son preguntas abstractas e retóricas. Vexámolo. Cando eu tiña quince anos e abría os ollos ao mundo (principios dos setenta: onte), era lóxico pensar que a dictadura era un bo sistema de goberno, que nenos e nenas debiamos estar en clases separadas, que os comunistas tiñan rabo e cornos, que o divorcio rompería a estructura social, que a minsaia aumentaría o número de violacións, que, en fin, un home (un macho) era un deus que non se rebaixaba a usar un paraugas de cor verde ou amarelo ou azul nin a ir comprar cebolas á tenda.

Hoxe, cando llelo conto aos alumnos, son profesor de Filosofía, despois de non dar creto, rinse. Rídesvos,

dígolles, quero que o saibades, porque houbo unha transición política na que se volveron a facer, para dar outras respuestas, as grandes preguntas. Unhas preguntas (xa Franco as respondera por todos) que o sistema educativo anterior renunciara facer. ¿As grandes preguntas?, soltan con agresivo sarcasmo. Si, contesto, gracias a elles, entre outras moitas cousas, mozos e mozas podedes estar xuntos nesta aula. Revólvense no asento, xa ganei algo, escépticos. Explicaraste, piden, non o entendemos. Orgulloso, explícome: Para que esteades aquí mozos e mozas houbo que volver a responder preguntas como *¿son as mulleres seres humanos?*, que Franco se apropiou, asumindo séculos de interpretación interesada da Biblia, para responder como lle petara. Non, sentenciou, non son humanas. Como consecuencia, mulleres de carne e óso, avoas, tías e veciñas vosas, de aquí, de Noia, pero tamén da Coruña e Úbeda e Barcelona, circunscribiron a dignidade á cociña, asumiron tratos indignos como se fosen culpables, non tiveron contas bancarias nin saíron ao estranxeiro sen permiso dos homes, e mandaron, por sentido común e orde natural das cousas, aos fillos a estudiar inglés ao instituto masculino e ás fillas francés ao feminino.

Xa podo dicilo. Percibimos unha educación en crise (non chega contestalas cando as cousas van mal, como non chega preocuparse por un fillo cando xa é adicto) porque nos decatamos de que os rapaces non saben responder as grandes preguntas. Non son conscientes, queixámonos, do que tiveron que loitar pais e avós para que eles vivan como (mal) viven, de que non saben o qué queren, de que, a pesar dos avances tecnolóxicos, non collen (vagos, irresponsables, violentos, insolidarios, ignorantes) o duro que é vivir. De dónde veñen, qué son, cara ónde van.

(Non coincido con ese diagnóstico sobre a mocidade pero é outro tema, no que non vou entrar. Os que falan así recórdanme a esas orquestras que só se preocupan de converter os palcos en *platós* de televisión, e que logo se queixan de que a xente non baila).

Cando comecei a dar clase tiven que decidir, consciente dos prexuízos aos que me enfrentaba, por qué tema introducía aos alumnos na filosofía. Levoume tempo. Tiña medo de comezar polas grandes preguntas: qué somos, de dónde vimos, cara ónde imos. Sabía que debía pero estaba seguro de que se rirían nas miñas barbas. Pero, era menor de trinta, non me achiquei. Confecionei un tema co que eu consideraba a pregunta máis importante da educación. Xa que temos fama de andar polas ramas, iría ao gran. Cando cheguei a clase, teme-

roso (o día anterior, o da presentación, amedrentáranme; púxenlle unha adiviña trampa para saber qué pensaban da filosofía: van nun globo aerostático un físico nuclear, un deportista de elite e un filósofo; de súpito hai un escape de gas e, despois de analizar a avaría, deciden que a única forma de salvar a navegação é tirándose un. ¿Cal debe tirarse e por que? Dos vinte, dous acertaron: o más gordo; o resto respondeu que non había problema, tiraríanse os outros dous cansados de aturar ao filósofo; ao saír, escribín unha carta de dimisión ao conselleiro), temeroso, e dixen que o tema 1 se titulaba *¿Merecemos vivir os seres humanos?*, pensei que abrían a ventá e se tiraban.

Polo menos nós, si merecemos, dixo o simpático do grupo, ¿pasamos ao tema 2?

Que non correse tanto, díxenlle. Fagamos un pouco de historia. Algúns exemplos introductorios para que vexades que non é tan doado. Os espartanos mataban (tirábanos por un barranco) aos nenos que nacían con defectos físicos. Os primeiros exipcios, cando morría o faraón, mataban aos familiares e serventes para que o acompañasen na eternidade (despois a alguén, educado, ocorréuselle a feliz idea, que persiste hoxe, de substituílos por estatuas, ou cadros). A G. Bruno queimouno vivo nunha fogueira pública a Inquisición por dicir que o universo era infinito. Os incas colgaban da póla dunha árbore, preto dun barranco, como sacrificio aos deuses, a mulleres co fillo en brazos para que o último que visen, a medida que perdían as forzas, fora caer ao fillo no barranco. Facíano, uns e outros, porque estaban convencidos de que non merecemos vivir todos. Só algúns. Os ricos e educados.

Daquela eran más brutos que un arado, berraron.

Hai sesenta anos, continuei, os nazis mataron a seis millóns de persoas. Moi-

tas das gaseadas en campos de concentración. Os estalinistas divertíanse metendo centos de persoas nun cuarto de tal xeito que cando alguén morría seguía de pé arrimado aos outros. En moitas aldeas da China actual matan nenas, só por selo, ao nacer. En Ruanda miles de persoas son enterradas vivas en fosas comúns. Nas dictaduras de Arxentina e Chile metían aos nenos en avións e tirábanos ao mar. Tamén contestaran esa pregunta.

Xente enferma, dixerón.

Vou cambiar de ámbito. Hai catro anos corenta membros dunha secta californiana, os dadivianos, suicidáronse para ir vivir á cola dun cometa que pasaba ese día preto da terra. Para pertencer a esa secta había que ter un coñeciente intelectual superior a 120. Todos eran persoas socialmente integradas, e realizadas. E que tamén respondesen a esa pregunta. Como Jokin, ese rapaz que acaba de suicidarse no País Vasco acosado por compañeiros de clase.

Puxéronse serios, era un deles.

Imaxinade, propuxen, que, como pasou nun hospital en Inglaterra hai cinco anos, temos que decidir entre operar a vida ou morte a un mozo fumador e a un adulto non fumador. ¿Como decidiades? Os ingleses, con mentalidade neoliberal, decidiron ao non fumador porque lle custa menos cartos á seguridade social. Un xitano operaría ao máis vello, consideran que cando morre un vello morre unha biblioteca. Un espartano ao mozo, ten máis vigor físico para a guerra. Un nazi ao que tivese unha árbore xenealóxica sen mazás podres. Cada un deles tomaría unha decisión real, concreta, porque respondeu de xeito distinto a esa xa famosa gran pregunta. Que fai rir por igual, pero por razóns distintas, a poderosos e ignorantes.

¿Que tes contra os ignorantes?, protestou un; era dos que acertara a adi-

viña.

Nada, a escritura inventouna un analfabeto. Moito, se son, como os que rin das grandes preguntas, dos que pensan que saben. Pero non desviemos o tema. Pensade para rematar, mirei o reloxo, na eutanasia, a clonación, as células nai, a biotecnoloxía, o terrorismo, a emigración, o abandono dos vellos, o aborto. Non teredes opinión (como os vosos avós na dictadura) sobre esos temas se non contestades esa pregunta. ¿Merecemos vivir? ¿Por que? ¿E que dicir do problema dos problemas, a fame? Segundo a ONU, con vinte euros ao ano salvaríamos unha vida no Terceiro Mundo. Pregúntovos. ¿Merecen vivir aqueles aos que nunca miramos, nin miraremos, aos ollos, pero que nos custan vinte euros ao ano?

Soou o timbre. Recollín e funme, disposto a romper a carta de dimisión, coa filosofía a outra aula.

Conclúo con tres ferramentas que usan os filósofos que me gustan. As citas, as anécdotas, os aforismos.

Primeiro a cita. Einstein: “O século XX é superior aos demás séculos pero é inferior a si mesmo”. (Inferior a si mesmo: pode solucionar problemas, como o da fame, e non quere).

A anécdota. Un amigo austriaco, que traballaba de vixiante no Kunsthistorisches Museum de Viena nos anos cincuenta, contoume que cando os familiares (analfabetos que viñan da rexión máis pobre de Austria) o visitaban gratuitamente no museo, seguíano, totalmente intimidados, a través das salas dos grandes mestres e admiraban... o seu uniforme.

O aforismo. A filosofía relaciona grandes preguntas (citas) con feitos actuais (anécdotas). Só vendo esa conexión os alumnos poderán entender o mundo no que viven. Deixarán de ser somníambulos. Do mesmo xeito que se queixaba o meu amigo porque os familiares apreciaban o seu uniforme e non as obras de arte (eran inferiores a si mesmos), quéixanse os pais cando os recibo como tutor: os fillos prefieren ver borralla no ordenador que xogar na rúa, e non entran en razón, non hai quien fale con eles. Están maleducados, laméntanse. Iso que teñen de todo.

É verdade, dígolles, teñen de todo. Logo: ¿por que nos queixamos?

Ás veces, continúan (nin me oíron), preguntámonos se viven neste mundo; se serán humanos.

Unha gran pregunta.



O Taller de Gravado desexavos
unhas Felices Festas.

Un poeta de Ribeira do século XIX edita un libro en Noia en 1881



X. Pastor Rodríguez

O século XIX é o século da recuperación da lingua galega para a literatura. Esta recuperación non foi só obra dos grandes autores como Rosalía, Curros ou Pondal, senón labor de toda unha constelación de escritores que contribuíron coa súa obra ao desenvolvemento dunha literatura propia para Galicia. Entre estes escritores hai un ribeirense, **Manuel de Marcos Santos**, ata agora só un nome nos escasos repertorios que o citaban, que ignoraban o seu lugar de nacemento e calquera outro dato biográfico.

En 1881 sae do prelo en Noia un volume titulado ***Risas y lágrimas***, editado por Eduardo Riva na imprensa do xornal ***El Zumbido***. O autor é Manuel de Marcos Santos, que engade na portada o seu sobrenome “*El poeta de Santa Baya*”. O dato da portada, é dicir, título e autor é o único que aportan a partir deste momento as obras que tratan de literatura galega, pois o volume é bilíngüe e contén seis poemas en lingua galega. O primeiro repertorio que dá conta desta obra é o publicado por Eugenio Carré Aldao en 1911, dato que se limitan a repetir Couceiro Freijomil en 1952 e Carballo Calero en 1975. Couceiro engade que usou o pseudónimo “*E. Garcés*”, que levará a confusión aos autores posteriores. O volume contén ademais setenta e nove textos en castelán, áinda que un deles é un conxunto de catorce epigramas e outro un monllo de corenta e cinco cantares. A obra debeu saír á luz no segundo semestre de 1881, pois algúns dos poemas

están datados nos seis primeiros meses dese ano, mentres que os más antigos son de 1876.

QUEN ERA E DE ONDE MANUEL DE MARCOS?

O seu único volume publicado levounos a supoñer que tiña que estar moi vinculado á bisbarra da Barbanza, non só polo lugar de impresión da obra, senón tamén porque moitos dos textos aparecían asinados ou relacionados coa nosa comarca, citando a Noia, Pobra do Caramiñal e Porto do Son. Tras unha búsqueda en moitas obras especializadas, nada nos aportaron sobre o autor, tendo que recurrir aos arquivos parroquiais e xudiciais. A aparición dunha partida de matrimonio dun **Gabriel de Marcos Feijóo**, celebrado *in articulo mortis* na mesma data do seu falecemento, o dezanove de decembro de 1883, púxonos na pista definitiva. Gabriel de Marcos casa con **María Santos Romero**, natural de Ribeira. Outra partida de matrimonio lévanos xa directamente ao poeta, quen casa na igrexa de Santiago do Deán o trinta de setembro de 1889 con Perfecta Acuña-Valdivieso, sinalando que o contraente ten vinte e nove anos e que é natural de Ribeira, áinda que reside na Pobra na rúa do Curraliño. Ao non existir nesas datas o Rexistro Civil, houbo que recorrer á partida de bautismo, que en principio, en 1860 non sinalaba o nacemento de ningún Manuel de Marcos. O misterio aclárarse porque foi anotado como fillo de solteira, pois seu pai non pudo recoñecelo como fillo lexítimo ata que celebrou o matrimonio con María Santos o mesmo día da súa defunción, e así o neno foi anotado como Manuel Salvador Santos, nacido o 21 de febreiro de 1860, bautizado ao día seguinte por Domingo Antonio de Pazo. A partida de nacemento revela que tiña xa unha irmá, que foi a súa madriña, chamada Manuela e que o neno naceu en Banda o Río, que era neto de Salvador Santos e Gertrudis Romero, xa defuntos nesas datas. O seu padriño foi o seu tío Pedro María Santos. Eran familia humilde, pois o avó consta como xornaleiro.

Esa orixe incerta levouno sembre a eludir citar directamente o seu lugar de nacemento, probablemente por

ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO		Praza da Inmaculada, 5 Apto. de Correos nº 381 15704 Santiago de Compostela tels. 981.56.28.00 981.58.38.84 Fax 981.56.36.91 ahdsantiago@archicompstela.org
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Archivo Histórico Diocesano SANTIAGO DE COMPOSTELA	Ref. P655/04 ENTRADA 29 JUL. 2004 SALIDA
DON ELISARDO TEMPERÁN VILLAVERDE, DIRECTOR DEL SERVICIO DEL PATRIMONIO DOCUMENTAL Y BIBLIOGRÁFICO Y DEL ARCHIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
CERTIFICA:		
<p>Que en el fondo parroquial de Ribeira, Santa Uxía, serie Libros Sacramentales, número 8, folio 69, de este Archivo, hay una inscripción que literalmente dice:</p> <p>"En la parroquial Iglesia de Santa Eugenia de Riveira a veinte y dos dias del mes de Febrero año de mil ochenta y seiseta. Yo Don Domingo Antonio de Pazo cura propio de ella, bauticé solemnemente a <u>Manuel Salvador</u>, que nació a las cuatro de la tarde del dia antecedente, hijo de Manuela Santos, soltera y de padre incognito, abuelos maternos Salvador Santos, y Gertrudis Romero, difuntos, vecinos de esta, Parte del río, jornalero: fueron padrinos Pedro María Santos tío paterno, y la hermana del bautizado Manuela Santos a quien advirtió el parentesco y mas obligaciones. Y para que conste lo firmo = Domingo Antonio Pazo (<u>rúbricado</u>)".</p> <p>Al margen izquierdo: "Nº 14. Parte al río. Manuel Salvador".</p> <p>Es copia fiel del original a que se remite.</p> <p>Y para que conste lo firma y sella, con el de este Archivo Histórico Diocesano, en Santiago de Compostela, a dia veintinueve de julio de dos mil cuatro.</p>		

PARTIDA DE BAUTISMO DE MANUEL DE MARCO

presión social, que consideraba pouco correcto o ser filho de solteira. Así no poema titulado “*Introducción*” o autor dirá: “*¡Gallego soy! Yo vi la luz primera / en pintoresco de Galicia puerto; / las brisas de sus mares me besaron / y en pobre, humilde cuna me mecieron*”. Tampouco a prologuista do libro, unha descoñecida **Adelina de Lustonó**, que tampouco cita ningún repertorio de escritoras españolas do século XIX, sinala o lugar de nacemento de Manuel de Marcos, chegando a afirmar “*cuyo nombre no interesa*”.

Tras un percorrido exhaustivo polas antoloxías de poesía do século XIX e polos repertorios bibliográficos, en ningures logramos ver ningunha publicación nin ningún dato biográfico de Adelina de Lustonó. O apelido é pouco frecuente en Galicia, mais tampouco abonda no resto da península. Como mera hipótese é posible que tivese parentesco con **Eduardo de Lustonó**, escritor satírico e festivo, nado en Madrid en 1849, autor de sainetes, zarzuelas, artigos costumistas e mesmo algunha novela como *La fe* (1892), que foi coñecido polo seu pseudónimo de “*Albilló*”. É autor hoxe moi esquecido, áinda que se teñen reivindicado os seus volumes costumistas e de contos *La capa del estudiante* (1880) e *El quitapesares* (1870). Foi tamén autor do poemario *Cancionero de amores* (1903) e das pezas teatrais *Basta de suegros* (1875) e *El ciudadano Simón* (1894), e debeu falecer en

1906. A prologuista non figura mesmo no completísimo repertorio de María del Carmen Simón Palmer, que recolle as autoras españolas dende 1833 a 1900, onde figurán máis de catro mil setecentas.

Manuel de Marcos debeu traballar como curial no xulgado da Pobra, pois é testemuña na partida de nacemento de **Victoriano García Martí** en 1881. Seguramente aprendera como escribán co seu pai, que o fora de número en Ribeira e logo na Pobra do Caramiñal, áinda que nacera en Carril en 1799. Na data do seu falecemento residía na rúa da Ponte e casou tras recibir xa o viático. A partida dese matrimonio celebrado no leito de morte por Gabriel de Marcos con María Santos, sinala ademais que era viúvo de dona Manuela Vilariño, que exercía como un dos escribáns de número da Pobra, pero asignado ao municipio de Boiro e que era fillo legítimo de Domingo Antonio Marcos e María Juana Feijó, os dous naturais de Carril. Ao celebrar a ceremonia matrimonial reconece como fillos legítimos a Manuela, que vivía con el, duns trinta anos de idade e a Manuel Salvador, que nese intre residía en Madrid, xa que estaba facendo o servizo de armas.

Sabemos que tivo relación co máis importante dos poetas en lingua galega da comarca da Barbanza, o noiés **Lisardo Rodríguez Barreiro**, que chegará a ser membro da Real Academia Galega, pois dedícallle dous poemas, un deles asinado na Pobra o once de febreiro de 1880.

O volume de Manuel de Marcos, *Risas y lágrimas*, contén poesía de tipo relixioso, intimista, narrativo e epigráfico. Dos seis textos galegos o máis interesante é o costumista titulado “*Alalá*”, áinda que resulte tamén de interese o dedicado ao convento de Santo Antonio da Pobra do Caramiñal. A prologuista sinala acertadamente cales eran as influencias literarias de Manuel de Marcos, pois cita a Zorrilla, Espronceda, Antonio de Trueba, Bécquer e Núñez de Arce, o que o sitúa no tardorromanti-

EDUARDO RIVA, EDITOR.—NOYA.

RISAS Y LÁGRIMAS.

POESÍAS

DE

MARCEL DE MÁRCOS SANTOS,

(EL POÉTA DE SANTA BAYA.)



NOYA: 1881.

Establishment Tipográfico da Ex. Estrela,
Piso, s/n. 4.

PONTADA DA EDIÇÃO DE *RISAS Y LÁGRIMAS*
DE MANUEL DE MARCOS SANTOS

VALES FAILDE

ROSALÍA

DE CASTRO

MADRID

IMP. DE LA REVISTA DE ARCHIVOS
Infantas, 42, bajo izq.
1906

PONTADA DA OBRA DE VALES FAÍLDE DE 1906

cismo. O primeiro poema do libro é unha clara afirmación de galeguidade, lembrando a honra de pertencer a un país que produciu figuras como Macías, Francisco Añón, Méndez Núñez e os escultores noieses Ferreiro e Felipe de Castro.

Os poemas galegos son os titulados “*Non te untes*”, datado en 1879, “*Ó convento*”, de febreiro de 1881, “*O dia de festa*”, de agosto de 1879, “*A Carmela*”, de 1880, “*Alalá*”, de febreiro de

6.

O Tío Marcos d'a Portela.

onibete que, como recordo, lle dera Micayela faría un ano, pol-o cal se lembrou d'ela, y-hasta paraí que lle saiu d' o seu peito un suspiro, pro un suspiro d'eses que «non chegan d' eiqui acuá...».

E dempois, que o picou parouse á envolvelo n-un folato d' as espigas de millo que porparou ó seu xeito—xa saben que os labregos non podan chegar á mercar d' eses librinhos que gastan os señoritos,—y-estando n-esto, mirou, por casualida, pr'a unha casa sola, qu' estaba preto á el, que viña dar enriba a mesma calzada.

N-unha d' as suas ventanas, que, como casa d' aldeas, escusado é decir non eran rasgadas como solem ser as d' a vila, viuse de medio corpo arriba unha feiteiriza rapariga, branca com os folepos d' a neve, unhos ollos negros e grandes como bugallos, o cabelo solo c' us. rizinhos n-a testa que li' estaban como estarlle pode á unha raia a coroa n-a cabeza, de fauciños mimosinhos, que ben ás craras facían vor non andaba ós requeimós d' o sol d' o vrua nin os couriscos d' o inverno, n-unha palabria, parecía, ben ou mal comparada, un anxo d' o ceo.

(D' O Galiciano).

A PRIMAVERA.

I

Dias de calma-
Noites de lúa...
ceos d' azul...
Y-o cuco cuando
acu-cu vai dicindo
y-os eos sorrido
repiten acu-cu."

II

X' os álbres despídilos
se croben de follas;
x' os paxaros pian
pousados n-as polás
e runxen os ríos
con os roncos...
Y-as herbas renacon
v-os tallos retóban...
N-a natureza...
tod' é vida nova...
¡Tan só n-o meu peito
é vell' o dolor!...

III

Paxariño que cantas palreiro

mirand' o teu niño
con ternio mirar...
¡Quén poidera, galán d' o louriceiro,
xentilo paxariño,
contigo cantar!...

¡Quén poidera, sin ánsias nin dores,
teus cantos d' amores
contento imitar!...
¡Quén poidera d' o peito dorido
forzar un soido
d' o noso alalá!...

M. DE MARCOS SANTOS.



N-o Cartame literario que pra festexar a creación d' a estauta d' o P. Feixoo vai á celebrarse en Ourense n-o videoiro mes de Xunio, otorgaran-
s' estes premios:

I. Un loureiro de prata, ofrecido pol-a prensa gallega ó autor d' a mellor poesía escrita en castelao con libertad, d' asunto.

II. Un oxento d' arte, ofrecido pol-o ilustrísimo señor gobernador civil d' a provincia, don Ricardo de Vargas Machuca, á mellor monografía Fillos ilustres d' a provincia d' Ourense.

III. Unha escribanía de prata, ofrecida por D. Enrique e D. Saturno Gomez, á mellor romance descriptivo d' aldea de Casdemiro, cuna de Feixoo.

IV. 125 pesetas, ofrecidas pol-o Concello d' o Pereiro d' Aguiar á mellor composición en gallego dedicada ó P. M. Feixoo.

V. Botonadura d' ouro con esmalta branco, ofrecida pol-o Excmo. señor brigadier gobernador militar d' a provincia, á mellor poesía escrita en gallego ou castelao d' A pátria.

VI. Pruma d' ouro, ofrecida pol-o Ilmo. señor D. Xoaquín Vila Yáñez, contalor d' a Diputación provincial, á mellor narración en prosa ou verso d' un feito histórico importante d' a provincia d' Ourense.

VII. 250 pesetas, ofrecidas por D. Xosé A. Barban, de Verín, á mellor memoria sobre os beneficios qu' emprestan á agricultura as aves insectívoras.

VIII. Portapluma d' ouro cincelado, ofrecido pol-o Excmo. señor D. Castor García, senador d' o reino, á mellor leitura ou tradición ourensá, escrita en prosa ou en verso.

IX. Caja artística de metal e cristal tallado, ofrecida pol-o diputado á Cortés por Trives don Xil María Fabra, á mellor composición poética.

O TÍO MARCOS DA PORTELA, Nº 174, 03-04-1887

1881 e “*A Vicentiña Tato García, nena de poucos anos e moitas gracias*”, datado en abril de 1881.

Entre os poemas más interesantes da obra están un “*Soneto*” satírico, outro dedicado “*A Santiago el Mayor*”, de xullo de 1880 e “*A la libertad*”. O más curioso do libro é un “*Ovillejo*”, que naturalmente é a famosa estrofa empregada por Cervantes, consistente en dez versos, tres oitosílabos e tres trisílabos ou quebrados, máis unha redondilla, no que o derradeiro verso debe recoller todos os quebrados.

O sobrenome de “*El poeta de Santa Baya*”, que se dá o propio poeta na portada da súa obra, é causa tamén de dúbidas, pois non é fácil saber a que topónimo se refire, aínda que puidera tratarse de Baia, en Argalo, no municipio de Noia, a dous quilómetros da capital do partido xudicial. Pero existen outros topónimos más que se denominan “*Santa Baia*”, aínda que excluímos que se poída referir aos nove lugares que existen na provincia de Ourense. En Pontevedra existen, cando menos, outros catro: *Santa Baia de Guláns*, en Ponteareas, *Santa Baia do Couto*, en A Cañiza, *Santa Baia de Matalobos*, na Estrada e *Santa Baia de Cira*, en Silleda.

Tras esta obra rexístranse algunhas colaboracións nos xornais galegos, sendo a máis interesante a que dedica “*A Rosalía Castro de Murguía*” na revista *Galicia* da Coruña en abril de 1887, que coñeceu certo éxito, pois foi reproducida no máis importante xornal en galego do século XIX, *O Tío Marcos da Portela* no mesmo mes, e logo recolleita por Javier Vales Faílde no seu volume de 1906 *Rosalía de Castro*, editado en Madrid. No mesmo xornal publicou o poema “*A primaveira*”, tamén en 1887. Xa en 1911 non se teñen noticias de que siga a publicar, pois Carré Aldao na súa *Literatura gallega* sinala que “después de sus Risas y lágrimas, permanece silencioso”. Consideramos o máis interesante da súa produción, xunto co dedicado á autora de *Follas novas*, o poema titulado “*A primaveira*”:

I

*Días de calma
cheos de luz...
Noites de lúa,
ceos d'azul...
Y-o cuco voando
“cu-cu” vai dicindo
y-os ecos sorrindo
repiten “cu-cu”*

II

*X'os álbres despidos
se croben de follas;
x'os páxaros pían
pousados n-as pólás
e runxen os ríos
con doce romor...
Y-as herbas renacen
y-os tallos retoñan...
N-a naturaleza
tod'o é vida nova...
¡Tan só n-o meu peito
é vell'o delor!...*

III

*Paxariño que cantas palreiro
mirand'o teu niño
con terno mirar...
¡Quén poidera, galán d'o loureiro,
xentil paxariño,
contigo cantar!...*

*¡Quén poidera, sin ánsias nin dores,
teus cantos d'amores
contento imitar!...
¡Quén poidera d'o peito dorido
forzar un soido
d'o noso alalá!...*

Couceiro Freijomil atribúelle unha obra teatral titulada *Por una madre*, publicada en Lugo en 1905, dato que

repite outros repertorios sen comprobarlo. Unha consulta ao máis completo repertorio sobre o libro lucense, o de Rielo Carballo, dá a pista para comprobar que se trata dun erro, pois a portada desta obra teatral di que ten por autor a Enrique M. Santos, e sinala tamén o seu pseudónimo de “E. Garcés”. Revisado de novo o repertorio de Couceiro aclárase definitivamente este problema, pois a mesma obra e o mesmo pseudónimo sonlle atribuídos ao avogado Enrique Santos Couceiro, quen dirixira en Santiago *El País Gallego* dende 1888 a 1893.

O volume de Manuel de Marcos ofrece moitas outras curiosidades para os lectores da Barbanza, pois, por só citar un exemplo, dá noticia da representación na Pobra do Caramiñal da obra teatral “*El esclavo de su culpa*”, a noite do vinte e catro de abril de 1881. Non foi un autor de primeiro rango, mais é de interese recuperar unha das poucas figuras literarias da Barbanza que cultivan o galego no século XIX, sobre todo tendo en conta que non abundan os escritores na Ribeira dese século.

BIBLIOGRAFÍA:

- CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 3ª ed., 1981.
- CARRÉ ALDAO, Eugenio: *Literatura gallega*, Barcelona, Maucci, 1911.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, T. II, 1952.
- GULLÓN, Ricardo (dir.): *Diccionario de literatura española e hispanoamericana*, Madrid, Alianza, T. I, 1993.
- RIELO CARBALLO, Nicanor: *El libro lucense (1495 – 1936)*, Sada, O Castro, 1982.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Tomás: *Catálogo de dramaturgos españoles del siglo XIX*, Madrid, Fundación Universitaria Española, 1994.
- SIMÓN PALMER, María del Carmen: *Escritoras españolas del siglo XIX. Manual bio-bibliográfico*, Madrid, Castalia, 1991.
- VALES FAÍLDE, Javier: *Rosalía de Castro*, Madrid, 1906.

Noia e as súas xentes no alborear do século XX

Alfonso González Asenjo

 amizade e a estima dos meus amigos noieses, especialmente de Xoán Mariño, tamén compañoiro de traballo, leváronme ao compromiso de redactar un pequeno traballo de colaboración sobre a única materia na que me sinto algo competente: a Historia.

Así pois, e para enfrentar este compromiso da mellor maneira posible, mirei entre o material que teño á miña disposición e atopei un anuario comercial de Galiza datado no ano 1911, apto como para poder empregalo como base de información; este material procurei completalo con outros xa publicados pero algo dispersos.

Tratei de facer algo así como unha radiografía dese momento histórico, cos comezos da iluminación por electricidade, dos primeiros vehículos de motor, pero tamén da moda do consumo de gaseosas, dos transportes públicos con tracción animal, e tantas outras cousas...

Non se trata dun traballo en profundidade pero si tenta ser unha aportación máis a ese grande fresco ou mosaico que ás veces semella ser a Historia e que precisa contar con centos de “teselas” para que a imaxe final sexa recoñecible e o máis completa posible.

A información está extraída dun curioso documento, o *Anuario Riera*. Este *Anuario* era unha guía comercial de singular valor posto que desmenu-

zando as provincias en partidos xudiciais indagaba despois cada un dos concellos para rematar achegándose ata as parroquias. A información que subministraba, dirixida basicamente aos comerciantes e industriais, incluía unha enorme cantidade de datos.

Os que se aportaban sobre cada un dos concellos, o de Noia, por exemplo, comezaban indicando unha información básica sobre a vila, principais formas de comunicación, feiras e mercados e festas. De seguido procedíase a describir o “elemento oficial”, é dicir autoridades (alcalde, secretario, xuíz, párroco, autoridades militares) e outros empregos da administración pública para continuar coas actividades económicas dispostas por orde alfabética; incluía tamén as distintas actividades liberais: médicos, veterinarios, avogados e procuradores presentes; incluía información sobre as sociedades e asociacións que existiran e os servicios de transporte que se podían tomar dende a capital do concello, sinalando traxecto, horario e prezos. Remataba citando aos principais propietarios, listados tamén segundo orde alfabética. E por último informaba dos “agregados”, é dicir, as outras entidades parroquiais que incluía o concello (Argalo, Barro, Boa, Obre e Roo).

Penso que as actividades económicas estaban lastradas, para unha vila costeira máis que mariñeira, por varios defectos non imputables á propia vila senón ao subdesenvolvemento económico (nin sequera se podería falar do serodio, lento ou curto crecemento, senón simplemente do subdesenvolvemento) da economía galega. Parte deste subdesenvolvemento debíase á ausencia de infraestructuras públicas axeitadas como as portuarias, as estradas e os camiños de ferro.

O *Anuario* amósanos unha Noia que contaba cun discreto papel comercial marítimo entre os 13 portos coruñeses con alfândega; era a 50 administración que más

recaudaba en canto ás mercadorías entradas polo comercio de cabotaxe, mentres que polo valor das mercadorías exportadas nese mesmo comercio ocupaba o 71 posto provincial. Nin moito nin pouco. Proba disto é que só se cita a un consignatario de buques, lóxico se pensamos nun tráfico que imaxinamos exclusivamente de cabotaxe movido por pataches, galeóns, e algunha goleta. Nese mesmo tempo en Muros había catro consignatarios amais de dous axentes de alfândegas; en Corcubión outros catro amais de varios vicecónsules; en Ribeira tres consignatarios, amais dun cónsul.

A ausencia dunha rede moderna de comunicacións terrestres é unha dificultade engadida para o comercio. Noia careceu dun ferrocarril que a unise co interior de Galicia, dende Compostela, por exemplo. Daquela e áinda hoxe as cidades e vilas da Coruña, Ferrol, Vilagarcía-Carril, Pontevedra, Redondela e Vigo eran e son as únicas poboacións costeiras galegas con ferrocarril.

Pero a ausencia do ferrocarril non era a única eiva para o transporte; as comunicacións por estrada estaban moi lonxe de ofrecer capacidade e comodidade aos fluxos comerciais; estradas poucas, mal trazadas, estrepeadas frecuentemente pola climatoloxía, descoidadas e mal reparadas; pontes antiquísimas, abandonadas e insegueras, cando as había, substituídas por vados perigosísimos no inverno; nada disto estimulaba a creación de empresas de transporte modernas, eficaces e polo tanto caras. Así que é de imaxinar que poucas variacións debería de experimentar o transporte por estrada dende os tempos medievais; carros do país de variadas feituras e tamaños; galeras e carretas de múltiple pelaxe, pero seguro que ningún deles melloraba o existente séculos antes.

Con estas condicións os intercambios quedaban restrinxidos ao imprescindible ou moi rendible proveniente de fóra, ao autoconsumo ou ao circuíto forzado da comarca ou área de influencia das feiras. A Noia salvávaa a existencia do mar.

A pesar das dificultades que acabamos de relatar, Noia aparece como un centro comercial ou de aprovisionamento de determinados productos que só se podían adquirir na vila, e inexistentes nas tendas rurais. Moi pouco se producía no país que non fosen produtos agropecuarios ou bens semimanufacturados. O demais tiña que vir de fóra.

Pero Noia era unha vila orientada ao comercio e á prestación de servicios privados, non somentes á propia localidade, senón a un entorno máis amplio. Esa área

poderíamos pensar que focalizaría na vila o punto de abastecemento de bens e servicios e o lugar de concorrenza dos intercambios económicos.

A economía noiesa, excepción feita desa vertente de intermediación comercial, semella unha economía basicamente artesanal, orientada á produción con destino ao mercado de consumo local ou con destino a ámbitos algo más amplos debido á especialización do que se produce artesanalmente, é dicir, os productos do coiro; porque é a industria de transformación e aproveitamento do coiro a que ocupa o lugar preeminente nas actividades da economía manufactureira de Noia, mesmo por riba da que ás veces se considera que o sería, a transformación da pesca. Efectivamente, se ben é posible pensar que capitais de Noia se empregaran na pesca e a súa transformación e comercialización, a realidade indícanos que esas actividades non se realizaban maioritariamente no concello. E a proba diso é que somentes se citan dúas firmas que se dedicaran a esa actividade. Parece lóxico pensar que os noieses se dedicaban á pesca daquela, pero dende logo non era na súa transformación como mantiñan o seu sector manufactureiro. Repito que esa actividade descansaba na industria do coiro. Proba disto é que no ano 1911 existían 19 fábricas de curtir peles e sola, amais de seis comerciantes de curtidos que se supón son os que abastecían de materia prima á industria.

Actividade que á altura de 1911 non era precisamente unha recén chegada á vila. Xa no século XVIII (cara 1764) o cabaleiro Cornide, na súa descriptiva da costa de Galiza, ao citar a vila noiesa destaca: “*Su población es de cuatrocientos vecinos, entre los que hay varias familias distinguidas, muchos pescadores y artesanos, la mayor parte de estos son curtidores y zapateros, que*

comercian en esta especie por las ferias del reino”. E Lucas Labrada, a principios do século XIX, tamén se facía eco da importancia desta manufactura cando na “**Descripción...**” sinala: “(...) se sabe que los más de los pueblos de esta jurisdicción, y especialmente los vecinos de la parroquia del Obre, se dedican desde largo tiempo a **los curtidos de cordován, suela ybecerrillos**, que trabajan por sí mismos y sin fábrica formal, pudiendo sólo llamarse tales dos que se hallan: la una establecida en el coto de San Bernardo, más ha de 60 años, en la cual se ocupan tres oficiales vizcaínos y otros subalternos del país, además de sus dueños; y la otra en el puente de Traba...”

Algo máis pormenorizada na localización dos curtidos é a **Geografía del Reino de Galicia** editada nos anos 20 (aproximadamente no 1925) cando sinala os seguintes lugares: Chaízas, Campo de Noia, Obre, San Bernardo, Ponte de Traba, Camiño Novo e Carcacía xunto cos innominados “*algunos más*” que non se citan.

Rematemos lembrando que na magna obra de Otero Pedrayo “**Historia de Galiza**”, na sección redactada por Xaquín Lorenzo sobre a cultura material, cando se refire aos “Curtidores ou coireiros” vólvese a citar a Noia: “*Hoxe abondan pouco na nosa Terra os estabrecimentos adicados á industria de que falamos, contándose xa apenas en Lalín, Noia e Allariz*”.

Fronte a estas datos chama a atención que a pesca e as actividades manufactureiras derivadas dela non figuren entre o más destacado a principios do século XX.

Xa comentamos que había no Anuario un simple par de cualificadas como “*fábricas de conservas alimenticias*” o que non ten por que facer relación especialmente a fábricas de conservas de peixe. No seu interesantísimo traballo “**La industria conservera**”, publicada na obra colectiva **La sardina. Un tesoro de nuestro mar**, José Carlos Capel cita a vila de Noia como unha das pioneiras na conserva en España: “(...) sin embargo, se sabe que desde 1840 existía en Noya un obrador artesano, propiedad de la familia Caamaño. Pichones, perdices, y también sardinas, componían su limitada y anecdótica producción. (...) Referencias posteriores nos trasladan a 1856. Es en ese año cuando la familia Carreño construye en Noya un obrador para envasar en pequeña escala aves, carnes domésticas, caza y mariscos”.

Os ditirambos do licenciado Molina respecto da riqueza pesqueira de Noia (“cárgete aquí cantidad de

13 - NOIA. La Angustia



sardina, la mejor de todo el Reyno”) parecen ter pasado a mellor vida ao longo do tempo. De feito nos tempos de Cornide (segunda metade do século XVIII) Noia distaba de ser un dos principais portos pesqueiros, e especialmente sardiñeiros; efectivamente a estatística realizada por Cornide outorga á vila uns discretos 12 mil millares de sardiñas, fronte aos 17 mil (só de sardiña) do Son, os 40 mil de Muros, 25 mil de Ribeira. Tampouco era especialmente chamativo o número de embarcacións dedicadas á actividade pesqueira: 12 embarcacións fronte ás 19 do Son, as 110 de Muros ou as 55 de Ribeira... En calquera caso e para abastecer, non só a industria de transformación da pesca ou alimentaria, senón as necesidades comúns ou doutras actividades como o propio coiro, había en Noia un par de almacéns de sal dispostos a cubrir eses requerimentos.

Xunto ao traballo do coiro, existían unha serie de actividades económicas de transformación anque non moi chamativas, pero importantes: así, había un aserradeiro, importante na primeira transformación da madeira e algunas outras como carpinterías (3), alfarerías (2), talleres de cantería (2), fabricación de caldeiros e toneis (2), complementadas con pequenas fábricas destinadas á produción de bens de consumo inmediato como os muíños para obter fariña (5), xabró (1), chocolate (2) e mesmo unha bebida moi demandada naquela época: as gaseosas (3). Como imaxinaremos non se trataba en ningún caso de instalacións industriais senón de dimensións familiares e cunha produción limitada a abastecer os requerimentos da vila, fundamentalmente. Contaba Noia igualmente cunha imprenta e encadernación para satisfacer as demandas máis literarias dos seus veciños á que imaxinamos que abastecían algunha das tres fábricas de papel instaladas no concello; e unha importantísima fábrica de electricidade (*Electra de Noya*) que abastecía o alumado público e privado. Nos anos 20 sabemos que existía unha empresa de abastecemento de electricidade no concello denominada “*Eléctrica del Tambre*”, que contaba co correspondente edificio de máquinas na parroquia de Roo. Así é que a principios do século XX Noia contaba con abastecemento eléctrico, cousa que non tódalas vilas galegas do seu tempo podían dicir.

E tratando de lume non podemos esquecer a existencia de varios (3) talleres pirotécnicos destinados á fabricación de foguetes e lucerío para as festas.

Respecto das necesidades materiais de boca Noia disponía de tres carnicerías, outros tantos comercios de comestibles, dúas confeiterías para os más exquisitos;

un *comercio de ultramarinos* onde se ofrecerían produtos non habituais e ata cinco estancos para os afeccionados ao tabaco; amais diso os amigos do viño dispoñían de tres almacéns de viño para o seu abastecemento cotiá, e se querían beber fóra da casa podían escoller entre as catorce tabernas que despachaban viño e outros bebestibles.

Pode resultarnos algo escaso o número de carnicerías ou comercios de comestibles respecto da cantidade dos mesmos que hai hoxe en día pero pensemos que daquela as taxas de autoabastecemento propias dunha sociedade basicamente labrega ou que practicaba a agricultura eran enormes.

Outro conxunto de comercios eran os que ofrecían produtos manufacturados como os almacéns de ferro e aceiro (2), os comercios de cores e vernices (2), as cristalerías (7), as ferreterías (4), as follalaterías (4), a cordelería, as ebanisterías (4), os comercios de máquinas de coser (2), ou os seis almacéns de madeira que subministraban moito do que se necesitaba para a vida cotiá ou para o desenvolvemento de outras actividades económicas (construcción, navegación, envasado...); podemos complementar esta descripción cunha armería (imprescindible nunha sociedade onde a caza seguía a ser unha actividade bastante habitual) e un depósito e aluguer de bicicletas (medio de transporte barato, de grande utilización e relativamente veloz nunha época onde o habitual era trasladarse dun punto a outro a pé). Quen quixera descansar podería amañar o asento en calquera dos dous talleres de cadeiras existentes. E quen tivera unha besta para desprazararse ou para o tiro podería escoller entre as dúas ferreirías existentes á hora de poñerlle unhas “solas” aos animais; loxicamente tamén podería amañar nelas outros pequenos problemas cos metais.




Temos que deixar constancia de que moitos destes comercios compartían razón social, é dicir que era bastante habitual que nun mesmo local e baixo un mesmo propietario se despachasen distintos productos; por exemplo, dúas das tres carpinterías eran tamén ebanisterías e a terceira era tamén cristalería; polo tanto eran actividades complementarias rexentadas polos mesmos donos, e non comercios distintos. E así sucedía con outros comercios: a razón social *Viuda e hijos de E. Riva*, tiña unha ferretería, a armería, vendía tamén cores e vernices, ferro e aceiro e tiña unha cristalería. Máis curioso era o caso de *Viuda e hijos de Francisco Laciana*, quen tiña unha cristalería, unha tenda de comestibles e máis unha librería. A viúva de Benito Piñeiro simultaneaba o depósito de bicicletas que comentaramos antes cunha reloquería. Outros como *Viuda e hijos de Souto* fabricaba chiculate e vendíao no comercio de comestibles da que tamén eran propietarios.

Outro grupo de negocios ofrecían obxectos e servicios de consumo per-

soal; estámornos a referir ás reloquerías (3), os comercios de fotografías (2), as perruquerías (4) (curiosamente só para homes) e para a demanda de vestir e calzar Noia contaba con catro mercerías, unha sombreirería, trece zapaterías (nada máis e nada menos), lóxico nunha vila tan unida ao coiro; doce comercios de tecidos e cinco modistas para a confección de roupa para as mulleres e sete xastrerías para a roupa masculina; lembremos que a venda de roupa feita era algo non habitual por contra do que sucede hoxe en día. Por último un tipo de negocio hoxe case desaparecido, as cererías, contaba en Noia con tres comercios.

Respecto dos servicios Noia ofrecía unha cantidade suficiente de establecementos e profesionais liberais para atender necesidades abundas.

Respecto dos primeiros contaba seis casas de hóspedes e tres fondas (“*Argentina*”, “*Del Comercio*” e a de Agustín Pereira) para acoller aos viaxeiros e transeúntes; noieses e forasteiros de paso podían acudir a algúns dos catro cafés con que contaba a vila: “*Central*”, “*La Avispa*”, “*Moderno*” e “*Oriental*”. Podería acudir tal vez ao “*Círculo de Recreación*” ou ao “*Centro Obrero Socialista*” a facer algo de vida social. Ou acudir a algunha das dúas librerías existentes a mercar de ler ou mesmo adquirir un décimo de lotería na administración de Jesús Abeijón e tentar a sorte.



E con relación aos asuntos de consulta legal a nómina de profesionais noieses era importante: nove avogados en exercicio e outros tantos que non o facían pero que sempre poderían dar bos consellos legais; aos que engadir dous notarios civís e tres eclesiásticos e sete procuradores. Tamén era posible requerir os servicios dalgún dos dous peritos agrimensores en caso de necesidade.

Se o que se precisaba era atención médica, podían escoller acudir á consulta que ofrecían dez profesionais na vila; ou extraer algunha peza dentaria na consulta de Isaac Rodríguez (que tamén exercía de veterinario); e coa prescripción facultativa no peto acudir a unha das tres farmacias existentes.

O terceiro eixo da actividade económica da Noia de 1911 estaba na actividade do transporte, tanto para o abastecemento e comercio da propia vila como por conta de terceiros. E tratar disto é tratar do mar e do transporte marítimo.

Certamente Noia non era a principios do século XX porto comparable aos de Vigo, Coruña, Ferrol, Viveiro

ou Ribeira pero parece que a actividade marítima non era pequena. Contaba cunha aduana e un axudante de Mariña, logo algunha importancia había.

Desgraciadamente Noia tiña daquela importantes problemas de comunicacóns; a estrada a Muros estaba, daquela, en construción e despois había outras que conducían a Compostela, a Porto do Son e á Pobra do Caramiñal.

Estes problemas non eran exclusivos dese tempo senón que se remontaban a séculos anteriores. O anteriormente citado Lucas Labrada na xa mentada obra *Descripción económica del Reino de Galicia* incluía unha “Descripción de los caminos antiguos y modernos de Reyno de Galicia” na que xa se dicía: “*Los caminos que necesitan repararse para facilitar el comercio de la villa de Noya son, el que desde ella se dirige a Santiago, que se halla intransitable dos leguas de distancia, con bastante peligro de los viajeros; y los que de la misma villa van a Muros y a Rianjo; el primero, cuya distancia es de tres leguas, está todo él intransitable; y el segundo, que es menos malo, puede facilitarse mejor. El puente llamado de D. Alonso...una legua antes de Noya sobre el río Tambre, que también facilita el paso a Muros y a otras varias partes, merece repararse*”. Esta ponte foi un verdadeiro problema durante moito tempo. Na *Geografía* tamén citada xa e datada como sinalamos nos anos 20, dicíase respecto del: “*Dicho puente...va a ser objeto de obras de ensanchamiento para facilitar el paso de los automóviles de línea que hacen el recorrido de Santiago, Noya y Muros...*” engadindo: “*Reedifícase en la primera mitad del siglo XIX, según la lápida que dice: ESTE PUENTE SE REEDIFICÓ POR ORDEN DE LA EXCELENTE DIPUTACIÓN DE 1842-43 y 44*”.

De todo isto deducimos as grandes dificultades de comunicación e transporte por vía terrestre entre Noia e outros lugares ben cercanos como Muros ou o Son. Calquera imaxina, por iso, o que debía ser pretender chegar máis lonxe. Con estas circunstancias o más lóxico era utilizar o mar e as embarcacións para ir dun punto a outro. Diso deberon decatarse os noieses bastante tempo atrás.

Madeira había, homes dispostos a navegar tamén, coñecementos de construcción naval e de navegación non faltaban, logo todo estaba disposto para comerciar polo mar.

Da existencia deste activo comercio marítimo dá conta o feito de que na Noia de 1911 se contaran ata 11 “naveiros”, é dicir, propietarios de embarcacións dun certo porte, un dos cales tamén era consignatario de buques e oito “comisionistas” é dicir, intermediarios en negocios mercantís, amais de catro comerciantes en graos. Fotos antigas amosan as inmediacións do peirao do Marqués ocupado por numerosas embarcacións de pequeno porte dedicadas aos labores de transporte, carga e descarga de mercadorías. Lanchas, trincados e pailebotes eran os tipos máis habituais de veleiros empregados nestes menesteres de comunicar Noia con portos galegos máis ou menos alonxados, en función da capacidade mariñeira de cada tipo de embarcación. As mercadourías que soían levar eran do más variopinto: carbón, táboas para fabricar tabais, tabais de sardiña, aceite, fariña, viños, azucre, coiros, material de ferrería, augardente, cemento, etc.

Estas embarcacións, especialmente as más pequenas, tiñan a posibilidade de achegarse ata a propia vila a cargar e descargar aproveitando as mareas porque nas baixameres as embarcacións quedaban en seco por falta de auga e o fondo fangoso da ría non permitía reali-

zar os labores con facilidade. Sabemos que nos anos 20 do século pasado (o XX) só podían chegar ata Noia embarcacións con máximo desprazamento de 80 TRB coa marea chea ou pleamar. Embarcacións que calasen arredor dos 2 m. podíanse achegar algo máis preto de Noia, a Testal, mentres que os barcos de maior calado e desprazamento tiñan que fondear no Freixo “actual puerto de Noya....dependiente actualmente de Noya para lo marítimo” a pesar de estar no concello de Outes. Esta falta de capacidade de Noia para as actividades portuarias estaba causada polo progresivo recheo do fondo da ría, debido tanto aos aportes areosos das mareas e das correntes como pola acción de arrastre e sedimentación dos ríos que desembocan nela.

A pesar de todas as dificultades aínda nos anos 50 navegaban embarcacións a vela dende Noia a Xixón levando madeira de pino (balandro *Manuelita*) ou por conta de armadores noieses (o motoveleiro *Carmen Barcia* de Navales Barcia, S.L.).

E, loxicamente, se Noia usaba embarcacións tamén as construía; o pailebote *Eduardo Herreros*, naufragado o 1 de novembro de 1909 na Estaca de Bares fora construído en Noia no 1897 “en madeira de carballo”; e igualmente o mesmo tipo de embarcación chamado *Carlos Fernández* e naufragado na costa de Lugo no ano 1911, e de quen eran donos os noieses José Pérez Lorenzo e outros cinco socios, e tripulado por xentes de Barro, tamén fora construído en Noia; mesmo que o balandro *Delfina Amalia*, afundido no ano 1931 e construído no 1911. Nalgún caso os armadores noieses adoitaban dirixirse ao Freixo a encargar as súas embarcacións como foi o caso do xa citado *Carmen Barcia*.

É de sinalar que a pesar destas evidencias non figura no *Anuario comercial* de 1911 ningunha reseña ao respecto da presencia de estaleiros ou, alomenos, carpinteiros de ribera ou constructores de lanchas. Podería ser que se tratase de instalacións non permanentes que se montaban no tempo no que se materializaba algún encargo e dirixidos por carpinteiros, que ben viñan de fóra ou simultaneaban a construcción naval coa carpintería ordinaria mentres non había traballo. Nembargantes, na “**Geografía...**” redactada unha década máis tarde que o “*Anuario*” si se cita na Barquiña uns estaleiros “Aco”, “que construye toda clase de buques, especialmente motoras”.

Vemos, pois, un panorama cara a 1911 que nos ofrece a imaxe dunha vila pequena pero activa economicamente. Unha comunidade orientada fundamentalmente

PARTIDO JUDICIAL DE NOYA

Noya (S. Martín de) Villa con ayuntamiento de 9.791 de H., v 10.821 de D. Cabeza de partido judicial, situada á 80 kilómetros de la Coruña. La estác, más próxima, Santiago, a 30 Km. N. Carreteras á Puebla de

Carminal, á Santiago, al puerto del Son y Vares en construcción. Ferias los primeros y terceros domingos de cada mes. Fiestas los días do 23 ao 27 de Agosto. Mercados los martes y jueves. —¹⁹

Elemento oficial
Alcalde.—D. Severo González Botana
Secretario.—D. Andrés Alier Tomé
Juez de 1.ª instancia.—D. José María Rubido.
Escrivano.—D. José Manuel Morales.
Juez municipal.—D. Ramón Pérez Neu.
Supiente.—D. Antonio Malvido.
Fiscal.—Don Manuel Ros.
Secretario.—D. Marcialino Lamas Rivas.
Sugente.—D. Mariáno Nimo Fuentes.
Párroco.—Don Manuel González Roldán.
Coudidores.—D. Emilio Ibarra Piñeiro.
D. Mariano Rodríguez.
Secretario de Gobierno.—Don José Manuel Morales.
Registrador de la Propiedad.—Don Vicençio Vidal.
Administrador militar.—Don Eugenio Espert. Capitán de caballería.
Administrador marítima.—Ayudante de marinaria. Don José Cadarso, teniente de navio.
Administrador de la Aduana.—Don Roberto Fernández.
Jefe da Cárcel.—D. Celedonio Blancco.
Jefe de telégrafos.—D. Ruferto Martínez.
Celador de telégrafo.

6 DIRECTORIO DE GALICIA

jos.—Don Mariano Gavín.
Carrieros.—D. Jenaro Otero.
D. Eduardo Sánchez Armeto
Abogados que ejercen
Agra (Joaquín M.^a) Fernández (Ildefonso).
Fernández (Joaquín).
Fragué (Benito).
Mármola (José).
Malvido (Ramon).
Varela (Gérardo).
Vidal (Venancio).
que no ejercen
Cadarso (Alejandro).
García (Arturo).
López (Juan).
López (Juan).
Malvido (Antonio).
Malvido (Daniel).
Mariño (Fernando).
Pérez (Ramón).
Rey (Luciano).
Alfarerías
Insua (José).
Redondo (Juan).
Alumbrado públ.
Por electricidad. Administrador: D. Juventino Rodríguez.
Armería
Riva (Viuda e hijos de E.).
Aserrír maderas (Fábs.) Pérez (Juan).
Bicicletas (Dptos.) Píñero (Viuda de Benito).
Buques (Consignatarios de) Pérez (Manuel).

Cafés
Central. Manuela Rego.
La Avispa, Juan A. Abella.
Moderno, José Romero.
Oriental, Salomón Arufe.
Cantería (Talleres) Arcos (Rosendo).
Caldas (José).
Carnicerías Breuña (Jose). Fernández (Angela). Fernández (Severo).
Carpinterías Creo (Ramón). Millares (Vicente). Patiño (Manuel).
Centros de suscripciones Martínez (Aurelio). Otero (Jenaro). Pérez (Pedro).
Cesterías Martínez (Lucas). Patiño (Luis).
Colegios García (Matilde), 1.^a y Concepción. S. Vázquez de Paúl, M. Rodríguez. Trinitarias da la Concepción.
Colores y barnices Riva (V.^a e hijos de Eduardo). Varela (Ramón).
Comestibles Bellés (Isidro).

13-2-11

Laciana (Viuda e hija de Francisco). Pérez (Pedro). Riva e hijos. Romero (Jose). Romero (Manuel). Souto (V.^a e hijos de). Varela (Ramón).
Comisionistas Cajas (Saturnino). Lira (Jose). Malvido (Antonio). Pérez (Pedro). Pérez (Santiago). Prieto (Jose). Rodríguez (Jesus). Rodríguez (Julio).
Com. religiosa Monjas Trinitarias.
Confiterías Otero (Enrique T.). Rial (Marina).
Conservas alimenticias (Fábricas de) Carreño (Hijo de A.). García y Somozá (Felix).
Cordeleira Vitas (Vda. e hijos de Juan).
Corresponsales de periódicos Pérez (Santiago).
Cristalerías Creo (Ramón). Laciana (Viuda e hijos de Francisco). Molina (Manuel). Riva (V.^a e hijos de). Varela (Ramón). Vellés (Isidro). Villega (Pedro P.).
Cuberos toneleros Pan (Ramón). Rodríguez (Tiburcio).

pecto dos outros propietarios, debido aos apelidos tan pouco identificatorios, (só figura o apellido Pérez) é complicado coñecer das súas actividades económicas anque poderían xirar arredor da actividade navieira e comercial. Outro apellido moi vinculado á actividade da transformación das peles é o de Juanatey; ata tres razóns sociais relacionados co apellido. Por outra banda o apellido Malvido aparece ligado ao exercicio da avogacía (ata catro avogados con ese apellido) e outros relacionados con esta actividade.

Por suposto que á beira destes apelidos máis significativos, que non esquezamos que en algúns casos poderían ir unidos á riqueza territorial ou agraria, existía un grande número de pequenos negócios familiares que servían para complementar esa rede industrial, comercial e de servicios que caracterizaba á Noia económica de hai un século.

Estas poderían ser as bases que sostiñan á vila noiesa hai aproximadamente uns cen anos. Loxicamente a información ofrecida polo *Anuario Riera* non podía tratar de tódolos aspectos económicos da vila e do seu concello. Así, por exemplo apenas temos información sobre a vida rural, importantísimo sector de actividade económica e da vida social da Galiza de hai cen anos, e polo tanto presente en Noia, como non podía ser por menos. Pero tal vez poderíamos pensar que o que distinguía ás vilas e ciudades (pequenas e escasas daquela) era o desenvolvimento dunha vida (no social e no económico) que se pretendía distinta (ou alomenos enfocada a outras actividades) do predominante rural. E esa era a aportación de Noia á vida do seu tempo. E iso foi o que tratamos de observar neste traballo de aproximación á vida noiesa de hai unha centuria.



Luz Coton (Premio Museo Gravado Artes 2004)

Vietnam

País de auga e motorbikes

Agustín Agra Barreiro

Vietnam quédanos moi lonxe, o de menos son os miles de quilómetros e as máis de vinte horas de avións e aeroportos con escalas en Madrid, Roma e Bangkok voando coa Thai. A distancia quizais se atope nesas ideas preconcibidas que todos temos, as conqueridas nos filmes bélicos, nos sesgados productos hollywoodienses que dende *O cazador* do venerado Michael Cimino e o extraordinario *Apo-calympse now* de Coppola, pasando pola banal *Good morning Vietnam* ou o *Platoon* dos sárquitos Elías e Barnes coa eterna loita zarastriana entre o ben e o mal, até os más recentes, como o novo remake da novela de Graham Greene *O americano impasible*, foron moitos os títulos que nos ofreceron unha estereotipada e racista visión dun país, o vietnamita, como habitado por un pobo de necios e salvaxes.

Arranca a historia do territorio ocupado polo actual estado moderno, a República Socialista do Vietnam, dende as diversas culturas que se desenvolveron no delta do río vermello ao norte do país, ás que sucederon case que mil anos de dominio chinés que se prolongaron até a para eles mítica batalla naval do río Bach Dang no ano 939 na que se desembarazaron da pouta do seu xigante veciño, aínda así a súa pegada é profunda en moitos aspectos, dende o cultural até o político social, non podéndose entender sen ela a súa historia.

Iniciouse de seguido a expansión do reino cara ao sur, non sen antes ter que resistir tres fortes invasións mongo-las e unha última por parte dos chineses, iniciándose esta coa conquista do reino de Champa no centro do país, de clara influencia hindú, rematada no século XIV, e do delta do Mekong arrebatado aos pobos khmeres de etnia camboxiana polos señores da dinastía Nguyen no XVIII.

Producíuse no XVI a chegada dos europeos cos primeiros comerciantes portugueses, tendo que sufrir xa moi cedo a conquista francesa e a creación das colonias e protectorados de Tonkín e Cochinchina que os levaron á his-

toria máis recente de loita anticolonial, pasando entremontres pola invasión xaponesa na segunda guerra mundial, que os levou á humillante derrota inflixida aos franceses en Dien Bien Phu que ocasionou a súa retirada da Indochina tras a conferencia de Xenebra coa consecuente división do país en dous estados polo famoso paralelo 17 e a entrada na escena dos norteamericanos, a cal non remataría até vinte anos máis tarde, despois de longas xornadas marcadas polos defoliantes, o napalm e o axente laranxa. Continuou aínda a espiral belicista coa guerra e vitoria contra os chineses no 79, e a invasión de Camboxa, da que non se retirarían até o 89.

As reformas neste país, nominalmente comunista na que todo o mundo anda á caza do dólar, comenzaron no 86 co *Doi moi* ou renovación, co gran acerto de seguir o modelo chinés, con cambios económicos primeiro, o que permitiu ao xigante ter a máis alta taxa de crecemento económico do planeta nos últimos anos, entre o 8 e o 10% anual, e políticos despois, ao revés de Rusia, no que se comezou pola apertura política que levou ao fracaso económico.

Isto deu lugar ao abandono da colectivización e da planificación centralizada, adoptándose a economía de mercado, privatizando a agricultura e a venda polo miúdo e tentando atraer o capital estranxeiro ao liberalizar os investimentos, dando como unha das

consecuencias a fin da prohibición do comercio estadounidense no 94 e o inicio de relacóns diplomáticas ao ano seguinte.

Temos de resultas un país pobre, cunha renda per cápita de entre 15 e 50 euros mensuais segundo sexa o agro ou a cidade, aínda así as antenas agroman por onde queira atopándose en todos os fogares non só TV senón que o vídeo e o DVD son comúns até nos lugares máis recónditos, o mesmo que os cibers, ateigados de rapaces conectados ao mundo a través da rede. Son escasos de todos os xeitos os coches, sendo desprazadas as clásicas e omnipresentes bicicletas polas motos, contando por exemplo Ho Chi Minh city con 8 millóns de habitantes con 5 millóns de motos.

Se atendésemos aos relatos de viaxeiros e emigrantes teríamos que tirar a conclusión de que existen tantos países como historias nos contan. Entón, que visión pode darse despois de tres semanas no pais da auga e as motorbikes?



FROTEIRAS AMBULANTES

Atopámonos de súpito cunha realidade moi lonxana a nós a pesar dos coñecidos episodios bélicos contemporáneos, non sendo este percorrido máis que un punteo no mapa, de sur a norte durante tres semanas, para que falar do que non se viu?:

Ho Chi Minh City é a cidade que todos coñecemos como a mítica Saigón das “pelis”, a de Christopher Walken xogándose a vida á ruleta rusa n’*O Cazador*, a dos últimos días da etapa colonial do *Americano imparable*, e a do Pazo presidencial, no que fixeron a súa entrada os tanques do exercito do Viet Cong naquel 30 de abril do 75 co que rematou a guerra e levou á consecuente reunificación do país, precedida polas impresionantes imaxes



PAISAXE URBANA VIETNAMITA



PEIXERAS EN CHOLÓN

do rescate polos helicópteros nos tellados da embaixada norteamericana que simbolizou a súa derrota.

Saigón tan só nomea agora ao distrito 1 o tradicional barrio francés, o máis céntrico dos dezaoito en que se divide a urbe, coa rúa Dong Khoi e o bulevar Le Loi tantas veces vistos no cine como eixes referenciais que non se identifican agora coa presencia ianqui, cheo de edificacións coloniais nos que ás veces choca a incongruencia do estilo arquitectónico occidental no medio dunha cidade asiática.

É este o primeiro contacto cun país no que a vida desborda nas rúas, con milleiros de motos conducidas por pilotos protexidos por máscaras do abafante aire quente e co corpo todo cuberto a pesar da calor a fin de evitar o sol e o antiestético moreno que provoca o expoñerse a el, que contrastan coa vestimenta tradicional, o cónico sombreiro *non la*, e o *ao dai*, os anchos pantalóns de seda baixo unha túnica até os xeonllos con cortes aos lados do mesmo material, cargando sempre coas omnipresentes



VIDA NO DELTA DO MEKONG

angarellas con que transportan até o más incríbel, enormes pesos sobre os ombreiros cos pés descalzos en moitos casos.

Sobrancea sobre os demais barrios o de Cholón, o gueto chinés de onde procedía o rico comerciante da novela *O amante* de M. Duras, unha colmea de vida nas rúas, cos seus mercados, como o incríbel, para os ollos occidentais, de Binh Tray con centos de postos cos productos más inverosímiles, e as abraiantes pagodes de varias das ramas budistas, unha das relixións do país xunto ao confucianismo, o taoísmo, as minorías católicas, e as locais caodaísmo e Hao dao, que non fan máis que reflectir a realidade da existencia de alomenos cincuenta distintas minorías étnicas tanto de orixe local como procedentes de todo o sueste asiático, amalgama de tradicións, culturas e linguas que o Estado, pasenxo, procura ir asimilando.

O Delta do Mekong está indefectiblemente asociado para nós ao filme *Apocalipse Now* e ao actor galego que remonta o río até Camboxa na procura do Coronel Kurt e do horror.

Agora desenvólvese alí a vida en torno aos milleiros de ríos e regatos, envórcase sobre a auga nese paraíso de vexetación que invita a gozar con lentitude da paisaxe exótica, cuns ceos e unha cor da auga mesmamente irreais, auténticos decorados de cine, cos omnipresentes arrozais, nos que aparecen tumbas esparexidas sen xeito aparente, ora illadas ora en gruñños desordenados, que nos recordan o conflicto vivido por esta xente. Exuberancia tamén na fauna, atestada de insectos, de mosquitos causantes da temida malaria que requiren de profilaxe previa con Lariam por oito semanas, e tamén vacinas contra o tifo, o tétano e a hepatite, preventión así mesmo contra a diarrea, perigosa nun país con condicións hixiénicas como as deste, bebidas embotelladas



MERCADO FLOTANTE NO MEKONG

without ice e con palliña, e comida no spicy, sorteando no posible as verduras e a extensa variedade de apetecíbeis froitas tropicais.

Son os nosos referentes as cidades de My Tho e Can Tho, que ao igual que todo o delta, o país da auga, é unha inmensa rede fluvial de milleiros de canais, ateigada de embarcacións e de mercados flotantes que só é posibel percorrer en barca, como o de Cai Rang, onde se atopa de todo o que se podería necesitar, aínda que o más notorio sexan as verduras e as froitas, e onde cada barco colga na proa, nun mastro de bambú, unha mostra dos seus productos para identificar o que vende.

Atópanse os poboados nas beiras dos ríos, viven en minúsculas casas de madeira con teito de palla reforzados en moitos casos con láminas de latón e cos piaraes na auga, ou en vivendas flotantes, pequenas embarcacións onde tanto viven como traballan ou se desprazan, xa que todo o transporte é fluvial por falta de infraestructuras, consecuencia da propia natureza do entorno, atravesando a xente onde é posible por pontes de mono, apenas dous troncos, un para os pés e outro á altura das mans para axudar ao equilibrio, senón en canoas, remando moitas veces en crequenas, ao

igual que se sentan habitualmente para descansar, como ras, nunha postura que nun occidental provocaría unha hernia de ser capaz de adoptala.

Proseguimos cara ao norte sen deternos na baía de Nha Trang, nas paradisiácas praias nas que surfearon baixo fogo inimigo os soldadiños de *Apocalypse Now* e atacaron os helicópteros baixo o son da cabalgata das Walkirias, utilizando a música de Wagner para deitar sobre os palmeirais a ignominia do napalm, e chegamos a Hoi An, na que aínda vemos sobrevivir oficios como o de recolledor, de cartón latas ou metais, transportados logo nunha “bici” cargada até o incríbel, propio case que dun circo, o que é mostra do estado da economía, ao igual que a picaresca que contan das botellas de auga mineral, imprescindíbeis neste clima, que disque precintan tras reenchelas con auga da billa.

O centro histórico son apenas tres rúas paralelas á beira do río Thu Bon, pero dáse nelas unha rica fusión arquitectónica de influencias chinesas, xaponesas, vietnamitas e francesas, relictos da importancia que o seu porto comercial tivera no século XVI, sobre todo da primeira das comunidades que aínda representan a cuarta parte da poboación, cunha vida relixiosa e cultural que se desenvolve, segundo a rexión de orixe na China, arredor das cinco casas de asemblea. Estaba tamén a nosa visita marcada pola expectación de ver a logo decepcionante ponte cuberta xaponesa, tomada como símbolo da cidade, cun pequeno templo sobre as augas do río dedicada a un deus taoísta venerado polos mareantes por controlar os ventos e as chuvias.

Corenta quilómetros río arriba atópase My Son, as ruínas do que foi o conxunto de templos máis esplendo-



CASA DE ASEMBLEA CHINESA EN HOI AN



TEMPLO HINDUÍSTA EN MY SON


roso da cultura Cham procedente da India, o Angkor Wat vietnamita, o centro relixioso do reino de Champa que dominou a zona central de Vietnam durante máis de catorce séculos, co máximo esplendor do IV ao XIII.

As deidades hinduístas como Shiva e Visnú, as estatuas ceremoniais da fertilidade análogas ao ying-yang coreano e os parcialmente derruidos setenta edificios, sobreviven entre as minas sen explotar, xa que foron utilizados como cuartel xeral da guerrilla comunista, o Viet Cong, e xa que logo relegados ao esquezo polos bombardeiros B-52 norteamericanos.

A saída do centro do país cara ao norte a través das montañas faise polo abraiente paso de Hai Van, fronteira natural durante séculos contra as invasións, deixando atrás as montañas de mármore, uns afloramentos de pedra calcaria perforadas por infinidade de covas reple-

tas de santuarios budistas e centro de peregrinación para os fieis de todo o país, e a My Khe en Da Nang, más coñecida como Praia de China, onde disfrutaban os seus permisos os soldados americanos e que deu lugar a unha famosa serie de televisión.

É Hué a irrecoñecíbel cidade esnajizada da chaqueta metálica de Kubrik, un lugar pequeno e tranquilo ás beiras do Río Perfume que foi capital do país de 1802 a 1945 coa dinastía Nguyen, que construíu a cidadela amurallada albergante da engaiolante cidade imperial ao estilo chinés, coa cidade prohibida púrpura como recinto central,



CIDADE IMPERIAL DE HUÉ

territorio privado do emperador, e que só está parcialmente reconstruída a pesar de ser declarada pola UNESCO patrimonio da humanidade despois de ser campo de batalla e destruída no transcurso da ofensiva do Tet no ano 68.

Pasear en barco polo río é unha das máis fermosas experiencias no país, e chegar a través del até a pagode Tien Mu, coñecido centro de oposición budista ao colonialismo durante os anos trinta, a do monxe Thich Quang Duc, que se inmolou en Saigón no 63 queimándose ao bonzo en protesta polos excesos do réxime nunha imaxe que deu a volta ao mundo. E acceder tamén dende el aos mausoleos reais, os sete embriagadores recintos onde viviron, rodeados de fastosos pavillóns e dunha domesticada natureza, os respectivos emperadores e despois foron enterrados á súa morte.

Apréciase en Hanoi a diferencia de carácter con ese sur que non foi conquistado até o XVIII e que permanecera toda a súa historia habitado polo pobo khmer procedente de camboxa. Todo aquí é máis agresivo, todo parece intento de timo, How much?, e comeza o xogo do regateo interminábel, literalmente, cando crías ter chegado a acordo sobre o prezo da habitación no hotel e, coa chave na man, chegas ao cuarto alugado descobres que non é igual ao que te ensinaran, é peor, por suposto, e ao día seguinte, cando pagas, o prezo incrementouse durante a noite cun 10% dunhas taxas non pactadas e quizais cun almorzo que non estaba incluído como acordaras, paciencia e iluminación nos dea Budha!

É esta unha cidade de lagos que medrou á beira do río Vermello aínda que viva de costas a el. No centro, o más famoso deles, o Hoam Kiem, rodeado de mitoloxías, no que nunha artúrica versión vietnamita, un campeño recibe a espada máxica dunha tartaruga que nel habita, con ela expulsa



PAVILLÓN DA LUZ PURA NO MAUSOLEO DO EMPERADOR MINH MANG



HANOI. PRAZA BA DINH CO MAUSOLEO DO PRESIDENTE HO CHI MINH

ao invasor chinés e convértese en rei, Le Loi, o primeiro da dinastía, e que despois devolvería a tartaruga-dama do lago.

Na súa beira norte atópase o barrio antigo, un labirinto de rúas estreitas cos mesmos nomes dende hai cinco séculos, cando se dividiu a zona en trinta e seis gremios de artesáns, concentrado cada un arredor dun templo dedicado ao espírito do seu patrón, e que áinda hoxe manteñen certo grao de especialización.

Ao leste sitúase o barrio francés, zona agora de bancos, museos, hoteis de luxo, e co teatro nacional das marionetas de auga, un arte exclusivo da cultura vietnamita, o Pazo do gobernador de Tomkín onde aparecera Catherine Deneuve na película *Indochina*, e coa Ópera como alfaia da coroa, centro cultural da colonia até que en 1945 se proclamase a revolución dende o seu balcón.

O centro administrativo atópase arredor da espaciosa praza Ba Dinh co mausoleo do presidente Ho Chi Minh, o poeta e pai da patria, imitación dos de Lenin e Mao en Moscova e Beijing. A vestimenta respectuosa e adecuada



HANOI. PAGODE DE UN PIAR



CICLOS. TRANSPORTE TRADICIONAL

é imprescindible para visitar ao tío Ho, pantalóns longos e ombreiros cubertos son a mínima decencia requirida antes de comezar a cola ao sol, ao final dunha longa fileira de a dous. Desfilan ante o corpo embalsamado os seus compatriotas, leva unha T-shirt co logo U.S. Navy, e dúas rapazas a bandeira ianqui a modo de pano na cabeza, o cadáver, cor de cera, non se inmuta.

Xunto a este, o seu museo, e a casa sobre piara onde viviu rexitando o adxacente Pazo presidencial, a humilde ex-morada do gobernador xeral da Indochina.

Oculta entre esta magnificencia atópase a pequena pagode de un piar, o estranxo e pequeno templo do século XI en forma de flor de loto tras o que medra un xermolo do banyan da india baixo do cal un príncipe recibiu a iluminación e transformouse en Budha, e do que un mitificador occidental se leva unha folla para gardar entre as páxinas dun seu exemplar do *Siddartha* de Hesse.

Moi preto érguese a enorme Torre da bandeira, Cot Co, onde ondea a enseña vermella coa estrela amarela de cinco puntas, un dos poucos restos da cidadela imperial, e de fronte o parque cunha das últimas estatuas de Lenin que permanece no país tras a caída da URSS, e onde se reúnen a diario centos de hanoitas para o tai chi matutino.

Atravesándoo chégase ao confucionista Templo da literatura ou Van Mieu, posibelmente o más venerado e abraiante da capital, universidade dende o 1076, onde nesta sucesión de pavillóns e patios amurallados estudiaban os príncipes e os fillos dos aristócratas os textos budistas e taoístas e os clásicos do confucianismo, e nel se superaban os exames para acceder ao mandarinato, a alta administración do estado.

Moitos son os lugares de interese aos que acceder dende Hanoi, como a Pagode do perfume, un conxunto de templos budistas aos que só se pode chegar remontando varios quilómetros dun río nunha barca de remos, mais, hai dous que son imprescindíbeis e inescapables.

Sítuase ao norte de Vietnam unha cadea montañosa de difícil acceso que envolve ao río Vermello e fai fronteira con China, na cal viven en pequenos poboados illados 5 millóns de persoas pertencentes a diversas minorías étnicas de nomes tan evocadores como Thai, Muong, Hmong, Nung ou Dao, todos eles procedentes en distintas épocas do sur de China e mantendo unhas formas de vida que teñen cambiado moi pouco nos últimos séculos.

Non é fácil chegar a Sa-Pa para visitar aos Dao e aos Hmong negros e aos vermellos, dez horas nun tren nocturno compartido coas pulgas para percorrer apenas catrocentos quilómetros até Lao Cai na fronteira chinesa, centro administrativo da rexión, máis outros corenta en *land rover* para ascender as empinadas ladeiras dun xigantesco



MERCADO EN CAN-CAU

porto onde se cultiva en bancais o arroz, pero paga a pena para, dende alí, visitar os poboados destas xentes, que non son chineses, de cara máis pálida e redonda, nin vietnamitas, de ollos más grandes, e ver dentro do posibel fóra dos documentais da dúas os seus modos de vida antes de que sexan modificados polo crecente turismo.

A case que un día en todoterreno está Bac-Ha, e ao seu redor o paraíso, emocionante, as xigantescas e exóticas bolboretas, irreais polo incríbeis, extraídas de algúñ tratado entomolóxico, as aldeas das montañas cos espectaculares mercados, o dos Muongs floreados en Can Cau, tan sonoro o seu nome como tantos outros aos nosos oídos, que se atopa a apenas 8 Km da fronteira chinesa, dende onde chegan comerciantes co gando, cos búfalos de auga, na procura de ofertas.

Ao seu lado o poboado de adobe entre os campos de millo, que se dá a esta altitude, e os dos diferentes tipos de arroz. No centro, a escola, co estudo obligatorio dunha cultura, unha historia, e un único idioma, o vietnamita, todos eles estraneiros, a mesma política asimilativa que se leva a acabo en tantos outros lugares dende hai séculos.



MULLERES MUONG NO MERCADO DE CAN CAU



ILLAS NA BAÍA DE HAIPHONG

Xa non hai Sampáns na baía de Haiphong, tan só fican os fermosos veleiros nas fotos das guías e nos cartaces turísticos, amén de nas meniñas dos lectores de Sallgari cando nenos, para decepción dos milleiros de visitantes que acoden á baía a deleitarse coas engaiolantes paisaxes das agullas de calcaria entre as augas esmeraldas ao leste da illa de Cat Ba no lendario golfo de Tonkín á que se chega nun transbordador esbandallado e ateigado, mesmamente arrincado dun telexornal coa nova dos que se afunden en Indonesia ou Filipinas. Dende alí é doado alugar o barco que che leve a percorrer as augas tacholadas por centos de illas que sobresaen como dentes, creadas segundo a mitoloxía por un dragón celestial e a súa cría, enviados polo emperador de xade, unha deidade, para deter o avance dunha flota inimiga.

Sin chao é o saúdo que pode usarse tanto para ola como para adeus, e *cam on* tanto para gracias como para de nada. *Sin chao Viêt nam*, etapa desa peregrinaxe que cada príncipe Siddartha particular acometemos. *Cam on.*



Anxo Rei Ballesteros

A flor da boca

Anxo Adolfo Rei Ballesteros (Boqueixón, 1952). Reside na Pobra do Caramiñal dende a década dos noventa. Licenciado en Dereito, a súa novela *Dos anxos e dos mortos* (1977) cambiou o panorama da narrativa galega. Ensaísta, autor teatral, narrador e traductor, gañou os premios *Losada Diéguez* e *Ramón Piñeiro*. O presente texto foi escrito na fase previa ao cambio da actual normativa do galego e circulou na rede e mecanoscrito en varios foros de debate. O autor matizaría hoxe algunas afirmacións, pero considera ainda útil a reflexión sobre a esencia da lingua galega.

A fala é a flor da boca". A frase parécmeme que é de Hölderlin. A flor, a min, faime pensar, naturalmente, primeiro, no arrecendo; pero, tamén, na terra e na raíz. E coido que esa vinculación feliz entre signo e corpo, **sema e soma**; entre o **semántico** e o **somático**, axuda a poñer de manifesto a oralidade constitutiva e primordial da lingua, de calquera lingua das chamadas naturais; e remite, por tanto, directamente á **fyysis**: Ó aparello de fonación e á voz humana. A flor da boca non é a negra flor da tinta, non é a escritura: toda escritura implica xa unha considerable desactualización do idioma, un falar des-situado; afastado con respecto á súa orixe, separado de si mesmo por unha insalvable distancia histórica e espacio-temporal. O tempo e o espacio históricos acaban apoderándose case por enteiro –deixemos ese case prudentemente aberto– da fala orixinal. A **presencia** e maila **actualización** ceden o seu posto á ausencia e á representación. Toda escritura (non estou pensando, de momento, na poesía nin na Literatura) e, daquela, a fortiori, toda ortografía, é, na súa esencia, testamentaria e notarial: é ou tende a se-la expresión, o máis exacta posible, (ex- actitude, ex-acción, ex-acto) da vontade dun ausente ou dun defunto: daquel que se re-presenta no tempo –no encadeamento do discurso– precisamente porque xa non pode actualizarse.

A Historia –esa caligrafía ensanguentada, esa” escritura do demo”, como dixerá moito Lord Byron –resulta

ser inseparable da linguaxe escrita; o cal significa o triunfo do tempo, concebido como magnitud abstracta (abstraída do fluxo vital) e puramente cuantitativa, sobre a experiencia da vida. A vida non actualizada, non vivida, convertida en idea ou en representación futura (sempre futura) de si mesma, transfórmase en crónica ou en cronoloxía. O tempo é esa lonxedade que afasta ó individuo dos seus propios aquí e agora concretos; o que lle tolle o esquecemento de si, deixar de se-la representación da súa propia ausencia; o que lle impide extraviarse (de-suxelitarse) na plenitude –na actualidade plenaria– do Instante, actualizarse no seu dicir.

A vida colectiva transfórmase en Historia. E entón, como pasa nas Sagradas Escrituras, só se realiza aquilo que previamente **estaba escrito**. O acto da tala, transmutado en xesto ou simulacro de si mesmo, deixa de ser inconscientemente creador, poético (só se crea o que non se coñece de antemán) para someterse á vixiante coerción do ex-acto. A vida convértese en acta notarial ou en rexistro gráfico onde se trata de establece-la correspondencia –o más exacta posible –entre o antes e o despois, entre o pasado e o futuro; e onde se establece a identidade (a identidade consigo mesmo ó traveso do tempo) do suxeito da representación. A boca, inicialmente analfabeta e ágrafa, pasa a ser amordazada e disciplinada pola escritura. E áinda que non morra totalmente,

a flor da boca, murcha; murcha e perde boa parte da súa antiga esencia.

O tempo histórico é o tempo do proxecto, proxectado sempre cara ó futuro. Pero o futuro é a morte, tempo abstractamente ideado e non vivido: ningúén pode vivir no seu futuro. A excesiva preocupación polo futuro (o da propia persoa ou o do propio idioma) impide ou dificulta enormemente a actualización. Vivir –ou falar– en acto é esquecerse do rigor mortal do exacto: unha verdadeira acción (a creación poética) non é nunca unha exacción.

O GALEGO OFICIAL CONTEMPORÁNEO (GOC.)

O falante galego de hoxe –escolarizado e normativizado– xa non se actualiza, inadvertida espontaneidade subconsciente ou preconsciente, no seu dicir. Fala unha língua parcialmente expropriada e da que non conseguiu aínda, na maioría dos casos, reapropiarse plenamente. Resulta corno se a instancia punitiva e moral do Super-ego, con toda a súa carga inculpadora, rematara apoderándose da fala. Falar galego –falar normativamente o Goc.– xa non é (ou aínda non é) a expresión do propio ser, senón a forzada manifestación dun endebedamento ou dun deber: intentar falar corno é debido, sen faltas nen erros ortográficos. Paga-la débeda. O Goc. é, sen embargo, o tributo que o galego ten que pagar a cambio da súa posible (non segura) supervivencia histórica. E máis un idioma estranamente sabido –estudiado na universidade ou no instituto– ca entrañadamente vivido. Pero un saber sen vida– sabencia sen sabor, esencia sen aroma– é un saber insípido e estéril: a boca xa non crea palabras, como con tanta frecuencia adoitaban facer (e aínda adoitan) os mariñeiros e labregos das aldeas de Galicia; os escritores xa non inventan vocábulos derivados a partir dos existentes, senón que, con voluntariosa dis-



Anxo A. Rei Ballesteros

A SOMBRA DOS TEUS SOÑOS




literaria



galaxia

ciplina, o moderno falante **concienciado** limitase a repetir unha palabra previamente **pensada** e escrita na súa mente, un idioma xordo-mudo convertido en representación da súa propia ausencia, en esquemática idea normativa de si mesmo: en autoconsciente e atormentada reflexión e en pálido reflexo do que foi. Ou, máis ben, do que **debería** ter sido: un idioma pre-fabricado e ideal.

Supoño que debe ser esta distancia espacio-temporal entre a fala –rexida pala escritura– e o falante (o galego convertido en lingua histórica ou lingua de cultura) o que lle permite a este último obter unha visión exterior e obxectiva –científicamente obxectiva– da lingua que, pouco a pouco e sen aforrar esforzos, pretende algúns días chegar a dominar e coñecer. Derívase daí unha concepción puramente instrumental e operativa da linguaxe. E sometida, por tanto, ós ríxidos criterios capitalistas de rendibilidade e eficacia. Cando unha fala oral empeza a adquirir-lo rango de língua histórica ou de cultura, os falantes tenden inevitablemente a transformárense en



galaxia·narrativa

suxeitos autoconscientes do seu propio discurso. O falante fica arredado do seu decir paoa mesma distancia que separa (ou que relaciona só exteriormente) ó suxeito do seu obxecto. Dado que o idioma se nos presenta ante todo, no noso presente histórico, como obxecto de coñecemento (entre outros obxectos posibles) calquera persoa pode chegar, no seu momento, a manexalo e a utilizalo más ou menos correctamente. Pero falar un idioma (o Goc.) non é aínda o mesmo que habitalo e que deixarse habitar –deixarse falar– por el. Para tal causa poder algúm día acontecer haberá que deixar pasar bastante tempo; o necesario para que, esquecido-los seus coñecementos, soterrados na subconsciencia, o suxeito, saltándose e desuxiteitándose na fala, poida volver actualizarse no seu decir. Daquela a lingua deixaría de ser consciencia (e conciencia culpable) de si mesma, coñecemento incessantemente rectificado e emendado, para encarnar (ou re-encarnar) na nosa sociedade e habitar entre nosoutros: e trocarse nunha intraductible e irreductible forma de sermos e vivirmos.

Hai unha determinada teoría ou **visión** (no senso grego en que a palabra **teoría** remite ó acto de contemplar un obxecto situado-diante do suxeito que o contempla); hai unha determinada visión teórica da língua que, alén de todo romanticismo ou sentimentalismo decimonónicos, tende a concebila como simple instrumento ou ferramenta do que se soe chamar **comunicación**. A comunicación, sen embargo (a comunicación entre os distintos suxeitos) é só unha das funcións da lingua, a más prosaica e instrumental. Se, para comunicarse, o castelán pode servir tan ben ou mellor (ten máis prestixio e más número de falantes) có galego, a defensa do noso idioma –ou de calquera outro idioma particular– resultaría entón ser empeño bastante ridículo e banal. Nesta teoría que estou a criticar creo que o **significado** predomina sobre tódolos outros importantísimos aspectos do idioma. Pois ben; se en verdade o único que nos interesa é a noción puramente abstracta (abstraída das diferentes linguas) e inter- lingüística (a **language** más cá **lange**) á que remiten as palabras “lume” ou “silveira” ou “noitarega”, ¿por que non utilizar as correspondentes voces en inglés ou español? ¿Que se perdería? Dende unha perspectiva exclusivamente: cuantitativa e instrumental comunicármonos en inglés ou en portugués sería incomparabilmente moito más rendible que facérmolo en galego: comunicaríamnos más porque comunicaríamos con más número de xente.

O que pasa é que falar non só consiste, creo eu, na realización dun intercambio de palabras entre distintos suxeitos, senón, tamén, e dun modo moi principal, en expresarse e en actualizarse poeticamente no Dicir Común (que case nunca soe ser nin históricamente dominante nin maioritario). Un dicir que, precisamente por ser poético, é indistinguible dun facer, dun acto creador, non simple representación dunha



Hamlet, o heroe moderno, como síntoma e expresión da nova concepción do tempo e da vida nun mundo no que a medición e o cómputo comenzañ a ser os verdadeiros protagonistas. Un ensaio que nos redescobre a cerca da sociedade do século XXI. Premio Ramón Piñeiro 2002.

“realidade” ou “abxectividade” externa –supostamente exterior á lingua– e consabida. O Dicir Común, a esencia poética dese dicir non só non contribúe a consolidar a suxección dos suxeitos, senón todo contrario: propicia o desuxitamento e denuncia así, consecuentemente, a mentira histórica de todo **suxento** e de toda obxectividade: de toda realidade. A poesía (ou o que de poética poida ainda haber na fala coloquial e popular) non é, penso eu, a expresión de ningún suxeito privilexiado, senón a forma en que a comunidade acada a expresarse a través dalgúns dos seus membros máis **desuxentados**. Nesta linguaxe esencial (“A linguaxe é a casa do Ser”) non hai, non pode haber, diferencia nin separación ningunhas entre o que se di e o “como” se di, entre o sentido e o son: non se pode dici-lo mesmo de distinta forma nin se pode dici-lo mesmo en idiomas diferentes. Se se esquece isto, xorde entón un galego operativo e funcional e, por iso mesmo, tan feamente inexpressivo como inesencial: carente de perfume e de sabor; un galego máximamente traducible e no que os contidos

–as mensaxes que se queren transmitir– parecen manter tan só unha relación puramente externa e continxente coa forma en que son ditos: pre-existen con anterioridade á fala, independentes e autónomos, baixo a forma dunha “realidade” obxectiva e referencial que resulta ser común –abstractamente a mesma –para os dous idiomas: o galego e o castelán. Pero, se falando en galego vou dici-lo mesmo (cásese exactamente o mesmo) que diría en castelán, ¿que sentido darlle ó esforzo de ter que aprender galego?

DA POESÍA E DA IDIOTEZ

“A poesía é a esencia da linguaxe”. E, contra do que pensaba Monsieur Jourdain, a prosa vén ser algo artificial e historicamente posterior á fala coloquial. **Poesía** (e Literatura, na medida en que, aínda sendo transmitida por escrito, pretenda seguir tendo algo que ver coa esencia orixinaria da lingua) e **realidade** non son a mesma cousa. No noso presente histórico, a realidade é o que xa todos sabemos: o predominio uniformador do intercambio mercantil e do Diñeiro a escala mundial. É o espazo indiferenciado e homoxéneo onde ten lugar, a intercambiabilidade de tódalas línguas pola lingua imperial inglesa (dólar) e, daquela, a máxima traducibilidade de tódalas restantes línguas entre si: o máximo común divisor, ou o mínimo común denominador, entre todas elas.

Unha das características deste galego oficial contemporáneo pareceme a min se-la súa aversión polos “populismos”, por todo aquilo que poida cheirar nin sequera remotamente a agrario ou a rural; que poida cheirar a **enxebre**. O cal significa que o “enxebre” (non os sofisticados e artificiosos hiperenxebrismos) está aínda bastante vivo e presente na memoria colectiva. **Pudenda origo**: corno se se envergoñase das súas humildes orixes, das súas raigames populares, o goc. parece querer esquecer **non o seu pasado histórico** senón as súas raíces: a súas base analfabeta e vernácula: a súa esencia xenuína, o seu cheiro. O termo “vernáculo” procede dunha raíz indohermánica que implicaba seica, a idea de “raigame” e de “morada”. O contrario da fala vernacula serían as línguas estatais ou imperiais; línguas afastadas da súa orixe creadora e subconsciente; e gobernadas, xa que logo, (o Nebrija de turno) por unha normativa escrita que, aprendida nas escolas, (“a letra con sangue entrá”) pretende se-la única e a mesma (nada de **diferencialismos** para tódalas rexións do Imperio. Eu non pretendo recomenda-lo uso de hiperenxebrismos desvairados. Nada máis lonxe do meu propósito. Pero tampouco esquecer aquilo que a propia etimoloxía da palabra

“idioma” está implícitamente a recordarnos. “Un idioma é unha **idiotez** (no senso grego da palabra *idiota*); a diferencia irreducible e o **idiotismo** que determinada comunidade manifesta con respecto á mítica linguaxe pre-babélica. E, daquela, a súa esencia –a poética esencia dun idioma– consistiría nunha diferencia sen concepto, nunha diferencia productiva e sen consciencia de si mesma: unha singularidade intraducible.

A mítica linguaxe pre-babélica, universal e pre-babélica (o contrario de calquera idioma cosmopolita e imperial) queda suprimida, pero tamén, ó mesmo tempo, hegelianamente conservada, na singularísima idiotez de cada unha das falas existentes. Non no que estas poidan ter de mutuamente intercambiables, senón naquilo outro que, en cada idioma, poida haber de máis irreductiblemente vernacular e intransferible: de idio-sincrático. A **idiotez** constitutiva de cada idioma vén ser precisamente a súa esencia. Pero esta esencia non é nin científica nin teórica: Non se deixa convertir en obxecto de coñecemento de ningún suxeito. Non é trasladable a conceptos. Á esencia da linguaxe sucédelle o que lle sucedeu sempre á auténtica poesía: que, no límite, como todo bo traductor está canso de saber, é intraducible. Traducila é traicionala.

O falante desuxitado non contempla o idioma á maneira dun obxecto situado diante súa. Tampouco como unha simple ferramenta ou instrumento substituible, chegado o caso, por calquera outro que cumpra tan ben, ou aínda máis eficazmente, as mesmas ou parecidas funcións. O falante desuxitado libérase dos límites da “realidade obxectiva” e da humillante coerción do xa dito e dictado pola Ciencia e o Poder e maioritariamente recoñecido e aceptado. Non é o del un falar subordinado. O seu dicir non é un sub-dicir. “Suxeito”, en inglés, (**subject**) significa “súbdito”, isto é, sub-dito.

Coma o meniño ou coma o pobo, o poeta non é nunca enteiramente consciente do que el mesmo di. Actúa. Actualízase na súa palabra e (meu dito, meu feito) o seu dicir é un facer. Poeta é aquel que ten a misteriosa capacidade de achegarse repetidamente á orixe subconsciente do seu idioma. Esta **orixe** non é ningún pasado histórico –conscientemente recordado e normalmente documentado por escrito– por máis remoto que o queiramos situar. A orixe é, pola contra, aquilo que a escritura e mailo tempo lineal e irreversible (“a escritura do diaño”) están teimosamente a soterrar e a coutar para millor poderen así establecer –sobre as ruínas da memoria comunitaria– a memoria triunfal por excelencia: **a memoria da vontade**. Esta orixe reprimida reaparece,

**ANXO R.
BALLESTEROS**

Xogos de Damas

edicións xerais de galicia



Os libros
do Centro
Dramático
Galego



no século vinte, na obra narrativa de Marcel Proust, baixo o título de **memoire involontaire**. Antihistórica **memoria involuntaria**; antihistórica e, por iso mesmo, subversivamente vernacular e popular.


Os pobos nunca fixeron (conscientemente) historia; limitáronse a padecela. A historia é aquel arrepiante pesadelo do que o heroe joyceano Stephen Dedalus quixera canto antes despertar.

A NORMATIVA

Parece ser un dato constatado que a evolución das linguas (das linguas históricas) caracterízase por unha progresiva tendencia á homoxeneización e a unha equivalente perda de expresividade. Co andar do tempo, tenden a facerse, a cada paso, más prosaicas. Nas sociedades de hoxe a función da Literatura penso que ben podería se-la de contrarrestar este proceso empobrecedor. Se a Historia é a **escritura do diaño**, á Literatura corresponderíalle ser, entón, unha escritura antihistórica,

unha anti-escritura. Ou, se se prefire, unha escritura onde resoan aínda os ecos da fala desemandada e vernacular; da fala con-sentida e convivencial, gratuitamente transmitida e aprendida, sen a mediación de funcionarios nin de profesionais que cobren polo seu traballo.

Non esquezamos que a verdadeira gramática das linguas é involuntaria e subconsciente. O pobo indocumentado e analfabeto falaba –creaba e recreaba o idioma– moito antes de existiren professores de gramática ou presentadores de televisión. Crear e recrear unha lingua –a idiotez intraducible dunha lingua– consiste precisamente en falar **mal** (as distintas linguas románicas serían obra de **malfalados**; diferentes xeitos de falar mal o latín); pero non mal de calquera forma, senón dende o rigor dunha gramática orixinaria e más profunda (non consciente) cá tódalas normativas históricas que poida haber. Endalí que, entre literatura de creación e normativa haberase de producir sempre, inevitabilmente, algúñ conflicto. Porque escribir poeticamente non é o mesmo que escribir correctamente (léase normativamente). Seméllame que isto, para mi tan evidente, algunas editoriais galegas non o dan acabado de aceptar. Pero eu son dos que pensan que, no eido da creación literaria, a normativa (calquera posible) debería ser aplicada con flexibilidad máxima. Debería limitarse a desempeñar unha función más boamente orientativa cá autoritariamente impositiva. Non se trata de andar cambiando constantemente as normas, senón de intentarmos ser, todos, nestes asuntos, xenerosamente tolerantes. E modestos. Despois de todo, para un escritor, ter **estilo** consiste en assumir esa peculiar forma de **idiotez** que, como dicía Ciorán, o leva a andar beirando sempre, perigosamente, o solecismo. Pero tamén, con bastante frecuencia, a poesía, coas súas licencias ou liberdades poéticas, atópase forzada a transgredir, por mor das súas propias necesi-



galaxia·narrativa

dades expresivas, a sintaxe da língua en que está escrita. Ou cantada. Ou recitada. Ou narrada. Cando as linguas se van volvendo históricas (ou adultas) a poesía impugna o concreto estado histórico da fala dende a íntima estraneza da súa propia orixe. A poesía é un dicir ben-dito precisamente por ser mal-dito.

O Goc., aínda que resulte ser, de momento, un galego bastante descafeinado, está moiísimo máis próximo –incomparablemente– á fala viva, ó substrato emocional e vernacular, có actual idioma. portugués. Estoume a referir ó portugués oficial contemporáneo, esa escritura metropolitana e imperial; esa lingua cosmopolita, históricamente afastada da súa propia **orixe** (elegante, ceremoniosa, hiperculta, de complicada ortografía) e, como o español, imposta burocráticamente, **celestialmente**, dende arriba, sobre os distintos países colonizados: indistintamente a mesma para todos eles. Lingua de dominio e civilización por excelencia, poucas outras, sen embargo, debe haber nas que a impronta de profesores e gramáticos (ó servicio do estado imperial) se manifeste

de maneira tan patente. Por motivos que non veñen agora ó caso, resulta se-lo portugués, como xa advertira Alfonso Reyes, unha lingua moito más elitista e moito menos popular có español. E xa non digamos –madia leva– có galego. O despotismo ilustrado que practican, sen eles dárense moita conta, os nosos amigos reintegracionistas e lusistas, lévaos, na miña opinión, a comete-lo erro de esquece-la **orixe**, a fala viva: a música, o son, a voz, a voz do pobo. Identifican, sen máis, o idioma coa Historia (“a Escritura do demo”) e coa Escritura. Seméllame que, para eles, unha lingua queda reducida a se-la historia desa lingua. Por unha banda reivindican a historia –un común pasado histórico galaico-portugués –e, pola outra, quixeran revocar **por decreto** (con exacerbado voluntarismo) esa mesma historia que acabou facer do portugués un idioma triunfante e imperial; un idioma ben distinto do galego. A existencia do castrapo fornécelle-lo pretexto que lles permite pensar que todo falar orixinario é falar mal. E entón o galego convertiríase nun dialecto iletrado do portugués; nunha forma indocumentada e inexacta de ler mal (de farfullar en voz alta) a escritura metropolitana e imperial.

Lingua estatal (o portugués) escritura dun estado do que, para maior contradicción, os galegos nin sequera somos súbditos. É así como, na miña opinión, se produciría a insalvable cachafunda esquizofrénica entre a fala actualizada ou vivida e a lingua ex-actamente (é dicir, inexactamente, dado que a exactitude absoluta é imposible) re-presentada. Ou correctamente pronunciada. Sería o galego un portugués degradado; e o portugués, un galego **ex-cátedra**. O pobo –indocto e sen letras– de ser considerado o poeta e o creador da lingua pasa a ser visto como un alumno torpe e acomplexado.

Unha cousa é falar –expresarse verdadeiramente no propio idioma– e outra facer iso que xa hoxe, algúns futuros catedráticos de filoloxía, coas mellores intencións, intentan ensaiar: vocalizar, darlle voz; representalo texto; interpretar, nas aulas, esa ópera celeste e imperial; executar esa partitura transcendente e previamente **escrita** que é agora, aquí en Galicia, o Poc.: o portugués oficial contemporáneo.

Naturalmente que considero necesario que haxa normas que regulen a fixación ortográfica da nosa fala: é a peita que lle temos que pagar á Historia. Sobre a cal e como debería ser esa normativa (tema sobre o que tanto se discutiu neste congreso) a miña opinión persoal resúmese nos seguintes puntos:

A) A máis fácil e sinxela dentro das posibles. Aquela que plantexa o menor número de dúbidas á hora

do seu uso. Aquela na que, para o falante normal (nín profesor nin alumno) fose verdadeiramente difícil cometer errores ortográficos. (E quedar mal, por tanto, ante o sorriso commiserativo dos pedantes). Dado que tódalas normativas son e serán sempre discutíbles, penso que deberíamos deixá-la que xa temos más ou menos tal e como está. O que non significa penalizar a aqueles que, nos seus propios escritos, queiran utilizar calquera outra. No caso de introducir cambios, estes deberían facerse a prol dunha simplificación aínda maior.

- B) Dar tempo, todo o necesario –para a normativa en cuestión poder ser asimilada, xeración tras xeración, pola sociedade galega.
- C) Dar tempo, todo o necesario, para que, unha vez conscientemente recordada e aprendida, a normativa poida ser esquecida e para que se verifique así o tránsito que vai dende a representación consciente ó automatismo subconsciente. Un bo mecanógrafo é aquel que conseguiu esquecer o que antes tivo que aprender: o lugar en que está situada cada tecla. O milpés pudo volver andar ó que logrou esquecer, por fin, que tiña mil pés: ó pobre bicho aquel saber paralizábaoo.
- D) Unha reforma ortográfica creo que só debería efectuarse cando, como resultado dunha experiencia secular ou de moitos anos, os falantes comúns e correntes manifesten, dalgún xeito, a necesidade, a **verdadeira necesidade**, de que se tal reforma deba producir. “**A fala é a flor da boca**”. Pero a flor da boca non é a pálida flor do papel. Nin a negra flor da tinta.

Os termos rimbombantes dos pseudograndilocuentes

Luis M. Vidal Molina

Todos somos analfabetos funcionais; é unha cuestión de grao. Progresamos no eido do desenvolvemento e expandimos o seu límite, pero cada día que aproveitamos imos rachando a nosa maltreita virxindade cognoscitiva ata o imprevisible. É un problema de desenvolvemento imaxinativo-corruptivo, é tanto o que se progresou no campo da administración do estado que cando cremos coñece-lo todo e poder supoñe-lo demais, sempre nos quedamos a catro palmos.

Rimbombancia é ó que máis alto chegan, xunto coa mediocridade e lería de charlatáns. Grandilocuentemente, quen lles dera!, e tódolos posibles acabados en “mente” nunha decadente e demente xerga incongruente con visos de grandeza apoucada pola falta de fluidez verbal e riqueza de vocabulario. Parola monótona e segmentada artificialmente que mesmo asemella á imposta ós primeiros robots cibernéticos por esixencias do seu lento procesamento de arcaicos chips. Falta de dominio elemental das normas básicas da gramática e da lingua; así chegan a límites grotescos nos que “*habrán todos los recursos necesarios para educación” escóitase sen rubor e tradúcese como “habrá todos los recursos necesarios para educación”, pero sen conscienciar da incorrección da primeira.

Non ten un máis remedio que recordar o conto da “mili” que en épocas de analfabetismo obrigaba ós letrados a

ensinar o indispensable a algúns analfabetos que desexaban facer “carreira de culler”; uns conseguían a liberdade co licenciamento militar e os outros non tiñan que volver a un mundo sen miras, de traballo arduo e baixa remuneración. Pero a cuestión non era tan sinxela (...)

*“O sárqueno, pouco antes da sublevación dos militares trepas e fatuos, pediu ó cabo que se ocupaba de labores de control contable que corrixise o defecto de procesamiento de información dun soldado que se empeñaba teimadamente en dicir *carchuto; non debía presentarse con el ata que, por fin, dixese “cartucho”. Pasadas varias horas, e empurrado pola fame, presentouse o cabo e díolle: “meu sárqueno, o soldado xa sabe dicir *carchuto”.*

Os medios de difusión convertéronse no maior perigo para o falar correcto, tanto que, incluso quen sabe, dubida en ocasións, de tanto oír as cousas mal ditas. “*Habían muchos sujetos dispuestos a todo” empeza a oírse con tanta frecuencia e en distintos estamentos de nivel que a un lle entran dúbidas respecto a como falarán os nenos no futuro con modelos analfabetos funcionais deste calibre. Dende logo, non cabe dúbida que un «n» ó final da palabra inicial dá rimbombancia á oración, será esa parte da culpa de tal tendencia?, pero nunca poderá suplirse con esta malsoancia ferinte “*había muchos sujetos dispuestos a todo*”.

Do mesmo tipo é “*habían una gran cantidad de gente”. O non considera-las circunstancias e implicacións dos distintos tipos de oracións, empeñándose ademais en incorrer no erro de concordancia *obxecto directo – verbo* en lugar de *suxeto impersonal – verbo*, leva a tratar unha oración impersonal que utiliza tempos verbais en singular como persoal, considerando o seu *obxecto directo* como *suxeto*, concordando dito verbo impersonal co substantivo “gente”, xenérico pero que rexe singular.

A rimbombancia a destempo parece un recurso espontáneo por falta de sonoridade ampulosa, como se de modo inconsciente o chip da grandilocuencia detectase de modo automatizado unha falta no discurso e o corrixise a destempo; “*la iluminación de monumentos emblemáticos son como un imán”. Dende cando “la iluminación”, que é unha, vai te-lo tratamiento de moitas! Pero claro, iso pode ser problema de mortais, pois os divinos pensarán nunha grandiosa iluminación, a saber!

Un segundo exemplo deste erro de concordancia que substraе, neste caso en beneficio do complemento do nome o papel de *núcleo* (“porcentaje”), parece pretender deixar claro que a administración escolar se fai cargo de moitos nenos e remárcao cun “tienen”, máis rimbombante sen dúvida que o simple “tiene”: “*un elevado porcentaje de niños de emigrantes tienen atención en clases flexibles”, os nenos parecen ser moitos, pero o “elevado porcentaje” é de novo singular sen dúvida.

A pluralización verbal, isto si que é rimbombante!, así como concordar de novo verbo e suplemento; “*en la misma se hablarán de todas las acciones a llevar a cabo”.

A incorrección de tratar de concordar unha oración subordinada restrictiva de relativo non co seu antecedente – o *núcleo* do obxecto directo “cita” – senón co suxeito de dita subordinada “el tenis español”, convértese xa nunha tendencia: “*desmitificar una cita en el que el tenis español logró el bronce”.

O de irse co que segue e antecede na oración alcanza visos de alarma, cando o adverbio de cantidade “bastante” se pon en plural xunto a “rápidos”, en “*síntomas de recuperación bastantes más rápidos que el resto de la población”. O atractivo do plural ó enche-la caixa de resonancia bucal queda patente, así como a preocupación por que nada se quede curto.

De novo ponse o verbo en plural en “*al equipo del PSOE no se le cae la cara de vergüenza ni asumen su responsabilidad”. Ten moita maior resonancia e quen fala pode influírse obviamente porque o tal equipo o forman varios, pero non deixa de ser un, un equipo.

Estaremos de camiño ó “Espanglish”?

Os políticos empregan vocalizacions detonantes prosodicamente con segmentación silábica para dar más rimbombancia ó que din; así poden utilizar un sufijo repetido que adverbializa distintas raíces lingüísticas como aliteración: “La lucha perman-ente, const-ante, ascend-ente, penetr-ante”, ou prefixos remarcados como “la monarquía en-raizada”, sen esquece-la utilización

de desinencias verbais de participio de pasado como “acept-ada” e “valor-ada”. As adverbializacions son o máximo: “absoluta-mente” é un verdadeiro redobre na cavidade bucal, “consecuente-mente”, “desgraciada-mente”, “casual-mente”, son pronunciadas con afectación comedida en ocasións, contida noutras e sen miramentos cando se escenifica sen pudor aquello que se incorpora ó repertorio de pautas cotiás que alcanza os seus puntos álgidos nos discursos e interpretacions. A esaxeración é tal que se converte en ridiculización grotesca, levada ó extremo no caso do xenio con inspiración divina de procedencia cosmolóxica e etérea.

Os denominadores de conducta interior cobran maior forza en plural; por iso cando se trata de realza-la coherencia, o plural ó final dunha oración esvara sobre o «s» e esténdese sen fin; “*se ha de ser coherentes”, todos, non un só, cando xa en singular ten ese carácter impersoal.

En “*hubieron momentos de tensión”, o verbo en singular parece reforzarse, alargando o seco que puidese resultarlle ós rimbombantes o “hubo” correcto; a terminación «-eron» resulta moi atractiva para quen pretende imitalo son de tambores e timbais.

“*Lo más tranquilos posibles” volve a pretender remarcar innecesariamente o carácter de moitos, cando se trata de algo impersoal.

En ocasións, o impulso de dar rotundidade a unha afirmación, e más cando se trata de xustificar, leva a utilizar o verbo en singular correspondendo plural, evitando a tan necesaria concordanza suxeito-verbo: “*problemas casi, casi burocráticos impidió que” (TVG).

O rimbombante, cando peca de coloquial e se enreda en franca frescachonaría fóra do seu ambiente artificial e non se desenvolve con soltura, debe alterar-las súas pautas cotiás e dar carácter de

naturalidade ó afectado do seu discurso. É unha representación contra natura no marco do assumido connatural cotiá, como se quen escenifica tivese o papel de actor dunha parodia na trama da obra. Por iso, non é de estrañar que confundan pretérito imperfecto de indicativo con pretérito indefinido: “**a mi lo que más me llamó la atención era la altura a la que no le habían puesto el sillón*” (Telecinco, “Las Noches con Fuentes”).


Hai quen vai cos da feira e volve cos do mercado; “**una comisión que no desclasifican los documentos necesarios*”. O centro de atención pasa da “comisión” inicialmente ós “documentos”, o que parece facer que a concordancia se estableza entre “desclasifican” (verbo) e “documentos” (obxecto directo). O que está claro é que o que fala ten prevalentemente presente que os da comisión son moitos e concéde-lles importancia.

O mesmo ocorre con “**la gente se gasta mucho dinero y se preguntan*” o “**el gabinete deliberó y decidieron*”.

Tendo identificados semellantes dislates e conscientes da nefasta influencia, principalmente sobre os aprendices, da proliferación de ditas incorreccións, propúxellen a unha colaboradora de mérito, Alicia Fernández Méndez, filóloga e mestra de linguas, a publicación dun artigo que dese luz e claridade á construción de oracións gramaticais fundamentando o bo falar.

Propuxémonos concretar o máis posible decidindo elaborar unha unidade didáctica con distintas sesións nas que todo estaría perfectamente especificado e adaptado a nenos de último curso de “Educación Primaria”.

O desenvolvemento resultou demasiado amplo para un artigo nas revistas especializadas en psicopedagogía, que se limitan a traballos dunhas 25 páxinas, polo que aceptamos a suxestión da Editorial Tórculo, que nos ofertou a



posibilidade de publicar un pequeno libro con dita unidade didáctica: *Aplicación de la Intervención Mediada Indirecta a la Corrección de Errores Gramaticales* (Vidal e Fernández, 2004).

Desenvolvéndonos no marco contextual dialéctico vygotskiano, aplicamos a interacción mediada indirecta como instrumento didáctico interpsicolóxico que permite operar na zona de desenvolvemento próximo do aprendiz, conseguindo aprendizaxe significativa que capacite ó alumno para enfrentarse por si mesmo á construcción de significados; este sería o froito da adquisición de capacidade operatoria intrapsicolólica, resultado da interiorización das estratexias inxeridas polo experto na interacción dialéctica.

Este aparente galimatías para o profano tradúcese na aplicación da pregunta dialéctica e outras técnicas de intervención mediada indirecta nun diálogo profesor - alumno no que non se comunica nada establecido, senón que se axuda ó neno a pensar e resolve-los problemas que se lle presentan sucesivamente, analizando, comparando, establecendo diferencias, formando categorías e aplicando normas diferenciais.

Ó comentado poderíamos engadi-las socorridas locuções “super-” e “no tengo palabras”; o prefixo utilizado como comodín para encerra-la más absoluta parquedad expresiva para comunicala satisfacción e a segunda como manifestación de incapacidade verbal para expresa-los sentimentos que producen as vivencias; ámbolos dous exemplos evidencian a pobreza expresiva que a ninguén pasa desapercibida; quizais nun próximo artigo!

Outro claro exemplo de falta de dominio da lingua evidénciase no recurso continuo á expresión “*es muy fuerte*”, acompañada de xestos que buscan efecto de complicidade por simpatía no interlocutor; expresión utilizada como indicativo de acontecemento transcendente para a emocionalidade, pero que, se ben satisfai a función fática da linguaxe, non especifica descritivamente, ficando como algo totalmente zafo.

“*Impresionante*”, así segmentado na súa pronuncia, tamén recalca o efecto que un evento produce, pero acostuma ficar niso, carente de descripción (...)

“*Para nada*” é tamén un retrouso recorrente para descarta-lo que suxire, pregunta ou afirma o interlocutor; non deixa de ser do máis parco dende o punto de vista expresivo, con tintes de ambigüidade por falta de conciencia.

A falta de comprensión lingüística, por outra banda, pode chegar a casos de grave transcendencia; como exemplo ocórreseme o caso dos Chacón, descubridores dos “pribios”, hoxe chamados polos americanos “prións”, enzimas viventes causantes da encefalopatía esponxiforme. A confusión de “inocuo” (que non produce efectos secundarios) con “inactivo” (que non sorte efecto) deu lugar, probablemente, a que se fundamentase nun suposto de timo a operación que levou ó rexistro e incautación do producto “Bio-bac” no chalé dos Chacón ás aforas de Madrid.

BIBLIOGRAFÍA

- CAMPOY, J. A. (2003): “*La verdad sobre el Bio-bac*”. En *Discovery D Salud*. N° 46, 01, 2003, Pags. 44-46.
- MORIANO, F. (2003): “*Bio-bac: historia de un descubrimiento*”. En *Discovery D Salud*, nº 46, 01, pags. 26-32.
- VIDAL, L.M. y FERNÁNDEZ MÉNDEZ, A.M. (2004): *Aplicación de la Intervención Mediada Indirecta a la Corrección de Errores Gramaticales*. Santiago de Compostela: Ed. Tórculo.



Poesía

A mi padre - mi amigo

Alejandro Bralo

Déjame llorar mi llanto en soledad
y que sólo sea mío,
déjame llorar mi llanto.

Deja desangrar mi pena, del dolor,
que me desgarra el alma.

Cómo podré recordarte,
si aún no comienzas a irte,
y ya hace una vida que me faltas.

No quiero acordarte, me niego, quiero vivirte
sólo pensar en tu marcha me espanta,
me hiere, me duele, me aturde el alma.

Déjame llorar mi llanto en soledad
y renacerte de nuevo en mi palabra.

Y mantenerte vivo, mientras viva
y gozarte, agradecerte, acompañarte,
hora a hora, día a día, charla a charla.

Y reír contigo, cuando algo te hizo gracia
y ser tus ojos, tu vida, tus recuerdos y
esperanzas.

Déjame llorar mi llanto en soledad
y, por favor, no te vayas,
por lo menos, del todo, no te vayas.

Deja conmigo, tu recuerdo, tu amor, tu bondad.
tu silencio amargo y tu palabra,
tus ilusiones perdidas, ya olvidadas.

Yo las guardaré por ti,
y sólo cuando yo me vaya,
Entonces y sólo entonces
devolveré todo lo que te guardaba.

Y lo daré a mi sangre, también tu sangre,
para que ambos nos guarde el alma.

Déjame llorar mi llanto en soledad,
déjame guardarte, un inmenso trozo de tu vida
en un pequeño retal de mi alma.

Noia en branco e negro




Roque Gallardo



A xente acodía á capela de San Lázaro polos pasais ou polo Monte do Bolo para oír a misa e coller o ramiño de mirto mollado en auga bendita, cando aínda a auga formaba parte do entorno e as rosquilleiras facían o agosto. Despois viría a especulación, e unha zona saneada destinada a se converter en cidade-xardín ficaría sendo un “ensanche” feo, sen ningunha grazá e moi pouco sol.


A principios do século XX aínda están á vista os restos da fortaleza do Tapal, noutrora orgullosa e potente, que presenciou a execución do pertigueiro Rui Soga de Lobeira e a fachada dos insaciábeis Churruchaos, o arcebispo Fonseca metido nunha gaiola e a furia dos irmandiños. Agora, entre as ruínas tristes, a brancura dunha casa mariñeira quere darlle un sopro de vitalidade. Pero tamén isto sería derribado. Como case todo.



Dende o Son e Ribeira éntrase na Vila pola Ponte Grande cun pretil ornado de redes a secar. A caseta do “fielato” controla a entrada de mercadorías coa cobranza dunha peaxe moito antes de que os automóbiles inventasen as autoestradas. Daquela aínda brillaba ao sol a solaina de pedra da Casa de Malvido e a fasquía altiva da igrexa de San Martiño do Sobreiral marcaba o “sky line” de Noia sobre os tellados accoledores e auténticos.

Os nosos libros

Pedro García Vidal



XERARDO AGRAFOXO PÉREZ


Unha viaxe no Ford T

Editorial Galaxia / 21x14 cm. / 217 páxinas.

Con esta "viaxe no Ford T", a segunda incursión de Xerardo Agrafoxo no mundo da creación literaria, entra o autor noiés na Historia dos Premios da Literatura Galega, pois esta obra acaba de ser distinguida co "García Barros", dotado con 9.000 euros e publicación da mesma por unha editorial de prestixio como Galaxia.

A historia que nos relata Xerardo fálanos dun reporteiro que recibe unha misteriosa mensaxe enviada por unha ex-amante dende a residencia de Ernest Hemingway en Florida. Esta misiva obrígao a lembrar unha visita que el realizara á casa do mesmo escritor en Finca Vigía (Cuba). No medio desta historia xorde a figura do escritor norteamericano e as súas viaxes a Galicia nos anos vinte, onde seguramente viviu algunha peripécia descoñecida que o reporteiro tratará de indagar a partir da postal que recibiu da ex-amante.

A obra, que en principio ía levar por título *O marcapáxinas de Hemingway*, constitúe unha verdadeira homenaxe ao autor de *Por quién doblan las campanas*, que vixara realmente por estas terras na década dos vinte. A historia, que engancha ao lector desde as primeiras liñas, está percorrida pola viaxe, e por unha trama –como sinalara o xurado na súa valoración– vivaz e vehiculada por unha prosa rica e limpia. Todo un pracer a lectura deste agasallo de 217 páxinas de Xerardo Agrafoxo. Noraboa.



JOSÉ LUÍS HERMO INSUA

Historia de la vela en Noia

Edición propia / 23,5x16,5 cm. / 133 páxinas.

Nunha coidada edición, e con excelente apartado gráfico, esta *Historia de la vela en Noia* do noiés José Luis Hermo, capitán da Mariña Mercante, constitúe unha feliz incursión nunha Noiainxustamente esquecida, unha Noia de pailebotes, bergantíns, goletas, balandros ou pataches, a sucar desde un mar temporal e agochado o mundo todo. Un especial agarimo transmítese en cada páxina cara aquel mundo de salitre e fletes; de temporais e calma chicha; de xeografías de cabos, illas ou baixíos; de patróns míticos; de velas, barcos e vento. O libro, sinala o autor, "é unha homenaxe a aquela xente", pero persoalmente penso que constitúe mesmamente unha homenaxe á Noia mariñeira, un alicerce básico no que se sustentou e sustenta ainda a Noia toda.

O libro divídese en tres partes: unha primeira, dedicada ás definicións, salpícanos os ouvidos de salseiros cargados de salgados sons: cadernas, quilla, eslora, codaste, roda, bauprés... A segunda parte do libro refirese ás navegacións que realizaban os barcos, e imaxes de velas con nome desfilan ante nós: O Olga, O Arroutado, O Carmen, O Lea, O Maniños..., así como aos diferentes armadores e patróns dos mesmos: Os Bacia, Os Pérez, "O Fuchica", "O Cajulo", "Jorravella", "O Andrucho"... A terceira parte, por último, refire a vida de abordo así como os medios de seguridade existentes na época.

Grazas a José Luis Hermo por regalarnos esta emocionada singradora polas páxinas da memoria da vela en Noia.